

The page features a decorative graphic on the right side consisting of three overlapping circles in shades of blue, arranged vertically. Two thin, light blue lines intersect at the top right and extend diagonally across the page, one passing through the top of the largest circle and the other through the top of the middle circle.

# **MEMORIA ESCOLAR CURSO 2022/23**

**CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA  
SANTA COMBA**

O Equipo Directivo estivo formado por:

**Directora:** María Dolores Nieto Caamaño

Horario de dedicación a cargo: 12 horas

**Xefa de Estudios:** María Dolores Pérez Cancela

Horario de dedicación ao cargo: 11 horas

**Secretario:** César Ramos Domínguez

Horario de dedicación a cargo: 9 horas

O Consello Escolar estivo formado por:

**Presidenta:** María Dolores Nieto Caamaño

**Secretario:** César Ramos Domínguez

**Xefa de Estudios:** María Dolores Pérez Cancela

**Representantes do profesorado:**

Carmen Espasandín Vilariño

María del Carmen García Espasandín

Sandra Fraga Leis

María José Lois Ortiz

Isabel Barrientos Romero

**Representantes das nais/pais de alumnas/os**

Luciana Triáns Borges (Anpa )

Xoán Ramón Alvite Alvite

Susana Pazos Rieiro

Sonia Solís Calo

Soraya Otero Fariña

**Representante do persoal da Administración e Servizos**

Esther García Torreira

**Representante do Concello**

María Esther Espasandín Turnes

**OBXECTIVOS:**

- Edificios e instalacións. Mellora e reformas solicitadas.

1. infraestruturas e equipamentos de competencia autonómica.

- Non se acadou o obxectivo xeral integrado na PXA de conseguir unha renovación integral do centro, ningunha das marcadas na PXA e só se conseguiron pequenas melloras en tanto a revisión de cubertas, atasque nos desaugues e a colocación dun miniparque infantil, pendente por colocar o chan de cortiza.

2. Infraestruturas e equipamentos de competencia municipal.

Non se acadaron a meirande das medidas marcadas na PXA .

Instalouse unha pista multideporte, pendente de revisión e subsanamento dalgunhas deficiencias da mesma.

Fixeron pequenas obras como por exemplo o reacondicionamento de parte do mesado da aula de inglés de arriba para poder instalar o encerado dixital na mesma.

- Material enviado pola Consellería.

- Obxectivos non acadados:

Enviou ao centro algún material solicitado a infraestruturas e Equipamentos.

- Organización.

- Obxectivos acadados:

- Elaborouse e precisouse o calendario de reunións e actividades dos distintos órganos e equipos do centro.

- Planificouse o horario de libre disposición do profesorado para favorecer os apoios e a posta en marcha de actividades para todas e todos.

- Coordináronse as distintas actividades propostas de todos os equipos do centro así coma ás vinculadas a cada un dos programas nos que se participou neste curso escolar.

- Obxectivos non acadados:

- Simulacro de evacuación do centro recollido no Plan de Autoprotección. Non se realizou por estar en obras a zona establecida como punto de encontro.

## **MEDIDAS QUE SE DESENVOLVERON**

- Facilitouse a posibilidade do traballo en equipo.

- Mantívose informada á comunidade educativa das posibilidades e atrancos que xurdiron ( abalar como medio xeral de difusión, así como reunións, conversas telefónicas, titorías, entrevistas...

- Fomentouse a calidade educativa coa participación en múltiples programas ofertados pola Consellería ( PLAMBE, POLOS CREATIVOS( creouse no centro o espazo para o mesmo incorporando a radio escolar ao mesmo), PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO, EDIXGAL, PLURILINGÜISMO, SECCIÓNS BILINGÜES, DIGITALWEEK, SPRINGWEEK, CPRECUPERA ( PROA+), CPINCLÚE, CPINNOVA, CINEMA NA AULA E PLAN PROXECTA.

- Contouse cos recursos precisos para o desenvolvemento dos mesmos: os humanos,pparticipando cada membro na toma de decisións que competeron a cada órgano, equipo..

## **CONCRECIÓN ANUAL DO PEC**

Establecéronse os mínimos de concreción curricular para a avaliación positiva nas áreas, seguindo como guía as competencias en cada curso.

## **CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA**

Mantívose o establecido na PXA e incorporouse a mestra Ana M<sup>a</sup> González López e Aida Calviño Lorenzo para levar a cabo o programa CPRecupera ( Proa+ ) . Bienvenido Suárez Suárez estivo como mentor ADIX e incorporouse a mestra de PT Yolanda Guerrero Mariño.

## **PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIA.DOS**

Celebráronse todas as reunións necesarias maiormente de xeito presencial e en algún caso rqueriuse votación de xeito telemático usando o correo electrónico corporativo.

## PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Tentamos colaborar na medida do posible nas demandas e necesidades que nos facían chegar, aínda que ás veces houbo dificultades, emocionais especialmente, que non permitían dar solucións eficaces e a cada unha das persoas que nolas trasladou.

### Propostas de mellora

- Ser capaces de responder máis efectivamente como equipo e/ou como cargos individualmente.
- Buscar a maior participación de cada un dos membros do equipo directivo nas diferentes reunións de todos os órganos de goberno, equipos...
- Velar aínda máis polo cumprimento das nosas obrigas sempre e en beneficio do bo desenvolvemento do curso escolar.

## XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

Este curso 2022/2023 tivemos o horario ordinario do noso centro. En setembro e xuño tivemos xornada continuada de 9:00 a 14.00. Sendo o comedor de 14:00 a 15:30.

De outubro a maio tivemos xornada partida de 9.30 a 13.15 , logo comedor, e de 15.05 a 16.15, agás os luns de 15.20 a 16.30.

Todo o profesorado do centro fixo garda de entrada 10 minutos antes do inicio da actividade lctiva e tamén na saída, agás en setembro e xuño onde a garda de saída foi feita polo encargado de comedor e adirectora do centro coa axuda do persoal colaborador do comedor escolar.

No mes de maio tivemos as votacións para implantar horario de xornada mixta para o curso 2023-2024 non acadando os votos necesarios.

## PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DO CENTRO

- Programas de éxito educativo:

- PLAMBE
- Polos Creativos
- Proxecto de fomento e do uso do galego
- Contratos-programa:
  - CPINCLÚE: Queda-T, Iguála-T, Convive-T, Inclúe-T, Emociona-T.
  - CPRECUPERA: PROA +.
  - CPINNOVA: Edu Innova, Edu Saúde, Edu Calidade, Edu Excelencia e Edu Sostibilidade.
- Plan proxecta +:
  - Proxecto de Vida Activa e Deportiva
  - Aprendo Programando
- Plurilingüismo: Plástica en 1º e 2º e 3º e 4º de EP
- Seccións Bilingües: Ciencias Naturais en 6º de EP

- Proxecto EDIXGAL.
- Digital Week
- Spring Week
- Cinema na aula
- PFPP:
  - Liña 1: EDIXGAL
  - Liña 2: Robótica
  - Liña3: Plan Dixital do Centro.
  - Liña 4: PLAMBE

## MEMORIA DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

### ORGANIZACIÓN DAS AULAS E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS

A etapa de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza consta no curso académico 2022/2023 de 6 aulas:

O grupo de **4º de Educación Infantil** estivo formado por 32 alumnos/as divididos en 2 unidades.

Ao tratarse de alumnado que se incorporou en setembro por primeira vez ao centro, é necesario levar a cabo un período de adaptación tal e como se indica na lexislación vixente, o Decreto 105/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo da Educación infantil e a Orde do 25 de xuño do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de adaptación é un conxunto de fases sucesivas polas que o neno/a chega a acomodarse a un medio novo, o medio escolar, que non é coñecido nin habitual. Trátase dun intervalo de tempo necesario para poder asimilar cambios e integrarse na vida escolar, un proceso complexo polas persoas implicadas no seu desenvolvemento e posta en práctica que contribúen á conquista persoal e acaba repercutindo no desenvolvemento xeral infantil; de aí que o alumnado acuda ao centro en diferentes quendas comezando por permanecer no centro pequenos intervalos de tempo, os cales se van incrementando co paso dos días ata que a estadía do alumnado se alonga durante toda a xornada escolar. Cómpre salientar que neste período de adaptación é fundamental a relación familia-escola, dado que a familia é o primeiro contexto de socialización do neno/a e promovendo unha labor educativa cooperativa co profesorado favoreceremos á transición e adaptación do alumnado á nova situación de

ensinanza-aprendizaxe.

Por unha banda 4ªA con 16 nenos/as:

- Un neno incorporase unha vez rematado o período de adaptación.

Por outra banda, 4ªB con 16 nenas e nenos:

nesta aula un alumno incorporouse nas últimas semanas do primeiro trimestre e unha das alumnas incorporouse no 3º trimestre.

- Un alumno cun retraso madurativo, que non ten linguaxe oral adquirido e recibe atención por parte da especialista en AL 3 sesións semanais de 25 minutos e apoio da especialista PT. Foi necesario tamén a atención das coidadoras do centro xa que no momento da súa incorporación ao centro, non tiña control de esfínteres.
- Un alumno está sendo valorado polo departamento de orientación por dificultades na produción oral debido ao entorno familiar, xa que a nai é xorda.
- Dous alumnos incorporáronse durante o curso, un nas últimas semanas do primeiro trimestre, e outra alumna no terceiro trimestre.

**En 5º de infantil** contamos con 33 alumnos/as divididos en dúas aulas.

Por un lado 5ªA con 18 nenas e nenos, dentro dos cales temos:

- Un alumno que recibe atención da especialista en AL, unha sesión semanal de 20 minutos.

Por outra banda **5ªB** conta con 15 alumnos/as e en canto á diversidade da aula cómpre mencionar:

- 2 alumnos atendidos pola mestra de AL nunha sesión semanal de 20 minutos.

**En 6º de infantil**, hai 40 alumnos/as que se organizan en dúas unidades:

**6ªA** con 20 alumnos/as dentro da cal contamos con:

- 2 alumnas que reciben apoio da especialista en AL nunha sesión semanal de 20 minutos.
- 1 alumna con dificultades na Linguaxe que recibe atención de A.L. 2 sesións de 25 minutos.

Pola súa parte, **6ªB** con 20 alumnos/as:

- 3 alumnos que reciben A.L. e na clase dous reciben apoio nalgún momento de P.T e do mestre de apoio.
- Empezou un neno novo procedente de Cuba a mediados de abril e comezou a súa

escolarización, no seu país de orixe no mes de decembro.

- Un alumno deuse de baixa no centro no primeiro trimestre.

O profesorado que impartiu docencia ao longo do curso académico 2022/2023 ademais das titoras, foron a mestra de Relixión, profesorado de Lingua Estranxeira, Inglés, Educación Física e dous mestres de Apoio que entre as súas funcións, impartiron o PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL(PELO), mestres de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Música.

### **DISTRIBUCIÓN ESPACIAL E TEMPORAL**

O ambiente de aprendizaxe terá unha adecuada distribución espacial e temporal e dispoñerá de diversos e variados recursos.

En relación á distribución espacial, temos que tratar que o neno/a se sitúe dentro del e o sinta seu para así poder establecer relacións cos obxectos e persoas que se atopan no seu mesmo espazo. Todas as dependencias deben ser accesibles e ten moita importancia que os nenos/as teñan espazos propios, como por exemplo as súas perchas personalizadas ou un lugar para gardar as actividades realizadas e outros de uso común para avanzar na súa socialización, como poden ser as mesas de traballo en grupo ou os recantos.

As aulas están divididas en recantos diferenciados nos que o neno/a xogue e leve a cabo as tarefas de xeito autónomo. Na aula establécense diferentes recantos, como a biblioteca, o xogo simbólico, a lóxico-matemática, as construcións, arte...e zonas como as das mesas, da asemblea e do proxecto, axustándose cada un deles/as ás necesidades de cada grupo, ás diversas situacións que vaian xurdindo ao longo do curso, aos proxectos de investigación e aos recursos específicos cos que contemos, de modo que poderán sufrir modificacións, ser suprimidos ou crearse novos recantos ao longo de todo o curso académico.

Pero ademais do espazo, existe outro factor importante, como é a distribución temporal que en ningún caso debemos deixar á improvisación. Polo tanto, o tempo debe estar planificado, baixo presupostos de flexibilidade, pois en educación infantil non existen os horarios e o proceso de ensinanza-aprendizaxe desenvólvese baixo un enfoque globalizador, respectando en cada momento o ritmo individual do alumnado e que dea lugar a aprendizaxes significativos. Deste xeito, a xornada escolar caracterízase por unha distribución das actividades nas que se combinen períodos de actividade con períodos de repouso.

Se temos que destacar, a nivel temporal, algún elemento importante na etapa de educación infantil, serían as **rutinas**, entendidas estas como as actividades que se producen cada día de forma regular e periódica. Estas son o referente básico para que os nenos/as adquiren uns hábitos de comportamento e ademais nocións espazo-temporais

fundamentais para o desenvolvemento cognitivo. As rutinas son tan importantes como dispares, polo que cada docente estableceu as súas en función do contexto onde vai a desenvolver a práctica educativa. As máis reincidentes en cada aula son, unha asemblea diaria, que consiste un faladoiro grupal e inicial cos nenos/as para lembrar o feito en días anteriores e anticipar as actividades a desenvolver nas próximas xornadas, saudar á entrada e saída do centro, elaborar o calendario diario, ver os nenos/as que faltaron á escola, escoller encargado/a, lavar as mans antes das merendas e comidas e despois das actividades que o precisen ou recoller o material usado, saídas ao patio ou a calquera outro lugar programado de forma ordenada ..., entre outras.

Establecida xa a distribución espazo-temporal que determinará a nosa intervención educativa, veremos outro elemento destacado que son os recursos.

### **ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS**

Os recursos son un elemento clave na metodoloxía e práctica educativa, xa que da súa selección e bo uso depende en grande medida a consecución dos obxectivos establecidos na programación didáctica.

Entendemos por recurso todo o que rodea o alumno e pode ser empregado dentro ou fóra das escola, todo é educativo se axuda ou serve para o desenvolvemento e aprendizaxe do noso alumnado.

Na selección dos recursos é necesario ter en conta a gran diversidade de intereses e capacidades que existen na aula, de tal forma, que pódense utilizar materiais diferentes en función das motivacións, intereses ou capacidades do alumnado. É importante organizar os recursos materiais de forma que se favoreza a súa utilización por parte do alumno dunha maneira o máis autónoma posible.

Para o desenvolvemento das actividades dispoñemos de 3 tipos de recursos.

- Recursos humanos.
- Recursos materiais.
- Recursos ambientais.

Dentro dos recursos humanos, inclúense a todos os membros da Comunidade Educativa (alumnos/as, familias, mestres/as titores e especialistas: relixión, e inglés,...), así como todas as persoas, organismos e asociacións que poden colaborar no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.

En canto aos recursos materiais, estes teñen que adaptarse ás necesidades e características do alumnado, deben resultarles interesantes e reunir as condicións de seguridade e calidade necesarias para o seu uso ofrecéndolles múltiples posibilidades de exploración, descubrimento e construción. Pódense clasificar en material funxible, non funxible e de reciclaxe ou refugallo e teñen que estar situados en lugares de fácil acceso e alí



onde van a ser usados de forma inmediata. Ademais dos materiais propios que poidamos precisas para os proxectos ou diferentes actividades, a nivel xeral en cada aula dispoñemos de cadeiras e mesas homologadas, mobles móbiles, encerado branco, armarios, estanterías, colgadores e utensilios de hixiene persoal. Tamén contamos con diverso material didáctico de xogo, psicomotricidade, linguaxe, lectoescritura, educación sensorial, lóxica-matemática, de observación e experimentación, de educación artística e audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación (ordenador, PDI...).

En canto aos recursos ambientais, temos en consideración todos aqueles que se atopan na contorna próxima e, inclusive, dentro do propio centro.

### **COORDINACIÓN ENTRE ÓRGANOS E PERSOAS RESPONSABLES DA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS**

O profesorado responsable de impartir docencia na etapa da Educación Infantil mantivo diferentes reunións ao longo do curso, presenciais, coa finalidade de levar a cabo unha coordinación no que respecta tanto ao desenvolvemento da programación didáctica coma na programación das diferentes actividades planificadas dende o inicio de curso coma outras que foron xurdindo no transcurso dos tres trimestres. Polo tanto, executáronse as actividades propostas dende os diferentes cursos, coordinadores e equipos de dinamización do centro.

En liñas xerais, a coordinación e o desenvolvemento das actividades resultou coherente, boa e satisfactoria traballando en todo momento baixo un ambiente de cooperación, axuda e respecto.

### **RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA**

O proceso educativo enriquecese e reforzase establecendo unha relación cordial e coordinada entre a familia e a escola. A labor educativa debe ser compartida e basearse na cooperación e participación permanente, aspectos que en liñas xerais se cumpriron ao longo deste curso académico. Cabe salientar que foi solicitada a colaboración das familias coa aportación de materiais para a realización de diferentes actividades e a súa resposta foi verdadeiramente positiva.

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO**

No relativo á avaliación do alumnado, cómpre reflectir que co inicio do curso lévase a cabo a avaliación inicial e a medida que se van desenvolvendo os diferentes proxectos, unidades didácticas, secuencias de aprendizaxes... co gallo de analizar e valorar o proceso

de ensinanza-aprendizaxe desenvolto nas aulas e adaptar de xeito progresivo a intervención educativa ás necesidades e características que presenta o alumnado temos en conta os seguintes aspectos: a organización da aula, o clima escolar e a interacción entre o alumnado así como a relación entre profesorado e alumnado; a coordinación entre os profesionais do mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos; a regularidade e a calidade da relación coas familias e a súa participación no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as; a adecuación da proposta pedagóxica e a planificación docente; a adecuación á proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas e a evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Deste modo levamos a cabo unha avaliación global, continua, formativa e sistemática que permite adaptar a programación ás necesidades do grupo e de cada neno/a en particular tomando como base sempre a Orde do 25 de xuño de 2009, xa citada.

Seguindo a esta orde, as principais técnicas e fontes de avaliación empregadas son a observación, tanto directa como indirecta, as entrevistas coas familias e a análise das producións. Asemade, outros procedementos que se utilizan na vida diaria do centro son os rexistros anecdóticos onde se recollen aspectos salientables.

Ó finalizar cada trimestre as mestras titoras envían ás familias un informe trimestral cuberto na aplicación informática do XADE, e ao final de curso cubrirose o informe anual de avaliación individualizado, tendo en conta os criterios de avaliación establecidos para tal efecto, e no caso de 6ª de Educación Infantil tamén se elaborará o informe individualizado de final de ciclo.

## **ADECUACIÓN, DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DAS PROGRAMACIÓNS**

As programacións didácticas constan dos seguintes elementos:

- Obxectivos
- Contidos
- Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Educación en valores.
- Metodoloxía (ambiente de aprendizaxe, perspectiva didáctica, papel do profesorado, papel do alumnado, agrupamentos e apertura ao contorno).
- Plans e proxectos.
- Atención á diversidade e Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Relación familia-escola.
- Avaliación.
- Proxectos de aula.

As programacións didácticas planificadas caracterízanse por ser flexibles e abertas, de modo

que son revisadas de xeito continuo ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe coa finalidade de adaptalas aos intereses, necesidades e demandas do alumnado reforzando as aprendizaxes adquiridas e modificando aquelas coas que nos se obteñen os resultados esperados.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO CURSO 2022/23**

### **1º TRIMESTRE:**

- Celebración do Samaín cunha queima de medos simbólica e aula sensorial terrorífica.
- Magosto: Con diferentes recursos na web do colexio e unha gran castañada.
- Nadal coa visita de Papá Noel.

### **2º TRIMESTRE**

- Celebración do Entroido: A Meca nos deixou un mandadiño para cada día da semana, luns: pano na cabeza ou peiteado orixinal, martes: mandil, mércores: botas de goma, xoves: camisa de cadros, flores, raias, debuxos.. Por último, fíxose un desfile de disfraces en colaboración con todo o centro e os centros da contorna, polas rúas de Santa Comba. A temática elixida no noso centro foi o Entroido no Mundo, o alumnado de educación infantil recreou o entroido en Colombia.
- Mundobichos, taller toca toca, no que o alumnado tivo a oportunidade de observar e tocar diferentes insectos e outros invertebrados.
- Día da paz: cada grupo elaborou unha nube decorada con pingüiñas e desexos de paz, creando no noso corredor unha “chuvia da Paz”, desexando unha vida de Paz e Non Violencia.
- Realizouse un ano máis unha actividade de ioga no centro.
- No día de Rosalía de Castro: O alumnado de Educación infantil recitou conxuntamente o poema “Has de cantar” no que ademais, coñecemos da man de Rosalía, as antigas comidas tradicionais de Galicia (Boliños do pote, zonchos, papas con leite...) enmarcándoo dentro do proxecto levado a cabo dos alimentos. Gravamos e demos voz ao recitado do poema nun vídeo final, no que o alumnado o 2º ciclo colaborou ilustrando o mesmo.
- Visita a Fábrica de gasosas Pitusa.
- O día Internacional da Muller: Visitounos Leonor Varela Calvelo en representación das mulleres traballadoras xalleiras, aprendemos sobre a vida, coidado e reprodución das abellas e a importancia do coidado destes e outros insectos para a polinización e o mantemento da vida no noso planeta.

- Semana do Leite. Visitamos por niveis unha explotación gandeira da contorna e vivimos de primeira man o oficio dos gandeiros e gandeiras.

### **3º TRIMESTRE:**

- Día das Letras Galegas con material da web do centro.
- Saída ao acuario “Finisterrae” en A Coruña.
- Espectáculo de maxia.
- Visita a un formigueiro da zona e posterior merenda no parque, aproveitamos para facer limpeza da contorna, do lixo que atopamos nas rúas.

### **OUTROS ASPECTOS E/OU METODOLÓXICOS A CONSIDERAR:**

As estratexias didácticas empregadas baseáronse en principios metodolóxicos como a acción, a participación, a manipulación, a colaboración, o traballo en distintos tipos de agrupamentos, a autonomía, a comunicación como eixe da acción, a resolución de conflitos e a sistematización da información de cara a coñecer mellor todo o proceso de ensino aprendizaxe.

As estratexias que resultaron máis motivadoras para o alumnado foron o traballo por proxectos, a distribución por recantos e zonas das aulas (fomentando a colaboración e a planificación das tarefas dun xeito autónomo por parte do alumnado), a realización de experimentos e as actividades complementarias citadas anteriormente.

### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Levar a cabo actividades e saídas que esperten a motivación do alumnado e lles permitan descubrir novas aprendizaxes e afondar nos que xa teñen.
- Seguir coa coordinación entre o ciclo para diferentes tarefas, pero tamén co primeiro ciclo de Primaria, para na medida do posible coordinar metodoloxías.

### **MEMORIA DE 1ºe 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Ao longo do curso os integrantes do primeiro ciclo mantivemos unha forte coordinación por medio da comunicación constante e transferencia de recursos, metodoloxías, proxectos e experiencias. Realizáronse reunións cunha periodicidade aproximada mensual, de forma telemática, aínda que realizando pequenas reunións presenciais aproveitando os momentos dispoñibles de cada un para realizar os procesos de coordinación, e outras a maiores fóra das ordinarias para tratar temas específicos que requirían atención.

A continuación desglosarase a memoria en base aos distintos niveis de EP.

Como punto común entre os distintos niveis, resta dicir que a participación nas actividades complementarias e extraescolares foi conxunta, participando en todas as propostas realizadas polos

equipos do centro (TIC, EDLG, Biblioteca...), e propoñendo dentro do ciclo algunhas das seguintes actividades a maiores:

- Realización dunha saída didáctica ao cine de Cee en Decembro.
- Realización da excursión á Casa dos Peixes, en Coruña en Abril.
- Realización dunha saída ao Galipark, en Xuño.

Ademais, participáronse en outras actividades propostas desde distintos equipos, como:

- Planetario móbil.
- Charla sobre reciclaxe.
- Insectario.
- Espectáculo de maxia e matemáticas.
- loga e relaxación: baño de son.
- Teatro da obra Pinocchio.

## MEMORIA 1º Nivel de EP

### 1. As características do 1º Nivel

Durante o curso 2022/2023 estiveron matriculados no 1º Nivel un total de 47 alumnos distribuídos en dúas titorías :

Nivel	Titor/a	Nº de alumnos/as
1ºA	Fernando González Bao	24
1ºB	Ariadna M. González Lois	23

Ademais das titoras/es no primeiro nivel impartiu clase o seguinte profesorado:

Lingua Estranxeira: María Teresa Bendaña López.

Relixión: M<sup>a</sup> Isabel Prados García

E. Artística: María Teresa Bendaña López.

Educación Física: Pablo Tojo Mourelo.

Música: Olaia Novo Pérez

Audición e Linguaxe: Belén Fernández Vázquez e Borja Boado López.

Pedagogía Terapéutica:, M<sup>a</sup> de la Paz Pérez Gorgal, María Dolores Cancela Bouzas.

### 2. O alumnado

#### En canto ao alumnado, no grupo de 1ºA atopamos:

De forma algo xeral, certas carencias nos procesos de escritura e desenvolvemento da lóxica-matemática para a resolución de problemas, así como niveis de competencia especialmente diversos: un grupo de alumnos/as (9) amosa un nivel de desempeño moi superior ao resto, que posúe un nivel de desempeño menor do esperado e esperable para o curso de 1º de EP. Existen numerosas dislalias e problemas de pronunciación que fan transferencia á linguaxe escrita.

De forma máis específica contamos con:

- Un alumno non valorado polo DO, pero con recomendación de facelo o ano que vén con problemas de comprensión escrita e oral, así como un desenvolvemento limitado na lóxica-matemática.
- Unha alumna con dislalias e problemas de pronunciación, ritmo de traballo lento e cun proceso lecto-escritor aínda non asentado, así como dificultades na área de matemáticas. Promociona con varias materias suspensas e recibiu apoio por parte do profesor titor e profesor con dispoñibilidade.
- Un alumno en proceso de valoración por parte do DO con severas dificultades nas áreas vehiculares, que amosa tamén inmadurez en relación á súa idade cronolóxica. Promociona de forma obrigada con varias áreas suspensas. Recibiu apoio do profesorado titor e profesorado de dispoñibilidade horaria.
- Un alumno con especiais dificultades nas áreas lingüísticas e cun pobre desenvolvemento da grafomotricidade. Promociona cun área suspensa, contando con reforzo por parte do profesorado titor.
- Unha alumna valorada polo DO, atopándose no percentil límite no ámbito da atención. Amosa dificultades unicamente na área de matemáticas e gran evolución. Recibiu reforzo educativo por parte do titor.
- Un alumno con diagnóstico TEL con grandes dificultades en todas as áreas vehiculares, que contou co apoio do profesor titor, de dispoñibilidade horaria, PT e AL. Presenta grandes problemas de comprensión e expresión, tanto oral coma escrita. Promociona de forma obrigatoria con varias áreas suspensas.
- Unha alumna valorada desde o DO, con grandes dificultades en relación á atención e ritmo de traballo. Amosou unha boa evolución en canto a comportamento e desempeño, pero non acadou os obxectivos en dúas áreas instrumentais. Contou con reforzo educativo do profesor titor e de dispoñibilidade horaria.
- Unha alumna valorada desde o DO, pendente da entrega dun informe médico no centro, con grandes dificultades no ámbito cognitivo, de inmadurez e atencionais. Amosou sempre unha actitude especialmente boa no traballo e evolucionou, pero promociona con dúas áreas suspensas e sen ter o proceso escritor asentado. Contou con apoio e reforzo educativo do profesor titor, PT e dispoñibilidade horaria.
- Unha alumna con dificultades atencionais, non valorada por parte do DO, e con dificultades específicas na comprensión, tanto oral coma escrita. Contou con reforzo educativo por parte do profesor titor.

### **No grupo de 1º B atopamos:**

- Unha alumna, aínda non valorada polo DO, con sospeita de Altas Capacidades que ten un bo desenvolvemento diario na aula, con gran motivación por aprender e de cara aos retos pero con certas dificultades a nivel social.
- Un alumno de orixe peruano que ten graves problemas na adquisición e consecución dos obxectivos propostos. Foi valorado polo DO, ao que se lle brindou reforzo educativo, pendente de ser valorado en neuroloxía por amosar dificultades na concentración, memoria, comprensión e expresión. Ten dificultades académicas, pero tamén moitas centradas en aspectos moi básicos coma por exemplo lembrar o nome dos seus compañeiros, dos seus mestres ou mesmo dos seus irmáns.
- Un alumno de incorporación tardía procedente de China, que amosou grandes dificultades ao inicio de adaptación, adquisición de rutinas, hábitos e sen querer comunicarse. Foi avaliado polo DO e estivo con apoio dos mestres de AL, mellorou a súa competencia comunicativa, mais non a súa actitude e os hábitos. Soe estar distraído e non ten vontade por iniciar ningunha tarefa, nin por requerir axuda se a precisa por non entender.
- Un alumno que precisou unha Adaptación Curricular con un Trastorno do Espectro Autista, tamén fixo uso de apoios por parte das mestras de PT e AL. Conseguiu adaptarse á nova etapa, acadou os obxectivos e mellorou na súa competencia social.
- Un alumna que presenta grandes dificultades na lectoescritura e na comprensión dos aspectos matemáticos, así como certos problemas de integración social.
- Tres alumnos cuxo rendemento en clase é moi bo mais por petición das familias, fíxoselle unha intervención da mestra de AL por ter varias dislalias.
- Con outra parte do alumnado foi necesario levar a cabo medidas de Reforzo Educativo por parte da titora e de profesorado con dispoñibilidade horaria, seguindo na medida do posible o mesmo traballo e empregando o Reforzo cando os alumnos atopaban dificultades concretas en determinados aspectos.
- Todos os alumnos se beneficiaron do reforzo da titora e doutros profesores que impartiron apoio dentro da aula en distintos momentos do curso.

### **MEMORIA 2º Nivel de EP**

#### **1. As características do 2º Nivel**

Durante o curso estiveron matriculados no 2º Nivel un total de alumnos distribuídos en dúas titorías :

Nivel	Titor/a	Nº de alumnos/as
2ºA	David Tosar Gandásegui	26
2ºB	María Josefa Maroño Outeiro	26

Ademais das titoras/es no primeiro nivel impartiu clase o seguinte profesorado:

Lingua Estranxeira: M<sup>a</sup> Teresa Bendaña López

Relixión: M<sup>a</sup> Isabel Prados García

E. Artística: M<sup>a</sup> Teresa Bendaña López

Música: Olaia Novo Pérez

Educación Física: Pablo Tojo Mourelo

Audición e Linguaxe: Belén Fernández Vázquez

Pedagogía Terapéutica: M<sup>a</sup> Purificación Santamaría Quiroga

## **2. O alumnado**

### **En canto ao alumnado, no grupo de 2ºA atopamos:**

- Dous alumnos que cursaron de novo este segundo curso. Un deles con dificultades, sobre todo, na lecto-escritura e na expresión tanto oral como escrita. Ten dificultades na identificación da correlación do fonema coa grafía, disgrafía con trazos excesivamente suaves e confusión reiterada de letras e fonemas. En relación coas tarefas, a calidade das mesmas é baixa. Desorganización e carencia de hábitos de traballo e de estudo. Pola contra, non amosa dificultades salientables nas matemáticas máis aló daquelas que podan estar relacionadas coa comprensión escrita. O outro neno, permaneceu en segundo debido a que se incorporou tardiamente ao sistema educativo, sumado a que se matriculou rematando o curso. Finalizado o curso, as valoracións son positivas, xa que conseguiu superar as diferentes áreas, amosando unicamente dificultades na lingua galega, debido ao seu descoñecemento, así como un ritmo de traballo algo lento.

- Un alumno con sendas dificultades, sobre todo, na lecto-escritura que se lle tivo que facer unha adaptación curricular tanto en Lingua Castelá e Literatura, como en Lingua Galega e Literatura. Non ten adquirida a lectura, dificultades na interiorización do alfabeto, na correlación do fonema coa grafía, e confusión reiterada de letras e fonemas. Na lectura das sílabas, aquelas que recoñece, inverte a orde das letras (inversións dinámicas). En relación coas tarefas, ten dificultades para manter a atención sobre a mesma, dificultades para rematala e ritmo de traballo lento. Desorganización e carencia de hábitos de traballo e de estudo. Nas matemáticas, amosou dificultades a medida que aumentaba a complexidade dos contidos e con aqueles contidos que están relacionados coa comprensión escrita. No presente curso foi diagnosticado con dislexia polo Departamento de Orientación, despois de realizar as correspondentes avaliacións. No tocante ao resto das materias, e debido ás dificultades presentadas, precisouse levar a cabo medidas de atención á diversidade como o Reforzo Educativo. Aмосa ademais estereotipias (balanceos do corpo na cadeira). Deberá realizarse un seguimento da súa situación, así como realizar novas ACS para as linguas, así como barallarse a posibilidade da aplicación dunha ACS no resto das materias. Recibiu apoio de PT e AL, así como por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria. Aplicáronse as medidas establecidas no Protocolo de dislexia e dificultades específicas de aprendizaxe.



- Unha alumna que presentou dificultades na lingua por proceder do estranxeiro. Evolución favorable, pero con necesidade de reforzar a lecto-escritura e a adquisición de vocabulario. Non rematou o curso, xa que se trasladou a outro colexio na segunda avaliación.

- Unha alumna que presenta un ritmo de traballo lento, con escasos hábitos de traballo e con escasa atención tanto na clase como nas tarefas. Certas dificultades na lecto-escritura, na comprensión e nas matemáticas. Necesidade de reforzar e supervisar o seu traballo de maneira reiterada. Está pendente de valorarse polo departamento de orientación. Non superou as materias instrumentais (matemáticas, lingua galega e castelá). Non promociona debido ao desfasamento curricular entre os obxetivos mínimos e os acadados pola alumna. Recibiu apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- Unha alumna que presentou un perfil absentista na etapa de EI, e que tivo que iniciarse os primeiros pasos do Protocolo de Absentismo no curso pasado. Tras isto non se volveron repetir as faltas inxustificadas. Amosou dificultades sobre todo na lecto-escritura. Tras correspondente valoración polo departamento de orientación, detectouse unha dislexia. Aínda así, ao longo do curso, conseguiu avances, conseguindo ler e decodificar, conseguindo incluso comprender diferentes textos. Ritmo de traballo lento, necesidade de supervisión individual e reforzo para afrontar as tarefas e manter a atención. Escaso hábitos de traballo e dificultades coa lingua debido á interferencia do portugués, idioma que se fala na súa casa. Aínda que se notaron mellorías, non conseguiu superar as materias instrumentais, así como a área de Ciencias da Natureza. Non promociona debido ao desfasamento curricular entre os obxetivos mínimos e os acadados pola alumna. Recibiu apoio de PT e AL. Aplicáronse as medidas establecidas no Protocolo de dislexia e dificultades específicas de aprendizaxe.

- Un alumno que promociona por imperativo legal, cun diagnóstico de TDA-H e con condutas disruptivas e agresivas. Ditas condutas foron diminuindo coa evolución do curso. No presente curso, na última avaliación, empezou a tomar medicación, recetada por neuropediatría. Aínda que ao principio a nai se negaba a darlla, finalmente accedeu. Grazas a iso, notouse gra melloría no traballo e na atención na aula e no autocontrol das súas condutas e impulsos. A calidade do seu traballo mellorou, aínda así, necesita supervisión e atención individualizada. Leváronse a cabo as medidas contempladas no Protocolo de TDA-H. Escasos hábitos de estudo. Recibiu apoio de PT e AL.

- Unha alumna que presenta un ritmo de traballo lento, con escasos hábitos de traballo e con escasa atención tanto na clase como nas tarefas. Certas dificultades na lecto-escritura, na comprensión e nas matemáticas. Foi necesario ir reforzando e supervisando o seu traballo de maneira reiterada. Recibiu apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

**No grupo de 2º B atopamos:**

- Unha alumna, valorada polo DO, con dificultades específicas do proceso de aprendizaxe e rasgos de dislexia, con dificultades na lecto-escritura, que recibiu apoio durante o curso por parte da

especialista de PT polas súas dificultades na aprendizaxe así como da titora. A moza graves problemas de lectoescritura, comprensión lectora, resolución de problemas e hábitos de estudo e traballo. Dende o núcleo familiar non hai apoio nin feedback coa mestra. Non promociona este curso xa que non acadou os mínimos exigibles de 2º EP.

- Un alumno valorado con dislexia polo DO e dificultades no proceso lecto-escritor e un ritmo de traballo lento, que precisa reforzo en case todas as áreas para alcanzar os obxectivos.

- Un alumno de orixe romaní que presenta dificultades no proceso de comprensión lectora (sobre todo na lingua galega). Presenta un ritmo de traballo lento e reforzo constante para poder seguir o grupo-clase. Tivo que abrirse o protocolo de Absentismo escolar para evitar as faltas de asistencia sen xustificar.

- Un alumno romaní, valorado polo DO, con dificultades de aprendizaxe. Non ten adquirida a lectura, dificultades na interiorización do alfabeto, na correlación do fonema coa grafía, disgrafía con trazos esaxerados e excesivamente suaves e confusión reiterada de letras e fonemas. Na lectura das sílabas, aquelas que reconece, realízalas vocalicamente. En relación coas tarefas, ten dificultades para manter a atención sobre a mesma, dificultades para rematala e ritmo de traballo lento. Desorganización e carencia de hábitos de traballo e de estudo. Ten dificultades para manter unha actitude comprometida coa tarefa cando esta non é do seu interese. É reticente a comezar un traballo que sabe que lle vai supoñer un esforzo. Ás veces é difícil saber cando sabe algo e cando non. Recibiu apoio da especialista de Pedagogía Terapéutica e da titora tódolos trimestres. Neste último trimestre notouse algunha melloría, pero aínda persisten algúns obstáculos, como por exemplo a mala discriminación dalgúns fonemas e gran dificultade na lectura e escritura. Obsérvase unha falta total de motivación á hora de traballar e aprender. Tivo que abrirse o protocolo de Absentismo escolar para evitar as faltas de asistencia sen xustificar.

- Un alumno sen diagnóstico, con dificultades na atención e na escritura, que recibiu reforzo en coordinación coa familia e viu mellorado o seu rendemento.

- Un alumno repetidor que precisou medidas de reforzo educativo debido a dificultades na lecto-escritura e na competencia matemática. Recibiu reforzo constante para potenciar a observación e evitar o despiste. Mellorou a nivel académico e motivacional.

- Unha alumna que o ano pasado se incorporou no mes de maio procedente de Cuba que descoñece a lingua galega e presentaba desfase curricular en relación ao currículo de 2º nivel de EP. Pendente de valorar polo DO. Evolucionou positivamente (tendo en conta a avaliación inicial) promociona coa lingua galega e matemáticas suspensas. Necesita reforzo constante así como unha adaptación metodolóxica no tempo para desenrolar as tarefas.

- Unha alumna de orixe marroquí que recibiu reforzo educativo na competencia lingüística derivados aos problemas de comprensión que tiña (sobre todo en lingua galega) e ás dificultades para acceder á lecto-escritura. Todo isto facía que fora necesaria unha atención máis individualizada. Presenta confusión nas vogais (a, e, o) e unha caligrafía precaria.

- Un alumno cun ritmo de traballo lento e unha caligrafía que custa ler, distráese con moita facilidade, evolucionou cun reforzo constante de maneira positiva pero necesitou unha adaptación metodolóxica no tempo de emprego das tarefas escritas.

- Un alumno repetidor de 2º de EP con NEE (TDAH e TEL), que precisou reforzo educativo constante. Durante este ano esgotáronse todas as medidas de reforzo ordinarias (uso de metodoloxías visuais, reforzo educativo en forma de pautas de traballo e coordinación coa familia, uso de material manipulativo cando fose posible, secuenciación dos exercicios, feedback individualizado, uso do traballo colaborativo e titoría entre iguais...) e empregáronse cantas extraordinarias estiveron o alcance (apoio do profesorado de PT e AL todos os días, apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria). Realizouse unha flexibilización de tempos e secuenciación de actividades. A moza especiais dificultades no ámbito da escritura cunha pobre grafomotricidade. O alumno non acadou os obxectivos mínimos da EP, pero promociona por imperativo legal.

- Con outra parte do alumnado foi necesario levar a cabo medidas de Reforzo Educativo por parte da titora e de profesorado con dispoñibilidade horaria, seguindo na medida do posible o mesmo traballo e empregando o Reforzo cando os alumnos atopaban dificultades concretas en determinados aspectos.

- Todos os alumnos se beneficiaron do reforzo da titora e doutros profesores que impartiron apoio dentro da aula en distintos momentos do curso.

## MEMORIA DE 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1.- Características do nivel.

Durante o curso académico 2022/2023 houbo 48 alumnos/-as matriculados en terceiro de Educación Primaria, distribuídos de forma equitativa entre as dúas titorías:

NIVEL	TITORA	N.º DE ALUMNADO
3º A	María José Lois Ortiz	24
3º B	María Purificación Santamaría Quiroga	24

*\* Un alumno procedente de Perú incorporouse no segundo trimestre, tras cursar o primeiro trimestre nouro centro educativo público da provincia.*

*\*Un alumno procedente do Brasil incorporouse no mes de novembro.*

Ademais das titoras, en terceiro impartiron docencia os seguintes especialistas:

- **Lingua Estranxeira:** María Dolores Nieto Caamaño

- **Educación Física:** Pablo Tojo Mourelo
- **Educación Musical:** Olaia Novo Pérez
- **Relixión Católica:** María Isabel Prados García
- **Pedagogía Terapéutica (*aula específica*):** María da Paz Pérez Gorgal.
- **Pedagogía Terapéutica:** Yolanda Guerrero Mariño
- **Audición e Linguaxe:** Borja Boado López e Belén Fernández Vázquez (*substituíndo a Yaiza González Panceira*)
- **PROA+ (AL):** Ana González López.

As reunións de ciclo celebráronse coa periodicidade marcada a principio de curso a nivel de centro. Ademais da reunión mensual, celebráronse outras reunións puntuais a nivel de ciclo para tratar temas concretos ou específicos.

Durante este curso, en todas as áreas impartidas polas titoras, utilizamos os libros de texto da Editorial Santillana. Servíndonos deste material como guía e reforzando e ampliando con material de elaboración propia e recursos dixitais ou dispostos na rede.

## 2.- Alumnado:

En canto a cada grupo clase destacamos os seguintes datos:

### Aula de 3ºA:

- Dous alumnos reciben apoio de Audición e Linguaxe fóra da aula.
- Un alumno con NEAE e informe psicopedagóxico recibe apoios de PT dentro da aula.
- Os apoios de PROA+ céntranse naqueles alumnos os que se lles detectaron necesidades de reforzo educativo a principios de curso así como ao alumno de NEAE.
- Todo o alumnado que é atendido polos mestres/as de apoio recibe tamén reforzo educativo por parte da titora.

### Aula de 3ºB:

- Unha alumna en escolarización combinada e con ACS recibe apoios da AL e PT tanto dentro como fóra da aula e alcanza unha avaliación positiva en todas as áreas adaptadas, ao lograr os mínimos do seu referente curricular.
- Dous alumnos reciben apoio de Audición e Linguaxe fóra da aula.
- O alumnado con NEAE e informes psicopedagóxicos recibe apoios de PT dentro da aula.

- Os apoios de PROA+ céntranse no alumnado con NEAE e naquel que recibiu anteriormente reforzo educativo no primeiro ciclo de educación primaria.
- Todo o alumnado que é atendido polos mestres/-as de apoio recibe tamén reforzo educativo por parte da titora.
- Unha alumna recibe reforzo educativo nas áreas que comprenden o ámbito científico e especialmente na área de matemáticas.
- Un alumno recibe reforzo educativo especialmente nas linguas e apoio puntual no estudo das ciencias.
- Un alumno incorporado no segundo trimestre recibe reforzo educativo en todas as áreas do currículo, presentando maior dificultade coas áreas de Lingua e Literatura castelá e galega.

A relación coas familias dos alumnos/-as de ambos grupos foi fluída, mantendo unha coordinación e comunicación frecuente, principalmente a través do Abalar e das titorías individualizadas.

A reunión inicial e grupal coas familias realizouse no mes de outubro, acordando en reunión de ciclo que para o próximo curso adiantarémola a setembro.

### **Materias suspensas e promoción do alumnado.**

En canto á análise dos resultados académicos:

A promoción en 3º de Educación Primaria é automática.

#### **Aula de 3ºA:**

Vinte e tres alumnos/as obteñen avaliación positiva en tódalas áreas e un alumno non alcanza os mínimos nas áreas instrumentais, obtendo unha cualificación negativa nas mesmas.

#### **Aula de 3ºB:**

Vinte e tres alumnos/-as obteñen unha avaliación positiva en todas as áreas e un alumno non alcanza os mínimos nalgunhas das áreas, obtendo unha cualificación negativa nas mesmas.

### **3.- Actividades complementarias do curso escolar 2022-2023**

Ao longo do curso celebramos as conmemoracións establecidas na Programación Xeral Anual, axustándose estas ao Anexo I da orde do calendario escolar para o curso 2022-2023.

Participamos das distintas propostas de actividades dos equipos de biblioteca, dinamización da lingua galega, convivencia, equipo de vida activa e deportiva e de actividades complementarias e extraescolares.

Como en anos anteriores, realizamos actividades ofertadas polo Concello de Santa Comba e desde os ciclos leváronse a cabo actividades de apertura á contorna a través de distintas saídas didácticas.

## MEMORIA 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Características do 4º nivel.

Durante o curso académico 2022/2023 estiveron matriculados no 4º nivel de EP un total de 61 alumnos/as distribuídos en tres titorías:

NIVEL	TITORA	Nº DE ALUMNOS
4ºA	Mª Isabel Barrientos Romero	21
4ºB	Tamara Abuelo Pombo	21
4ºC	Mª Carmen García Espasandín	19

\*Unha alumna, procedente de Suíza, incorporouse á aula de 4ºA a finais de setembro, tras a decisión do Departamento de Orientación de baixala un curso con respecto á súa idade.

\*Unha alumna de 4ºC causa baixa neste grupo a principios do segundo trimestre.

Ademais das titoras, no cuarto curso impartiron docencia os seguintes mestres/as especialistas:

- **Lingua Estranxeira:** Carmen Espasandín Vilariño
- **Relixión:** Mª Isabel Prados García
- **Educación Física:** César Ramos Domínguez en 4ºA e Pablo Tojo Mourelo en 4ºB e 4ºC
- **Música:** Olaia Novo Pérez
- **Arts and Crafts:** Tamara Abuelo Pombo
- **Pedagogía Terapéutica:** Yolanda Guerrero Mariño
- **Audición e a Linguaxe:** Borja Boado López
- **PROA+:** Ana María González López

As reunións de ciclo celebráronse coa periodicidade marcada a principio de curso a nivel de centro. Ademais da reunión mensual, celebráronse outras reunións puntuais a nivel de ciclo para tratar temas concretos ou específicos.

Neste curso empregamos os seguintes libros de texto:

- Lingua galega da editorial SM
- Cadernos de actividades de Lingua Castelá da editorial Santillana

- Matemáticas da editorial Anaya

Este material serviunos de guía, reforzando e ampliando os contidos con material de elaboración propia e outros recursos dixitais ou dispostos na rede.

## 2. O alumnado

En canto ao alumnado destacamos o seguinte:

### **No grupo de 4ºA:**

- Unha alumna con ACS nas áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas con reforzo dos especialistas de PT e AL e co propio reforzo da titora na aula.
- Unha nena con reforzo dos especialistas de PT e AL, PROA + e da propia titora.

### **No grupo de 4ºB:**

- Unha alumna con ACS nas áreas de matemáticas, lingua castelá, lingua galega, ciencias da natureza e ciencias sociais, que ademais recibe RE nas áreas de expresión e comunicación oral e escrita (área de libre configuración) e en lingua inglesa. Así mesmo, conta co apoio da especialista de PT, do mestre de AL e da mestra de PROA + dúas sesións semanais cada un. Alcanza unha avaliación positiva en todas as áreas.
- Dous alumnos que reciben apoio de AL fóra da aula dúas sesións semanais conxuntamente e reforzo por parte da titora na aula. Ademais un deles conta co apoio na aula da mestra de PROA + dúas sesións semanais.
- Outros dous alumnos que contan con RE por parte da titora e co apoio da mestra de PROA +.
- Un alumno que recibe apoio educativo por parte da titora.

### **No grupo de 4ºC:**

- Un alumno recibe RE en case todas as áreas do currículo, presentando maior dificultade nas áreas de lingua e literatura castelá e galega.
- Outros catro alumnos contaron con RE por parte da titora e co apoio da mestra de PROA + e da especialista de PT (2 horas semanais cada unha delas)

A relación coas familias dos alumnos/-as de ambos grupos foi fluída, mantendounha coordinación e comunicación frecuente, principalmente a través do Abalar e das titorías individualizadas.

A reunión inicial e grupal coas familias realizouse no mes de outubro, acordando en reunión de ciclo que para o próximo curso adiantarémola a setembro.

### **Materias suspensas e promoción do alumnado.**

En canto á análise dos resultados académicos:

#### **No grupo A:**

Todo o alumnado da aula promociona cunha avaliación positiva en todas as áreas, agás un alumno que pasa ao seguinte curso por promoción obrigada, non acadando os mínimos nas áreas de lingua castelá e lingua galega.

#### **No grupo B:**

Dos 21 alumnos/as promocionan 20 cunha avaliación positiva en todas as áreas e un alumno non alcanza os mínimos nunha área, obtendo unha cualificación negativa na mesma.

#### **No grupo C:**

Dos 18 alumnos/as promocionan 17 cunha avaliación positiva en todas as áreas e un alumno pasa ao seguinte nivel por promoción obrigada, non alcanzando os mínimos nas áreas de lingua castelá, lingua galega e ciencias sociais, obtendo unha cualificación negativa nas mesmas.

### **3. Actividades complementarias do curso escolar 2022/2023**

Ao longo do curso celebramos as conmemoracións establecidas na Programación Xeral Anual, axustándose estas ao Anexo I da orde do calendario escolar para o curso 2022-2023.

Participamos das distintas propostas de actividades dos equipos de biblioteca, dinamización da lingua galega, convivencia, equipo de vida activa e deportiva e de actividades complementarias e extraescolares.

Como en anos anteriores, realizamos actividades ofertadas polo Concello de Santa Comba e desde os ciclos leváronse a cabo actividades de apertura á contorna a través de distintas saídas didácticas.

Todas estas actividades están detalladas nos apartados correspondentes da presente memoria.

## **MEMORIA 5º NIVEL DE E. PRIMARIA**

### **Características do nivel.**

O nivel de 5º de Educación Primaria está formado por dous grupos A e B, no que exercen a titoría: M<sup>a</sup> Dolores Gerpe Castro e Rafael Sío Lourido . Están escolarizados nestes dous grupos un total de 47 alumnos/as repartidos en grupos de 24 e 23.

Os aspectos máis destacables destes grupos son:

- Gran desigualdade en canto á capacidades.
- Unha parte importante dese alumnado ten ademais unha situación social desfavorable, familias desestruturadas ou con moi baixa expectativa ante a educación.
- Alumnado con AC
- Incorporacións tardías ao sistema escolar español con alumnado procedente de Venezuela, Cuba.



- Unha parte importante do alumnado acada un nivel competencial suficiente ou notable distanciándose moito deste outro alumnado.
- As interaccións sociais establécense con naturalidade aínda que de cando en vez existen conflitos entre eles.
- Moito do alumnado mostra interese e implicase nas propostas de actividades.
- Detéctase un nivel de responsabilidade que podemos considerar insuficiente ante o traballo individual persoal , necesitando bastante a dirección directa e continua nas tarefas.
- Hai alumnado que promocionará con materias suspensas por imperativo legal.

### **Metodoloxicamente:**

Búscase a mellora daqueles aspectos que se consideraban deficitarios presentando con frecuencia tarefas de carácter voluntario e de desenrolo persoal , actividades que se busca na avaliación tanto a consecución dos obxectivos como a auto avaliación valorando o nivel de implicación ou a reflexión dos aspectos nos que puideran ter maior implicación (Auto avaliación).

Unha parte importante das tarefas do alumnado céntranse nos procesos, buscando neles integrar estratexias, recursos, e vías de recuperación de información e de resolución baseada máis na evocación que na memorización e mecanización.

Nesta liña está o noso traballo a través de EDIXGAL que nos permite tanto o control e seguimento da aprendizaxe do noso alumnado coma o acceso a moita información, programas de elaboración e deseño podendo levar a cabo estruturacións personalizadas, acceso á rede e polo tanto a múltiple información, presentación de tarefas cun resultado moito máis satisfactorio para o alumnado, etc.

Inclusión das accións levadas a cabo nas súas experiencias vitais, implicando ao alumnado no seu propio crecemento cognitivo. Isto supón que logremos maior implicación e mellore o alumnado en canto á integración das aprendizaxes de tódalas materias. Xunto con isto temos a colaboración con distintos equipos e comisión de traballo que funcionan no centro ( Tics, Biblioteca Escolar, Convivencia, Proxecto de vida activa e deportiva, etc), nas que participamos en diversas propostas feitas dende estes ou outros externos coma o Concello, Consellerías, etc.

Consideramos esencial a adquisición de competencias mínimas en expresión e comunicación oral e escrita a través do traballo de diferentes tipoloxías de textos e elocucións. Así tamén a formación documental sabendo seleccionar a información tanto na rede como noutros medios ( bibliográficos, videográficos, etc) para o seu emprego e transmisión da mesma. Por último o control numérico e as operacións básicas, así coma o razoamento lóxico para, deste xeito, dispor de ferramentas básicas e afrontar estudos posteriores. Estes establecéronse coma mínimos e marcan a aquel alumnado que consideramos non alcanza e polo tanto precisa dun plan de reforzo específico.

### **Atención á diversidade.**

Destacamos en primeiro lugar que neste curso contamos con unha persoa en xornada reducida que se integra como apoio na aula dentro do programa PROA+. Este feito valorase moi positivo pois nos permitiu levar adiante moitos proxectos e facilitar o apoio preciso a ese alumnado que dende un

principio detectamos ía necesitar un plan de acción individualizado e concretar as accións precisas para que melloraran nas súas competencias.

Ademais desta actuación que levaba a cabo esta profesora a propia metodoloxía que permite o avance individual, aceptando as diferenzas, os erros e partir deles para orientar e dar feek-back adecuado a cada un dos alumnos/as da clase.

Acádase unha maior normalización deste alumnado nas tarefas cotiás da aula, soamente é preciso que unha alumna reciba apoio fóra da aula nun total de 7 horas.

### **Resultados. Avaliación.**

En liñas xerais os resultados da avaliación son positivos dado que a maioría do alumnado supera tódalas materias. Con respecto ao alumnado que non superou algunha das áreas, tomáronse as medidas de reforzo oportunas. Deixaranse reflexadas nos correspondentes informes as posibles necesidades de cada alumno/a para o vindeiro curso.

Aínda que algúns deles promocionarán por imperativo legal, consideramos adecuado que promocionen tamén os outros con algunha materia suspensa motivado polas seguintes circunstancias:

- Se depende dunha situación socio-familiar desfavorable, a simple repetición dun curso non vai a conseguir cambiar esta circunstancia.
- No caso de características propias da personalidade do alumno/a incluso pode chegar a ser contraproducente.
- En moitos casos a promoción en compañía do mesmo grupo e cambio de centro permite o cambio de rolos moi enquistados no entorno habitual, e polo tanto seguiría a reproducilos se o mantemos no mesmo entorno.
- O número de alumnado da clase que os acollería é suficientemente elevado o que nos fai pensar que a atención á individualidade tamén se pode complicar ( posiblemente neses grupos tamén haberá necesidades individuais concretas).

### **Actividades completaría:**

Dentro do programa de acción realizadas dentro do nivel contamos coas seguintes accións levadas a cabo ao longo do curso escolar:

- Programa de Polos Creativos a través dos membros do equipo Tics do centro.
- Navegando Seguro en relación á seguridade no uso de RRSS , internet en xeral.
- Actuación de teatro relacionada coa adicción aos videoxogos.
- Saída á Coruña, para gozar dunha obra de teatro seguido dun percorrido pola cidade
- Saída ás illas Cies.
- Participación das actividades organizadas polo centro e polo concello.

Estas actividades estiveron enmarcadas dentro da nosa programación de xeito que no vala de complemento perfecto para fixar coñecementos, desenvolver habilidades sociais, mellorar nivel cultural. Por iso valoramos todas elas como moi positivas e necesarias, xa que compren con esta función e ademais facilitan o contacto co alumnado dun xeito mais relaxado e natural onde nos permite coñecelos mellor.

### **Propostas.-**

As programacións ao inicio de curso orientáronse para axudar a acadar os obxectivos de final de etapa e polo tanto establécense mellor as accións de corrección, axuda, apoio e reforzo necesarios que permitan que maior número de alumnos logren eses obxectivos.

Reforzar no alumnado a adquisición de recursos expresivos tanto oralmente (bastante deficitarios) como na escrita no que dominen diferentes tipoloxías de textos e as súas características principais, a súa funcionalidade e desenrolen a creatividade.

A resolución de conflitos debería ser un tema a abordar durante toda a escolaridade no senso de participar eles na resolución do mesmo descubriendo estratexias de auto control, de recoñecemento de emocións para reconducilas. Nestes niveis últimos da primaria é moitos máis relevante debido a moitas circunstancias como a preadolescencia e todos as súas características, así como a visión de “maiores” que se crean chegando a estes niveis.

Tamén consideramos necesario abordar a través de diferentes ámbitos (biolóxico, afectivo, emocional, social, inclusión e normalización) a educación afectivo sexual. Propoñemos para vindeiros cursos que se programen dende o inicio de curso accións concretas para abordar esta temática.

## **MEMORIA 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **Características do nivel.**

O nivel de 6º de Educación Primaria está formado por dous grupos A e B, no que exercen a titoría: M<sup>a</sup> Dolores Pérez Cancela e Rosalino Fernando Pintos Recarey. Están escolarizados nestes dous grupos un total de 50 persoas repartidos en grupos iguais de 25.

Os aspectos máis destacables destes grupos son:

- Alumnado de boas capacidades, aínda que destacan algúns casos con diferencias grandes en canto a nivel e capacidades.
- O alumnado con maiores dificultades ven motivada por falta de intención e responsabilidades e noutros casos por ambiente sociofamiliar desfavorable.
- Alumnado con AC.
- Incorporacións tardías ao sistema escolar español con alumnado procedente de Marrocos, Venezuela, Brasil.
- A maior parte do alumnado acada uns resultados de avaliación altos, aínda que unha minoría non chega a acadar os mínimos.
- As interaccións sociais establécense con naturalidade e son pouco frecuentes os conflitos entre eles.
- Moito do alumnado mostra interese e implicase nas propostas de actividades.

- Mostran un nivel de responsabilidade e de implicación nas tarefas bastante correcto e incluso alto. Tamén existe en menor medida aquel alumnado que aínda mantén unha actitude que precisa o apoio e dirección directa do adulto.
- Non permanece ningún alumno no nivel considerando adecuado que promocionen aínda con materias suspensas por diferentes consideracións metodolóxicas que se expoñen máis adiante.

### **Metodoloxicamente:**

Búscase a mellora daqueles aspectos que se consideraban deficitarios presentando con frecuencia tarefas de carácter voluntario e de desenrolo persoal, actividades que se busca na avaliación tanto a consecución dos obxectivos como a autoavaliación valorando o nivel de implicación ou a reflexión dos aspectos nos que puideran ter maior implicación (Autoavaliación).

Unha parte importante das tarefas do alumnado céntranse nos procesos, buscando neles integrar estratexias, recursos, e vías de recuperación de información e de resolución baseada máis na evocación que na memorización e mecanización.

Nesta liña está o noso traballo a través de EDIXGAL que nos permite tanto o control e seguimento da aprendizaxe do noso alumnado coma o acceso a moita información, programas de elaboración e deseño podendo levar a cabo estruturacións personalizadas, acceso á rede e polo tanto a múltiple información, presentación de tarefas cun resultado moito máis satisfactorio para o alumnado, etc.

Inclusión das accións levadas a cabo nas súas experiencias vitais, implicando ao alumnado no seu propio crecemento cognitivo. Isto supón que logremos maior implicación e mellore o alumnado en canto á integración das aprendizaxes de tódalas materias. Xunto con isto temos a colaboración con distintos equipos e comisión de traballo que funcionan no centro (Tics, Biblioteca Escolar, Convivencia, Proxecto de vida activa e deportiva, etc), nas que participamos en diversas propostas feitas dende estes ou outros externos coma o Concello, Consellerías, etc.

Consideramos esencial a adquisición de competencias mínimas en expresión e comunicación oral e escrita a través do traballo de diferentes tipoloxías de textos e elocucións. Así tamén a formación documental sabendo seleccionar a información tanto na rede como noutros medios (bibliográficos, videográficos, etc) para o seu emprego e transmisión da mesma. Por último o control numérico e as operacións básicas, así coma o razoamento lóxico para, deste xeito, dispor de ferramentas básicas e afrontar estudos posteriores. Estes establecéronse coma mínimos e marcan a aquel alumnado que consideramos non alcanza e polo tanto precisa dun plan de reforzo específico.

### **Atención á diversidade.**

Destacamos en primeiro lugar que neste curso contamos con unha persoa en xornada reducida que se integra como apoio na aula dentro do programa PROA+. Este feito valorase moi positivo pois nos permitiu levar adiante moitos proxectos e facilitar o apoio preciso a ese alumnado que dende un principio detectamos ía necesitar un plan de acción individualizado e concretar as accións precisas para que melloraran nas súas competencias.

Ademais desta actuación que levaba a cabo esta profesora, a propia metodoloxía permite o avance individual, aceptando as diferenzas, os erros e partir deles para orientar e dar feedback adecuado a cada un dos alumnos/as da clase.

Acádase unha maior normalización deste alumnado nas tarefas cotiás da aula, soamente é preciso que 2 alumnas de 6º A saían a AL para reforzar idioma (Venezuela e Brasil) e da mesma clase 5 foran propostos para apoio específico polo profesorado PROA+. En canto á aula de 6ºB saen para apoio externo 1 neno e 1 nena e son apoiados polo profesorado PROA+ 5 nenos e nenas.

### **Resultados. Avaliación.**

En canto a avaliación de resultados cuantitativos referentes a conceptos maioritariamente é positiva e en determinados casos acadan niveis altos de avaliación. Soamente contamos cun pequeno grupo de alumnado que non acadan en algunha das materias valoración positiva. No seguinte cadro especifícanse o resumo de resultados negativos, circunstancias e medidas adoptadas.

AULA	Con materias suspensas	Apoio fóra da aula.	Apoio PROA+	AC	Incorporación tardía	Promoción
A	3	2	5	0	2	25
B	4	2	4	2	0	25

Aínda que non é precisa a promoción por imperativo legal na sesión de avaliación valorase a conveniencia da promoción de curso en base a diferentes criterios que se consideraron, estes son:

- Se depende dunha situación socio-familiar desfavorable, a simple repetición dun curso non vai a conseguir cambiar esta circunstancia.
- No caso de características propias da personalidade do alumno/a incluso pode chegar a ser contraproducente.
- En moitos casos a promoción en compañía do mesmo grupo e cambio de centro permite o cambio de roles moi enquistados no entorno habitual, e polo tanto seguiría a reproducilos se o mantemos no mesmo entorno.
- O número de alumnado da clase que os acollería é suficientemente elevado o que nos fai pensar que a atención á individualidade tamén se pode complicar (posiblemente neses grupos tamén haberá necesidades individuais concretas).

#### **Actividades completaría:**

Dentro do programa de acción realizadas dentro do ciclo contamos coas seguintes accións levadas a cabo ao longo do curso:

- Robótica a través dos membros do equipo Tics do centro.
- Digital week en Gandarío, e no centro Semana de Actividade e Cultura.
- Navegando Seguro en relación á seguridade no uso de RRSS, internet en xeral a través do Plan Director.
- Charla de membros de AVANTE de concienciación da inclusión de persoas con diversidade funcional.
- Saída a Santiago de Compostela, visita ao Museo Gaiás e Parlamento de Galicia.
- Visita de Andrea Maceiras na Biblioteca do colexio en relación ao noso club de lectura de 6º, lectura da Folla Azul desta autora.
- Visita ao instituto IES Terra de Xallas dentro do programa de acollida do citado centro.
- Mini campamento da Natureza en Allariz.
- Spring week da Consellería e no centro Semana de Arte e actividade.
- Saída á praia Fluvial e charla de divulgación sobre a pesca deportiva.
- Visita a Fisterra para recollida de crebas na praia de Langosteira.
- Realización dun mural de concienciación sobre a degradación do contorno coas crebas recollidas en Fisterra.
- Saída a Ponte Nafonso dentro do programa Xogade, actividade de remo.
- Deseño e creación do escenario para festival de fin de curso.
- Obra de teatro creada, interpretada polo propio alumnado (no festival de fin de curso)

Tamén a participación en propostas doutros equipos e comisións de traballo que se organizaron para todo o centro:

- Samagosto
- Campo a través do programa Xogade

- Mes das persoas con discapacidade.
- Entroido, e programa de radio.
- Taller de batucada
- 8 de marzo, Día Internacional da Muller.
- Teatro en Inglés.
- Carreira solidaria
- E outras...

Estas actividades estiveron enmarcadas dentro da nosa programación de xeito que nos sirvan de complemento perfecto para fixar coñecementos, desenvolver habilidades sociais, mellorar nivel cultural. Por iso valoramos todas elas como moi positivas e necesarias, xa que compren con esta función e ademais facilitan o contacto co alumnado dun xeito máis relaxado e natural onde nos permite coñecerlos mellor.

#### **Propostas.-**

Queremos destacar que sería fundamental establecer con claridade cales son as competencias e saberes fundamentais e básicos para ter unha valoración positiva ao final desta etapa educativa. Deste xeito as programacións ao inicio de curso orientaranse cara eses mínimos e polo tanto establécense mellor as accións de corrección, axuda, apoio e reforzo necesarios que permitan que maior número de alumnos logren eses mínimos.

Reforzar no alumnado a adquisición de recursos expresivos tanto oralmente (bastante deficitarios) como na escrita no que dominen diferentes tipoloxías de textos e as súas características principais, a súa funcionalidade e desenrolen a creatividade.

A resolución de conflitos debería ser un tema a abordar durante toda a escolaridade no senso de participar eles na resolución do mesmo descubriendo estratexias de auto control, de recoñecemento de emocións para reconducilas. Nestes niveis últimos da primaria é moito máis relevante debido a moitas circunstancias como a preadolescencia e todas as súas características, así como a visión de “maiores” que se crean chegando a estes niveis.

Tamén consideramos necesario abordar a través de diferentes ámbitos (biolóxico, afectivo, emocional, social, inclusión e normalización) a educación afectivo sexual. Propoñemos para vindeiros cursos que se programen dende o inicio de curso accións concretas para abordar esta temática.

## **MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

### **(EDUCACIÓN INFANTIL, 1ºs, 2ºs, 3ºs e 4º B E 4º C)**

En Educación infantil traballouse o coñecemento do propio corpo e das súas posibilidades de movemento a través do desenvolvemento das diferentes habilidades psicomotrices. Posteriormente centrámonos na percepción do espazo e do tempo así como na manipulación de obxectos para ir afianzando a lateralidade dos nenos e nenas. Fíxose especial fincapé á coordinación de movementos nas accións motrices e o equilibrio en posicións estáticas e dinámicas.

Todas as unidades foron levadas á práctica dividindo a sesión en diferentes fases básicas:

**Información** (na que se explica o que se vai a realizar durante toda a sesión), **activación- animación** (exercicios dinámicos e moi sinxelos), **fase principal** (onde se perseguen os obxectivos preestablecidos), xogo libre co material empregado (para observar a forma en que manipulan o material e como se relacionan entre eles/as durante a actividade lúdica libre) e **volta a calma** (exercicios calmantes nos que se traballaron diferentes aspectos de relaxación global, con apoio musical ou vivenciación de diferentes cancións motrices). En todas as sesións se empregou na medida do posible unha metodoloxía baseada

na actividade lúdica e estratexias de búsqueda non directivistas.

Todas as actividades foron realizadas cun obxectivo predominantemente, lúdico e de xeito globalizado.

#### **Primeiro e segundo curso:**

Comezamos o traballo neste ciclo cunha unidade de comezo do curso, que supón un primeiro contacto dos nenos/as coa área, profesor/a e compañeiros/as, sobre todo en 1º de E.P., para continuar co traballo das capacidades perceptivo-motrices: esquema corporal, espacialidade, temporalidade, coordinación e lateralidade.

Seguimos co traballo dedicado ás habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións), e ao equilibrio, como capacidade resultante das perceptivo- motrices. Tráballouse tamén a expresión corporal a través do xesto, a imitación, a dramatización e o baile.

Traballamos os xogos con materiais alternativos e xogos populares e tradicionais.

Tendo en conta aspectos transversais traballados ao longo de todo o curso, empezaremos a traballar o respecto e o xogo limpo. Máis concretamente, o respecto polos compañeiros e compañeiras; tanto si están no noso equipo, coma se están no equipo rival. Aínda que tamén cabe mencionar o coñecemento e respecto polas normas dos xogos.

Prestouse atención aos procesos individuais de aprendizaxe. Desenvolveuse a capacidade auto-organizativa dos xogos a nivel individual e en grupo entendendo o xogo como un medio de socialización.

Nestes dous primeiros niveles da etapa comezamos a traballar unhas pequenas medidas de hixiene o finalizar as sesión. Por iso, deberán traer un pequeno estoxo con xabón e unha pequena toalla. Así mesmo, este procedemento contribúe á creación de hábitos de hixiene, despois de realizar exercicio físico. Para isto, realiceí una gamificación por medio do xogo “POKÉMON”.

#### **Terceiro e cuarto curso:**

Neste ciclo continuouse progresivamente co traballo desenvolvido no primeiro ciclo: o desenvolvemento das capacidades perceptivo – motrices e das habilidades motrices básicas dun xeito moito máis dinámico.

Levamos á práctica unidades didácticas (relacionadas coas habilidades motrices básicas: saltos, desprazamentos, xiros e manipulacións, equilibrio e coordinación, esquema corporal). Por medio de una gamificación “Somos astronautas”

Así mesmo, empregamos unidades didáctica para traballar e coñecer xogos alternativos coma o COLPBOL, BALLON, TWINCON OU DACTHBALL

Comezamos coa iniciación a algún deporte adaptado como o GOLBALL. A través de xogos aplicados e adaptados segundo as necesidades do alumnado.

Sen esquecernos da expresión corporal por medio de una unidade de “Tu cara me suena”

Dedicamos tamén varias sesión para facer as probas do DAFIS: a probas físicas e medidas antropométricas e subindo os datos á aplicación como cursos anteriores.

A nivel transversal traballamos aspectos importantes no mundo do deporte como a aceptación da de derrota (saber gañar e saber perder) así como unha actitude positiva fronte aos retos e actividades.

Cómpre mencionar para rematar, que despois de cada sesión tamén se levaba a cabo a hixiene persoal. Continuando así á consolidación dos hábitos da hixiene, despois do exercicio físico, por medio tamén da gamificación “Pokémon”

#### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Ao longo do curso dende a área de Educación Física levamos a cabo diferentes actividades complementarias:

- **Proxecto Deportivo:** ao longo de todo o curso o centro participou no Proxecto de Vida Activa e Deportiva “PROXECTA” da Consellería de Educación; mediante o cal se realizaron durante todo o curso actividades relacionados co deporte, a recreación e a alimentación saudable.
  - Probas DAFIS: continuamos realizando as probas físicas e medidas antropométricas e subindo os datos á aplicación como cursos anteriores.
  - Iniciación ao Ioga: actividades de ioga enfocadas para os diferentes grupos do noso centro.
  - Carreira solidaria: Carreira solidaria en colaboración con AVANTE e FUNDACIÓN BARCALA.
  - Iniciación ao Balonmán: a principio de curso varios monitores do Balonmán Xallas FC a dar clase ao alumnado de 2º ciclo.

#### **VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.**

Finalmente, os dous mestres/as da área valoramos moi positivamente o traballo realizado polo noso alumnado, cun nivel de participación e de motivación moi alto tanto na participación nas clases, como nas actividades complementarias. Tamén valoramos e agradecemos a colaboración de diferentes mestres e mestras do centro na realización das actividades complementarias nas que era necesaria a súa



axuda. Con relación ás propostas de mellora, formulamos as seguintes:

- Recuperar o proxecto DIVERTIPATIO, que este ano tivo que pospoñerse pola imposibilidade das instalacións
- Continuar mellorando o material do ximnasio e pavillón, tales como: material de psicomotricidade e recreación, pelotas de foam, pelotas de goma, bancos suecos e espaleiras.
- Continuar o traballo do PVAD e tentar involucrar a un maior número de mestres e mestras.

#### **(4ºB, 5ºA, 5º B, 6º A e 6ºB)**

Unha vez finalizado o curso escolar, o mestre encargado da área valora satisfactoriamente a consecución dos obxectivos, xa que estes se conseguiron nunha porcentaxe bastante elevada.

- **4º A de Educación Primaria:**

Neste ciclo continuouse progresivamente co traballo desenvolvido nos anteriores cursos: o desenvolvemento das capacidades perceptivo – motrices e das habilidades motrices básicas dun xeito moito máis dinámico. Levamos á práctica un total de 8 unidades didácticas (unidades relacionadas coas habilidades motrices básicas: saltos, desprazamentos, xiros e manipulacións, equilibrio e coordinación, esquema corporal, xogos con material de refugallo, xogos tradicionais e iniciación deportiva: crossfit, tenis). É importante citar que neste grupo continuamos realizando as probas físicas da plataforma DAFIS para coñecer o nivel xeral de acondicionamento físico de cada alumno ou alumna e dos grupos en xeral.

1. **5º A, 5º B, 6º A e 6º B:**

Neste ciclo iniciamos xa o traballo da condición física e centrámonos máis na iniciación deportiva. Séguese usando o xogo no desenvolvemento das destrezas básicas, pero incrementase a actividade deportiva buscando unha ampliación e o perfeccionamento técnico e físico dos deportes así como a utilización de estratexias de cooperación e oposición. Continuamos tamén co traballo do equilibrio orientándoo máis ás habilidades ximnásticas. É importante citar que nestes grupos tamén continuamos realizando as probas físicas da plataforma DAFIS para coñecer o nivel xeral de acondicionamento físico de cada alumno ou alumna e dos grupos en xeral.

Ademais dos contidos específicos de Educación física, ao longo dos diferentes ciclos integramos os elementos comúns, que son aqueles afíns a todas as áreas, necesarios para acadar o desenvolvemento integral do neno. Centrámonos principalmente en aqueles que teñen máis relación coa nosa área como poden ser: a educación en valores, educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación para a saúde e calidade de vida e a educación para o lecer.

### ✦ **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Ao longo do curso dende a área de Educación física levamos a cabo diferentes actividades complementarias:

- *Iniciación ao Balonmán*: a principio de curso varios monitores do Balonmán Xallas FC a dar clase ao alumnado de 2º e 3º ciclo.
- *Proxecto de Vida Activa e Deportiva*: ao longo de todo o curso o centro participou no Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) dentro do plan “PROXECTA” da Consellería de Educación; mediante o cal se realizaron durante todo o curso actividades relacionadas co deporte, a recreación e a alimentación saudable, tales como: obradoiros de alimentación saudable, carreira solidaria “Corre pola Inclusión – Barrié solidario”, piragüismo DRAGONS, saídas saudábeis, charlas informativas sobre alimentación e deporte, etc

### ✦ **VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.**

Finalmente, valoramos moi positivamente o traballo realizado polo noso alumnado, cun nivel de participación e de motivación moi alto. Tamén valoramos e agradecemos a colaboración de diferentes mestres e mestras do centro na realización das actividades complementarias nas que era necesaria a súa axuda.

Con relación ás propostas de mellora, formulamos as seguintes:

- Mellorar o firme e as espalderas do ximnasio e facilitar unha pasarela de paso ao pavillón. En días de mal tempo o alumnado e profesorado móllase nos desprazamentos.
- Ter un maior control do material de educación física, de xeito que so o profesorado poida acceder a el e non o alumnado, pais, monitores,...
- Axustar os horarios da área ás instalacións, tentando que o profesorado de educación física coincida en horario o menos posible. Para isto consideramos imprescindible que non queden as instalacións baleiras en ningunha sesión.
- Ampliar na medida do posible o tempo de actividade física dentro do horario lectivo.

## **MEMORIA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA**

Durante o curso escolar, traballáronse os obxectivos das competencias básicas contemplados na Programación Anual, contribuíndo a desenvolver as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia social e cívica, competencia cultural e artística, competencia para a autonomía e iniciativa persoal e competencia de aprender a aprender.

A programación parte do contexto cercano ao alumnado para que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia e vivencia. Tamén parte da realidade do centro e atende ás súas características, necesidades e deficiencias. O desenvolvemento da programación tamén parte dos

elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa educativa.

Buscouse a atención a diversidade da programación dende unha óptica construtivista da aprendizaxe mediante un proceso de construción de significados espirituais e relixiosos inseparablemente do traballo na aula así como das actividades escolares.

Aínda que en moitas ocasións as actividades programadas sufriron alteracións polas diferentes saídas didácticas, festividades, conmemoracións... que tiveron lugar ao longo do curso académico, en liñas xerais, tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria o resultado deste ano académico foi satisfactorio, tanto para o alumnado como para as mestras.

## MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL

### EDUCACIÓN MUSICAL | MÚSICA E DANZA

A materia de educación musical foi impartida pola mestra titular Olaia Novo Pérez nas etapas de **educación infantil e primaria**. A mestra de educación musical foi tamén a coordinadora do **equipo de dinamización da lingua galega**.

Durante o inicio do primeiro trimestre tratouse de repasar algunhas das aprendizaxes realizadas no curso anterior. Respecto aos obxectivos de etapa máis vencellados á área de educación musical (Música e Danza segundo LOMLOE) das competencias clave e dos contidos, realizouse un reforzo dos mesmos durante todo o curso facendo especial fincapé nas competencias.

Tendo en conta que só contamos cunha sesión semanal, as actividades realizadas contribuíron ao plan lector e lingüístico do centro, ao PLAMBE, ao plan de convivencia e ao plan TIC tendo sempre presentes as medidas de atención á diversidade que se proxectaron na programación anual desta materia. Cabe salientar a entrada do centro en **Polos Creativos** que, dalgunha maneira se viu reflectida na desenvolvemento da materia.

### EDUCACIÓN INFANTIL

As actividades foron adecuadas á etapa cognitiva e emocional do alumnado e estiveron centradas no descubrimento da paisaxe sonora (Murray Schafer), da exploración do corpo como ente sonoro e medio de expresión e comunicación, nas dramatizacións, no xogo como medio e fin do coñecemento dun mesmo e da contorna e, na educación auditiva. A boa evolución que tiveron os diferentes grupos permitiu introducir a discriminación de instrumentos de percusión de altura indeterminada (madeira, parche e metal), a clave de sol, o pentagrama e o traballo auditivo e visual das notas do, mi e sol (en 4 e 5 anos).

Cabe salientar a focalización nos grupos de nova incorporación (3 anos) para o coñecemento en profundidade do alumnado e establecer unha fluída relación coas súas respectivas titorías e familias. A comunicación foi excelente coa meirande parte das titoras recibindo axuda e apoio en todo momento respecto das diferentes necesidades do alumnado.

Desde a materia de educación musical participouse activamente nos diversos proxectos, especialmente en “Ramiña a ramiña” ( un proxecto dedicado ás formigas) e “Listo para saborear” (un proxecto dedicado á cociña e alimentación).

## 1º, 3º e 5º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

As actividades foron adecuadas á etapa cognitiva de cada membro do grupo-clase, indo do máis sinxelo ao máis complexo, traballando os catro bloques de contidos e seguindo a programación determinada no PROENS.

Enfocouse o proceso de ensino e aprendizaxe segundo as liñas de actuación establecidas na nova lexislación baseado na adquisición das competencias clave e dos obxectivos de etapa.

A materia de música e danza atendeu ás dimensións reflexiva e creativa promovendo en todo momento a confianza en sí mesmos/as, a autoestima e a empatía tendo como marco de referencia os cinco obxectivos de área que se establecen como aprendizaxes competenciais.

Acadáronse practicamente todos os mínimos esixibles establecidos na programación e todo o alumnado destes niveis superou a materia.

## 2º, 4º e 6º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 2º EP

As actividades foron adecuadas á etapa cognitiva e ao nivel que posuían na materia de cada membro do grupo-clase, indo do máis sinxelo ao máis complexo, traballando os diferentes bloques de contidos e seguindo a programación.

No ámbito da **percepción** que atinxe ao **bloque de escoita** traballouse tanto a discriminación auditiva como a audición comprensiva especialmente no ámbito do **debuxo rítmico**. No ámbito da **expresión** traballouse especialmente a interpretación vocal a través da canción acompañada de xestos e dramatizacións (**bloque de interpretación musical**) e a expresión corporal e a danza a través de diversas coreografías. Todo o alumnado que asistiu a clase superou a materia.

### 4º EP

As actividades foron adecuadas á etapa cognitiva e ao nivel que posuían na materia de cada membro do grupo-clase, indo do máis sinxelo ao máis complexo, traballando os diferentes bloques de contidos e seguindo a programación.

No ámbito da **percepción** que atinxe ao **bloque de escoita** traballouse tanto a discriminación auditiva, especialmente de instrumentos PAI e PAD como a audición comprensiva con acompañamento rítmico. No ámbito da **expresión** traballouse a interpretación vocal a través da canción acompañada de xestos e dramatizacións (**bloque de interpretación musical**) e a expresión corporal e a danza.

Respecto aos mínimos esixibles e acadados polos grupos-clase todo o alumnado que asistiu a clase superou a materia. Cabe salientar a boa disposición cara a materia dos tres grupos e das súas titoras tanto a nivel actitudinal como a adquisición de coñecementos e competencias na materia.

### 6º EP

As actividades foron adecuadas á etapa cognitiva , especialmente, ao nivel que posuían na materia cada membro do grupo-clase, indo do máis sinxelo ao máis complexo, traballando os diferentes bloques de contidos. Neste caso, a programación tivo que ser modificada enténdoa coma un ente flexible suxeita aos cambios que esixa o alumnado e o grupo-clase.

No ámbito da **percepción** que atinxe ao **bloque de escoita** traballouse a audición comprensiva con acompañamento rítmico. No ámbito da **expresión** traballouse a interpretación vocal a través da canción acompañada de xestos, dramatizacións e percusión corporal (**bloque de interpretación musical**) e a expresión corporal e a danza.

Traballáronse unidades didácticas que versaban sobre a cultura musical das diferentes zonas do mundo ( Sudamérica, África e Norteamérica) intentando incluír todos os bloques de contidos que se presentan no currículo. Incidiuse este curso xa na produción instrumental e en contidos máis específicos de linguaxe musical.

. Cabe salientar a boa disposición cara a materia dos dous grupos tanto a nivel actitudinal como a adquisición de coñecementos e competencias na materia, o traballo a través de E-Dixgal e máis concretamente o en materia de educación emocional polas características que presentaba este alumnado.

## LIÑAS XERAIS DE TRABALLO

En educación primaria os aspectos de linguaxe musical foron traballados dende a praxe á teoría a través dos tres bloques de contidos que recolle o currículo. A nivel de lectoescritura, para o ritmo utilizouse o método Music Mind Games e para altura os métodos máis convencionais das recoñecidas pedagogías do século XX reflectidos no apartado metodoloxía da programación.

A área de Música e Danza preséntase como un espazo esencial que conecta todas as áreas do currículo e no que conflúe o desenvolvemento de todas as competencias.

A educación artística contribúe ao desenvolvemento global do ser humano a diferentes niveis: sensoriomotriz, intelectual, social e comunicativo, emocional e afectivo e estético e creativo. O desenvolvemento destas diferentes capacidades inflúen directamente na formación integral do noso alumnado a nivel individual e grupal.

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias tiveron un tratamento específico, observable e significativo tanto no desenvolvemento das actividades como no proceso de avaliación.

### Referidas á CCL:

Dende esta área contribuíuse ao aumento significativo da riqueza en vocabulario xeral e específico que implica claridade no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese, etc. Aprendendo un repertorio de cancións (orais e escritas) en diversas linguas, incorporando novo vocabulario e utilizando a voz e o corpo como medio de expresión e comunicación.

### Referidas á CMCT:

Traballouse a preescritura e lectoescritura musicais en todos os niveis. Interpretouse a proporción matemática a través de musicogramas e musicomovigramas e a súa relación cos diferentes parámetros musicais así como tamén o debuxo rítmico e as composicións en diversos compases. Utilizáronse as

coreografías para o desenvolvemento do concepto espacial e temporal.

#### **Referidas á CD:**

Presentando aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de imaxe e son e utilizando métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos, danzas, intérpretes e empregando distintas fontes para a busca de información e aplicando diferentes criterios éticos. Utilizando diferentes aplicacións e levando a composición musical á linguaxe de programación e robótica.

#### **Referidas á CAA:**

Tomando conciencia dos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvendo a capacidade crítica e reflexionando sobre o esforzo, a responsabilidade e os logros acadados por medio da autoavaliación. Fomentando a iniciativa persoal e a curiosidade e o interese individual en todo o procesos xerando estratexias para manexarse en diferentes contextos.

#### **Referidas ás CSC:**

Desenvolvendo habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio comprendendo a realidade social plural coa que convivimos e aprendendo a respectarnos. Traballando o respecto e a actitude de escoita activa nas intervencións individuais dos compañeiros sen discriminar a ninguén dentro das producións grupais e individuais. Coñecendo e valorando a contorna natural e sociocultural fomentando a súa conservación. Incitando á participación nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.

#### **Referidas ao CSIEE:**

Desenvolvendo a autoconfianza mediante dramatizacións, coreografías e diversas actividades grupais como a relaxación. Fomentando o espírito de superación priorizando sempre os obxectivos grupais sobre os intereses individuais. Facilitándolles a coordinación de tarefas e a realización de traballos transmitindo entusiasmo para a cadar os diversos obxectivos.

#### **Referidas á CCEC:**

Valorando as diferentes manifestacións culturais presentadas na aula e intentando que comprendan o mundo que os/as rodea. Fomentando a curiosidade cada diversas fontes sonoras, e cara as cancións populares como expresión cultural dos pobos. Representando os diferentes parámetros do son mediante a expresión plástica. Elaborando traballos e presentacións con sentido estético. Coñecendo os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia. Expresando sentimentos e emocións a través dos códigos artísticos.

Todo o anterior pódese extrapolar ás competencias clave establecidas tamén no novo currículo: CCL, STEM, CD, CPSAA, CC, CE, CCEC caracterizándose todas elas pola transversalidade e a adquisición de todas elas de forma secuencial e progresiva a través dos descritores operativos.

### **PROXECTO FINAL de MÚSICA E DANZA | 2º E 3º CICLO**

Para completar os bloques de creación e interpretación de **educación musical** e de **artes escénicas e performativas**, organizamos un festival desde cero: orzamentos, deseño escénico e atrezzo, guión de presentación, corpo de técnicos/as, comunicación e marketing, tratamento dixital de audio e vídeo, iluminación e son... onde confluíron o teatro, a poesía, a música e a danza.

Preséntanse a continuación as ligazóns pertinentes para mostrar as diferentes partes do traballo:



<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=98210>

**MAKING OF:** concurso de carteis, deseño e contrución dun photocall, ensaios, programa, riders, deseño escénico con materiais de refugallo, invitacións para os/as asistentes, corpo de técnicos (utileros/as), son e iluminación, presentadores, etc.

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=98320>

**O FESTIVAL:** vídeo e imaxes do festival.

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=98321>

**PHOTOCALL de DESPEDIDA:** fotografías de todo o alumnado e algún profesorado participante.

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=98322>

## PROPOSTAS DE MELLORA

- Mellorar a percepción e valorización do claustro, alumnado e familias cara a materia.
- Proposta de agrupación coral e instrumental estable para os vindeiros cursos.
- Cabe salientar a **necesidade de aumentar a carga horaria da materia** pola importancia que ten no desenvolvemento das competencias e a conexión natural con outras áreas do currículo.
- Intentar nos vindeiros cursos que a sesión de libre configuración en 4º e 6º de educación primaria se aproveite para desenvolver contidos en materia de educación artística.
- Mellorar a temporalización e secuenciación de contidos.

## MEMORIA DE LINGUA INGLESA

### EDUCACIÓN INFANTIL

Ao longo de todo o curso 2022/2023 os obxectivos foron acadados satisfactoriamente pola maioría do alumnado. O obxectivo principal nesta etapa era motivar ao alumnado e facilitar a aprendizaxe natural da lingua estranxeira, facéndoos conscientes da existencia dun tipo de comunicación diferente á súa lingua materna. Dito obxectivo alcanzouse de forma satisfactoria posto que todos os grupos amosaron unha actitude positiva en relación á aprendizaxe da lingua inglesa. Con todo, debemos facer unhas consideracións respecto do traballo cos grupos desta etapa.

Os **grupos de 4º de Infantil** tiveron unha evolución positiva, tendo en conta que teñen o seu primeiro contacto cunha lingua diferente. Debido á expresión oral deficiente na maioría dos casos na lingua materna, dificultaba o transcurso normal das sesións, especialmente no primeiro trimestre e facía que se limitase máis a actividades de input en vez de de output. Cabe destacar a presenza de numeroso alumnado con actitudes disruptivas que moitas veces dificultaban levar a cabo certas dinámicas. Nestes grupos cabe destacar a incorporación tardía de varios alumnos e alumnas dos que algúns necesitaron atención especialmente individualizada que repercutiu no ritmo das actividades inda que outro alumnado non que amosou dificultades para adaptarse ás dinámicas e ao ritmo da clase.

Os **grupos de 5º de Infantil** foron grupos cunha dinámica máis participativa e de traballo. Isto, como é natural, repercutiu moi positivamente no seu progreso así como no tipo de actividades levadas a cabo na aula.

Os **grupos de 6º de Infantil** acadaron os obxectivos satisfactoriamente. Cabe destacar que son grupos nos que é importante a realización de dinámicas lúdicas ou o uso de recunchos pola súa diversidade.

Como propostas de mellora para vindeiros cursos, propónse o uso da aula de inglés, pero ao ser necesario neta aula a presenza das mesas para rapaces de cursos máis altos tamén hai unha falta de espazo para facer actividades para apoiar ao alumnado que necesita máis movemento. Se houbera outra aula dispoñible a maiores permitiría establecer recunchos programados na aula e dotar ao alumnado de material manipulativo e interactivo específico de inglés que repercutiría positivamente no seu aprendizaxe.

### EDUCACIÓN PRIMARIA

este curso 2022/2023 transcorreu de xeito satisfactorio. Ao longo do curso os obxectivos foron acadados pola gran maioría do alumnado. O obxectivo era proporcionar unha aprendizaxe natural da lingua estranxeira e facilitar unha aprendizaxe real e significativa. Casi toda a maioría da rapazada disfrutou das horas de inglés e ten unha actitude moi positiva respecto a lingua estranxeira.

#### 1º Curso de EP

Empregamos o libro da editorial MACMILLAN: "TIGER" (Class Book e activity book) para desenvolver os contidos programados para o curso. O libro emprégase como unha axuda que serve de guía ao alumnado e facilítalle ás familias a comprensión da estrutura da materia. A maior parte do tempo empregado na aula adícase a actividades oráis, como establece o método comunicativo.



Como complemento usamos determinados recursos audiovisuais que lle proporcionen práctica destas competencias ao alumnado, empréganse tanto audios propostos pola editorial, como propios, como audios da rede cas súas adaptacións correspondentes ao nivel de aprendizaxe do alumnado e as súas necesidades específicas, polo que é totalmente imprescindible a adaptación e elaboración de material específico do idioma o que influíu moi satisfactoriamente nos resultados.

Neste curso atopámonos con algúns alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta que, en ocasións dificultaban o transcurso normal da clase, tamén se realizaron algunhas adaptacións que se centraron no seguinte:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxías máis personalizadas.
3. Reforzo de técnicas de aprendizaxe.
4. Priorizar procedementos, hábitos e actitudes.
5. A necesidade de ter na aula a presenza de coidadora que dea atención individualizada, que foi fundamental, insustituíble e vital para un correcto aproveitamento do tempo de aprendizaxe na lingua estranxeira

Como propostas de mellora establécense as seguintes\_

- Valorar a utilidade do libro de texto , xa que a principio de curso, como non sabían ler e escribir douselle pouco uso.
- Ter en conta o entorno emocional: aprenden cando se senten escoitados e valorados.
- Actualización e posta a punto do equipamento TIC das aulas para que funcione o ordenador e altavoces de maneira axeitada en todas elas inda que haxa tamén a nova pantalla na aula.

## **2º Curso de EP**

Considerando tanto as habilidades comunicativas e usos da lingua inglesa como a actitude con respecto ao aprendizaxe da mesma ao longo do curso escolar 2022/23, os obxectivos no 2º curso de EP A e B, foron acadados positivamente en casi tódolos casos. Cando non se acadou o esperado foi pola diversidade do alumnado e as súas condicións particulares e/ou familiares. A axuda familiar as veces sería decisiva para un correcto alcance dos obxectivos necesarios para a adquisición destes obxectivos.

Neste curso empregouse o libro da editorial MacMillan “New Tiger 2” (Pupil’s e Activity Book).

Traballáronse as catro destrezas: Comunicación Oral ( listening e speaking) como tamén na Comunicación Escrita (reading and listening) mediante xogos e actividades lúdicas tendo como guía para alumnado e familias o libro de texto.

Celebramos as diferentes festividades anglosaxonas coma Halloween, Christmas e Easter xunto co teatro en inglés ao que asistiu todo o colexio nos niveles de dificultade correspondente. Esta actividade foi a mellor do ano e se continuou utilizando ao longo do resto do curso. É altamente recomendable volver a repetila o vindeiro curso.

Nestes cursos atopámonos con problemas de aprendizaxe e/ou conduta que dificultaban o transcurso normal da clase. Cada grupo ten as súas peculiaridades e ao ser tan numeroso houbo momentos de conflitos por parte dos rapaces e interrupcións debido ao seu comportamento e actitudes correspondente a súa casuística individual e/ou a consecuencia de ter sido grupos tan numerosos. Para o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe establecéronse as seguintes adaptacións.

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Reforzo de técnicas de aprendizaxe.
3. Priorizar procedementos, hábitos e actitudes.
4. Adaptación/creación de materiais para un correcto desenvolvemento da situación de ensinanza – aprendizaxe por parte de todo o alumnado.

Como propostas de mellora establécense as seguintes:

- Valorar o novo libro de texto.
- Potenciar o traballo en equipo ou parellas cando a situación o permita.
- Traballar máis a escrita e a lectura na lingua estranxeira.
- Continuar coa formación do profesorado para o correcto aproveitamento das pantallas recién instaladas nas aulas.
- Tamén sería positivo o uso de desdobres para reducir a ratio das aulas e, deste xeito, poder empregar un método comunicativo en condicións máis favorables para o alumnado. A separación/flexibilización do alumnado cando sexa necesario posto que hai moitos rapaces que necesitan supervisión constante e, sin dúbida, este é un punto primordial para o correcto aproveitamento e eficacia do escaso tempo de ensinanza-aprendizaxe do idioma evitando así a interrupción durante a hora lectiva desta área de curricular.

#### **4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

. Neste curso académico 2022- 2023 contamos con 3 aulas de 4º nivel : 4º A ( 21 discentes), 4º B (20 discentes) e 4º C ( 18 discentes).

Este alumnado acadou na súa totalidade o nivel de competencias e obxectivos mínimos en L.Inglesa , en algún caso con R.E.

. Neste curso académico , como xa noutros, traballáronse os contidos do currículo nas 4 destrezas básicas: Listening, Speaking ( Comunicación Oral), e Reading and Writing( Comunicación Escrita) usando material físico de referencia “New Tiger 4” (Students Book and Activity Book) da Ed. Macmillan complementado con outras actividades : vídeos, cancións, lecturas de libros, composicións, filmes. así como material dixital colgado na Aula Virtual do Colexio.

. Acorde ao currículo, tamén traballamos as celebracións de Halloween, Thanksgiving Day, Black Friday, Christmas, Peace Day, St. Valentine´s Day, mostrando na web do Colexio un power point con explicación de cada Festival: as súas orixes, evolución, tradición,...

- . No mes de Marzo, asistimos a obra de teatro en Inglés “ FEARLESS JOHN “ no multiusos do pobo, interpretada por actores e actrices da compañía catalana Theatre4Children.
- . Resaltar o proxecto de Plurilingüismo no que participamos dende 1º de E.Primaria. Nel, resaltar o traballo interdisciplinar da materia de L. Inglesa en relación con Plástica.
- . A ensinanza- aprendizaxe desta materia é impartida en Inglés e da man do Auxiliar de Conversa americano Aaron , moi eficiente, empático e cariñoso co alumnado.
- . Contamos con recursos tanto físicos ( a Biblioteca do Centro, libros, libretas, fotocopias,...) coma recursos tecnolóxicos, ordenadores , pizarra dixital,... que contribúen a unha ensinanza- aprendizaxe significativa e produtiva.
- . Destacar a boa actitude e interese do noso alumnado de cara a materia de L. Inglesa, así como a boa predisposición e comunicación coas titoras e a colaboración das familias no traballo coas que se mantén constante contacto por Abalar.

Propostas de mellora:

- Maior participación oral dos alumnos na clase, superando medos para que se produza unha aprendizaxe activa e significativa a través de representacións reais .
- Potenciar o traballo en equipo.

Contamos seguir na mesma liña para o vindeiro curso escolar.

## 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os alumnos/as de 5º Nivel de Ed. Primaria ( 5ªA -24 ), (5ªB- 23 ) , acadaron o nivel de competencias e obxectivos mínimos en Lingua Inglesa case na súa totalidade. Soamente 4 alumnos/as non acadaron competencias mínimas por razóns de incorporación tardía ao Centro (3) procedentes de Cuba e Venezuela, por desfase curricular (1) procedente de Rumanía o pasado ano e con Adaptación Curricular. .

Como cada ano académico, os Contidos do currículo da materia foron traballados nas 4 destrezas básicas: listening, speaking, reading and writing empregando recursos tanto físicos como virtuais.. Empregouse como material físico “ New Tiger 5 ( Class Book , Activity Book) da Ed. Macmillan. como a Biblioteca do noso Colexio, posters, Como material **tecnolóxico** ( uso de laptops, radio escolar, pizarra dixital, ...). Tamén fixemos **uso da plataforma EDIXGAL** dende a que, de xeito contextualizado, se traballou a Comunicación Oral e Comunicación Escrita colgando contidos e actividades referidas aos topics deste nivel.

Destacaremos o **traballo interdisciplinar** da materia de L. Inglesa en relación con con outras materias do currículo como **C.Sociais** ( Países, tradicións en outros lugares, deportes, comidas, uso de gadgets,...)

Non menos relevante foi a celebración de Festividade anuais propias dos países de lingua inglesa: Halloween, Thanksgiving Day, Black Friday, Christmas, Peace Day, St.Valentine's Day,..Fixemos power points explicativos sobre cada Festividade: orixe, tradición, evolución, costumes,.. O alumnado de 5º asistiu no mes e marzo á obra de teatro FEARLESS JOHN ( do mesmo xeito que comentei na memoria de 4º)

Confiamos en seguir na mesma liña para o ano académico próximo

## 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os alumnos e alumnas de 6º Nivel de Ed. Primaria ( 25 de 6ºA e 25 de 6ºB ) acadaron o nivel de competencias e obxectivos mínimos case na totalidade.

Os dous discentes con Adaptación Curricular que non acadaron valoración positiva é debido a desfase curricular que ven arrastrando dende cursos anteriores, situación social desfavorable, incorporación tardía ao noso Sistema Escolar.

A aprendizaxe de contidos na materia de Lingua Inglesa foron traballados tanto na Comunicación Oral coma na Comunicación Escrita.

Como material de referencia tivemos o “New Tiger 6” ( Class Book and Activity Book) da Ed. Macmillan complementado con **recursos dixitais** (ordenadores, pizarra dixital,.. ),e **recursos físicos**( Biblioteca do Colexio, fotocopias, vídeos, cancións,radio escolar )...

Contamos co proxecto das Sección Bilingües na materia de Ciencias da Natureza reforzado por auxiliar de conversa americano Aaron o que contribúe a ensinanza- aprendizaxe de contidos de Science interdisciplinarmente coa L.Inglesa.

Levamos a cabo Festividades anuais que menciona o Currículo: Halloween no mes de Outubro, , Thanksgiving Day, Black Friday en Novembro, Christmas en Nadal, Peace Day en Xaneiro, St.Valentine’s Day en Febreiro.. Fixemos power points de cada un deles que colgamos na Web do Cole para dar a conecer a orixe, costumes, detras celebracións alglosaxonas.

Contamos coa **plataforma EDIXGAL** onde traballamos contidos de xeito competencial, facendo actividades contextualizadas , motivadoras e significativas que facilitan a ensinanza- aprendizaxe da L.Inglesa. Como **recursos** empregamos distintos: **físicos** como a Biblioteca do noso Colexio, posters, ,...e **tecnolóxicos** ( ordenadores clásicos, radio escolar, ...). Tamén fixemos **uso da plataforma EDIXGAL** dende a que, de xeito contextualizado, se traballou a Comunicación Oral e Comunicación Escrita colgando contidos e actividades referidas aos topics deste nivel.

Asistimos á obra de teatro **FAIRLESS JOHN**, obra interpretada por actores da compañía catalana Theatre4children.

Son alumnos /as moi competentes en **TICS**, con gran autonomía a maior parte ante as tarefas.

Participamos no **Proxecto Digital Week** no pasado mes de Outubro en Bergondo ( 25 alumnos/as) e participamos no **Proxecto Spring Week** á segunda semana de Xuño nos Peares ( 25 alumnos/as).

Alumnado con grande capacidade de traballo, boa actitude, con espírito de superación,... Promoción que me deixa grandes e maravillosos recordos!.

## MEMORIA SECCIÓNS BILINGÜES

Neste curso académico 2022-2023 o Programa das Seccións Bilingües foi impartido na materia de Science (Ciencias Naturais) a un total de 47 alumnas/os repartidos en dúas clases de 6º de Primaria (25 alumnos/as en 6ºA e 25 alumnos/as en 6ºB), durante dúas horas semanais (mércores e venres en 6ºA e luns e venres en 6ºB). O obxectivo principal foi que alumnado adquirise os obxectivos e contidos da área de Science, empregando a lingua estranxeira-inglés como lingua de

referencia. Esta aprendizaxe integrada da lingua inglesa, consideramos que beneficiou en gran medida o desenvolvemento das competencias clave.

Esta área é impartida en inglés, co que os obxectivos a traballar foron dúbidos:

- ☒ Fomentar o uso do inglés de maneira integrada na área de Ciencias Naturais.
- ☒ Mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- ☒ Colaborar activamente coa mestra de Inglés para a anticipación do vocabulario traballado nas unidades, rasgos culturais, gramaticais, etc.
- ☒ Potenciar a valoración da cultura inglesa grazas ao traballo realizado polo auxiliar de conversa, que colaborou en todas as actividades propostas e ao mesmo tempo achegoulles a lingua inglesa ao alumnado. Este labor fíxoo a través de experimentos científicos relacionados coa vida diaria, experiencias lúdicas e participación nas diferentes actividades realizadas a nivel centro.

Os contidos traballados durante este curso foron:

### **MÓDULO 1**

- ☒ Nutrición e Sistema Dixestivo.
- ☒ O Sistema Respiratorio.
- ☒ O Sistema Circulatorio.
- ☒ O Sistema Excretor.
- ☒ Os Sentidos e o Sistema Nervioso.
- ☒ Sistema Locomotor
- ☒ Sistema reprodutivo
- ☒ Saúde e enfermidade

### **MÓDULO 2**

- ☒ Seres vivos
- ☒ Ecosistemas

### **MÓDULO 3**

- ☒ Materia e enerxía
- ☒ Electricidade e magnetismo

En canto ás reunións de equipo, estas realizábanse cada mércores para planificar o traballo da semana e compartir experiencias, dúbidas, suxestións, etc. As actividades estiveron enfocadas para mellorar o uso da lingua, tanto nas destrezas orais (LISTENING/ SPEAKING) coma nas destrezas escritas (READING / WRITING). Así que contamos tanto con experimentos reais coma con vídeos, actividades múltiples, xogos, actividades interactivas, etc., para traballar os contidos. Os recursos empregados foron: fotocopias, ordenador, pizarra dixital, uso de diferentes zonas do centro, etc.

Este curso contamos coa presenza dun auxiliar de conversa procedente de EE.UU., compartido co CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña, contando con el no noso centro os luns e mércores.

Como propostas de mellora de cara aos vindeiros cursos consideramos importante seguir insistindo na importancia da comunicación oral por parte do alumnado, dado que é unha das destrezas máis difíciles para eles.

En canto ao alumnado destacamos o seguinte:

#### **No grupo de 6ºA:**

- Unha alumna procedente de Venezuela con dificultades na lingua inglesa que recibe RE por parte da mestra da área

#### **No grupo de 6ºB:**

- Dous alumnos con Adaptación Curricular na área de Ciencias da Natureza que non acadaron os mínimos esixibles da materia por falta de actitude, implicación e de traballo.
- Dúas alumnas que recibiron RE por parte da mestra da área durante o curso escolar, adquirindo os mínimos da materia de forma superficial.
- Un alumno que recibiu RE por parte da mestra durante a primeira avaliación por adecuación de tempos para a realización das probas escritas.
- Unha alumna que recibiu RE por parte da mestra da área, que non consegue chegar aos mínimos da materia, polo que recibe unha cualificación negativa na mesma.

#### **Materias suspensas**

En canto aos resultados académicos:

##### **No grupo A:**

24 nenos e nenas acadan unha calificación positiva na aula, fronte a 1 alumna que non chega a acadar os mínimos esixibles.

##### **No grupo B:**

19 nenos e nenas acadan unha calificación positiva na aula, fronte a 3 alumnos/as quenon chegan a acadar os mínimos esixibles da materia establecidos nos seus respectivos referentes de avaliación.

## MEMORIA DO PROGRAMA PLURILINGÜE

No curso 2022/2023 no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza de Santa Comba funcionaron nove aulas bilingües na área de Educación Plástica e Visual (1ªA e 1ªB, 2ªA e 2ªB, 3ªA e 3ªB e 4ªA, 4ªB e 4ªC), dunha sesión semanal para cada grupo.

O obxectivo deste proxecto é reforzar a aprendizaxe do inglés como lingua vehicular no contexto actual e que forme parte da aprendizaxe do alumnado.

Estableceuse unha reunión semanal para levar a cabo a coordinación, os martes a 3ª hora para, deste xeito, evitar a repetición de contidos ou reforzar aqueles máis necesarios. Deste xeito ofrécese unha aprendizaxe contextualizada do inglés evitando duplicidades e reforzando contidos.

Ao longo do curso o alumnado realizou diferentes traballos nos que se combinaban arte, plástica e inglés.

Ditas actividades traballaban os contidos de Arts and Crafts en lingua inglesa para ofrecerlles a práctica na lingua estranxeira nun contexto diferente ao da clase de lingua inglesa.

Algúns dos contidos traballados foron os seguintes: tempo atmosférico, material escolar, prendas de vestir, animais, seasons... Así mesmo, utilizáronse diferentes técnicas plásticas ao longo do curso como o estampado, recortado, pegado, collage, puntillismo, soplido...

Ademais, ao longo do curso o alumnado realizou actividades plásticas relacionadas coas diferentes celebracións e conmemoracións do ano escolar: Halloween, Nadal, Entroido, Easter...

Ditos traballos foron expostos nos corredores da escola ou almacenados polo alumnado no seu portafolio ou bloc persoal para ser finalmente compartidas coas súas familias.

Contouse coa colaboración dun auxiliar de conversa no centro, quen participou de forma activa durante o proceso, elaborando propostas e material para a asignatura e colaborando durante o desenvolvemento das sesións en cada un dos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria.

Como propostas de mellora e atendendo primeiramente ás expostas o curso pasado, fíxose unha recompilación das actividades levadas á práctica nas diferentes aulas no libro de actas, considerando para o seguinte curso a creación dunha memoria en formato dixital con material fotográfico das actividades desenvolvidas.

Ademais, sería interesante a introdución das TIC por parte do alumnado nas súas propias creacións mediante o uso de diferentes programas e apps con diferentes finalidades: creación e edición de fotografías ou vídeos, deseño de obras de creación propia en 3D... aproveitando, á súa vez, o material de Polos Creativos posto a disposición do centro.

## MEMORIA EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### INTRODUCCIÓN

---

O principal obxectivo que persegue este proxecto é a normalización da lingua galega nun contexto no que o noso idioma xa é empregado pola meirande parte, aínda que heteroxénea, da comunidade educativa; espertar sentimentos de valoración e respecto pola lingua galega, pola nosa cultura e, por suposto, pola normalización da mesma promovendo o seu uso en todos os contextos, tanto formais como informais.

A presente memoria pretende reflectir de maneira clara e concisa as actividades que se levaron a cabo durante o curso escolar 2022-2023 segundo as liñas de traballo que se trazaron no [Plan de Dinamización da Lingua Galega](#) e no [Proxecto de Fomento do Uso do Galego](#). Tamén persegue deixar constancia das colaboracións realizadas cos diferentes equipos que alberga o centro escolar, así como o nivel de participación acadado por toda a comunidade escolar

## MEMBROS

MEMBROS	
María Dolores Pérez Cancela	Titora Educación Primaria/ Xefa de Estudos
María de la Paz Pérez Gorgal	Pedagoxía Terapéutica
Yolanda Guerrero Mariño	Pedagoxía Terapéutica
Melisa Rial Nieto	Titora de educación infantil
Celia Viña Molinos	Titora educación infantil
Olaia Novo Pérez (coord.)	Especialista Música / coord. EDLG

As **reunións de departamento** realizáronse os **segundos luns de cada mes** ás **13.20 hrs** na **aula de Música e Danza** segundo o calendario escolar. Todas as xuntanzas que sufreron un cambio de data foron notificadas por correo electrónico e/ou previo consenso do equipo a través de Whatsapp.

Continuando co traballo dos cursos anteriores, os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega traballamos en coordinación co **Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar** do centro (este ano xa formando parte do PLAMBE co proxecto “Unha nova vida”), co **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares**, co **Equipo de Dinamización das TIC**, co **Proxecto Deportivo de Centro** e coa **Comisión de Convivencia** nun **proxecto** que se caracteriza por ser **dinámico, aberto e flexible**.

## ACCÍONS LEVADAS A CABO

### Todo o curso

- Edición de boletíns informativos
- Carteis explicativos
- Adquisición das novidades literarias en galego
- Colaborar na publicación das diferentes actividades na páxina web do centro
- Lecturas en galego
- escoita de Música Galega de diferentes autores

Premer nas imaxes para ver todo o contido multimedia como memoria de cada unha das actividades.

### RAP na escola 6º EP



### Recursos para Magosto



### Recursos para Samaín






- [Recursos para Samaín](#)
- [Recursos para o Magosto](#)
- [Queima de Medos](#)
- [Aulas sensoriais terroríficas](#)
- [Celebración do Samagosto](#)
- [Espectáculo da SXPL "Xogar e aprender en galego mola!"](#)



- Colaboración co equipo de convivencia:



- Colaboración co equipo de biblioteca e de convivencia:



- Colaboración co Concello de Santa Comba:

## Concurso Postais de Nadal 2022-23



- Día de Rosalía de Castro | 23 F

## 23F Día de Rosalía de Castro



- Entroidos Patrimonio Mundial

## Entroidos Patrimonio Mundial



- Practicamos a lectoescritura no 1º ciclo de EP: intercambio de cartas co CEIP Pérez Viondi (A Estrada) e visita a correos para aprender o seu funcionamento e a facer envíos postais.

## 1ºB cartas co CEIP Pérez Viondi



## 1º Ciclo visita Correos



- Espectáculo Wombo Kombo | GALETEATRO e Paula Carballeira.

Wombo Kombo  
Galeatro 5º EP



- Celebración do Día Internacional dos Museos no CGAC co espectáculo de ODAIKO PERCUSSION.

Día Internacional dos Museos  
Odaiko



- Letras Galegas: Francisco Fernández del Riego



- Excursión a Santa Uxía de Ribeira do 2º ciclo:

Santa Uxía de Ribeira  
2º ciclo



- Festival de Fin de Curso do 2º e 3º ciclo: proxecto escénico de teatro, poesía, música , danza e arte en acción. Colaboración coa mestra de Música e Danza.



- Concerto de Fin de Curso: concerto de A Banda do Verán na praza do pobo de Santa Comba para todo o centro educativo xunto ao centro CEIP Plurilingüe Pepe de San Baña e o CEIP Plurilingüe Ntra Sra Inmaculada. Organizado pola mestra de Música e Danza en colaboración co Concello de Santa Comba e a Diputación de A Coruña.



## COLABORACIÓN CON OUTROS EQUIPOS

---

O traballo colaborativo entre equipos foi en xeral fluído, aínda que ten bastante marxe de mellora. Practicamente todas as actividades levadas a cabo foron transversais a varios equipos simultaneamente. Colaboramos con Convivencia e Biblioteca e viceversa. O equipo TIC estivo presente en toda a actividade departamental. Ademais, cabe salientar, o estreito traballo coa concellaría de educación do concello de Santa Comba, sempre en boa disposición de axudar ou facer de ponte entre institucións e entidades.

## CONSECUCCIÓN DE OBXECTIVOS

NA	Non acadado
PA	Parcialmente acadado
TA	Totalmente acadado

OBXECTIVOS PROXECTADOS NO PLAN DE DINAMIZACIÓN	NA	PA	TA
• Garantir os dereitos lingüísticos dos galego falantes no seo da nosa comunidade educativa			X
• Conseguir romper a idea de que o idioma galego e a cultura galega están irremediabilmente unidas ao pasado e ao mundo rural.			X
• Fomentar entre os pais e as nais do noso alumnado o uso do galego cos seus fillos/as valorando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.			X
• Potenciar e fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos.			X
• Mellorar as destrezas e competencias lingüísticas do alumnado e do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.			X
• Potenciar as actividades artísticas en lingua galega.			X
• Coñecer o patrimonio cultural material e inmaterial e participar das festas tradicionais celebradas na escola e na contorna.			X
• Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.			X
• Promover relacións en galego coas entidades, colectivos e administracións da contorna que teñan incidencia na comunidade educativa.			X
• Fomentar e facilitar a integración sociolingüística escolar do alumnado estranxeiro e doutras comunidades autónomas.			X
• Difundir a música galega entre o alumnado.			X
• Valorar positivamente o galego sen discriminacións.			X

## PROPOSTAS DE MELLORA

Como se proxectou no Plan de Dinamización da Lingua, a avaliación inicial foi a que xustificou o esbozo e posta en marcha de cada unha das accións programadas para este curso escolar. A avaliación continua foi a que nos permitiu valorar o grao de cumprimento de cada un dos obxectivos que se pretendían acadar, grao de realización e participación da comunidade educativa nas actividades, a adecuación de tempos para levalas a cabo e se a metodoloxía, recursos e materiais empregados foron os máis axeitados.

Unha vez efectuadas as avaliacións realizouse unha avaliación final tendo en conta todos os parámetros anteriormente citados e valorando tamén o nivel de comunicación entre os membros do

equipo e entre o equipo e outros equipos, así como as relacións máis verticais co equipo directivo e coa coordinadora territorial dos EDLG da provincia da Coruña.

- Mellorar o nivel de participación dos membros do equipo.
- Aumentar a comunicación e melloralala con outros equipos do centro.
- Continuar fomentando a integración socioligüística do alumnado e familias doutras procedencias.
- Crear unha "escola de pais e nais" onde se desenvolvan actividades de integración potenciando o galego como lingua vehicular de comunicación e expresión.

## MEMORIA DO PLAN PROXECTA

### PROXECTO DE VIDA ACTIVA E INTRODUCCIÓN

O obxecto do proxecto é a creación dun "Proxecto de Vida Activa e deportiva" no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza (Santa Comba) que constitúa este centro como "Promotor da Actividade Física e o Deporte".

A súa finalidade fundamental é coordinar, dinamizar e organizar diferentes actividades relacionadas coa actividade física e o deporte que implique a todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal de servizos do centro e contorna do centro educativo.

Este curso académico cualificamos o proxecto de moi positivo, xa que realizamos multitude de actividades relacionadas co deporte, a actividade física e promoción da vida activa cun alto nivel de implicación da comunidade educativa.

#### OBXECTIVOS

Creemos que os obxectivos propostos como punto de partida e perseguidos no proxecto foron conseguidos en maior ou menor medida, tendo en conta que é difícil cambiar os hábitos de vida dos diferentes axentes da comunidade educativa en tan pouco tempo, e creemos necesario continuar en vindeiros cursos co traballo realizado para ver cambios significativos nos hábitos de vida saudábeis dos alumnos e alumnas.

- Dinamizar os tempos de recreo e comedor ofertando múltiples actividades activas relacionados co exercicio físico e os deportes. Durante gran parte do curso o patio de recreo estivo en obras para a creación da pista multideportiva polo tanto non puidemos poñer en práctica DIVERTIPATIO (20% debido a non poder poñer en práctica a actividade de recreos saudábeis DIVERTIPATIO)
- Coordinar o uso dos equipamentos deportivos en horario escolar e extraescolar (material e espazos).
- Establecer relacións entre os diferentes axentes da comunidade educativa (alumnado, pais e nais, mestres/as e persoal de servizos do centro) en materia de actividade física e deporte.
- Informar á comunidade educativa e fomentar hábitos de vida saudábeis e activos.
- Ofrecer diferentes opcións de actividade física e exercicio en períodos de confinamento.
- Fomentar a participación en actividades físico-recreativas no tempo de ocio ou "non lectivo". (20% debido á súa dificultade nun centro de Primaria).
- Dar a coñecer ao alumnado diferentes alternativas de exercicio físico e deporte susceptibles de ser practicadas no seu tempo de lecer.

Informar á comunidade educativa da oferta en materia de actividades deportivas e recreativas da contorna.

### ORGANIZACIÓN

As actividades realizadas, nas que colaboraron un total de 14 mestres/as, foron as seguintes:

- Obradoiro de alimentación saudable
  
- Decálogo de alimentación saudable no tempo de Nadal.
  
- Saídas saudables: actividades fóra do centro educativo onde o alumnado realizou exercicio físico adaptado con relación ao seu grupo de idade.
  
- Carreira solidaria "Corre pola inclusión - Barrié Solidario", actividade na que participou toda a comunidade educativa e pola que se recadaron 2304,34 euros. esta doazón foi ingresada a partes iguais á Fundación de Discapitados Barcala e á Asociación AVANTE.
  
- Menús saudables
  
- Día Mundial da saúde
  
- Tenis na Escola en colaboración coa Federación Galega de Tenis
  
- Concurso de debuxo e redacción DIVERTICAN
  
- Batería de probas DAFIS en todos os grupos do centro.
  
- Actividade de pesca deportiva.
  
- Charla sobre alumnado con diversidade funcional da asociación AVANTE.
  
- Martes e mércores sobre rodas, actividade de dinamización dos patios escoares onde o alumnado pode xogar con xoguetes con rodas (monopatíns, patinetes ou patíns) no recreo.
  
- Obradoiro de quietude e ioga para todos os cursos.
  
- Probas de campo a través XOGADE.
  
- Froita e lácteos na Escola.
  
- RCP nas aulas.
  
- Mes das Persoas con Discapacidade.
  
- Rap na Escola.

## **AVALIACIÓN**

Realizouse unha avaliación inicial, ao comezo do proxecto, e outra final ao remate do curso académico.

Na avaliación inicial observamos, como cursos anteriores, a grandes rasgos, que un porcentaxe alto do alumnado ou ben non participaba no seu tempo de lecer nalgunha actividade deportiva ou o facía moi poucos días á semana e un tempo escaso. Tamén nos decatamos que aproximadamente un 40 % do alumnado presentaba sobre-peso. Con relación á alimentación, e analizando as "merendas" que o alumnado traía ao centro para comer no tempo de recreo observamos que nun porcentaxe moi escaso eran merendas saudábeis (froita e alimentos non industrializados).

Analizamos tamén os resultados das probas físicas (batería de probas DAFIS) e observamos que o alumnado do centro ten un alto índice de sobrepeso e obesidade, máis alto que a media de Galicia e de España, polo tanto esta problemática será de vital importancia o seu traballo en vindeiros cursos

académicos. Queda pendente completar a subida de todos os datos destas probas á plataforma DAFIS.

Ao finalizar o curso realizamos unha xuntanza entre todos os mestres/as participantes no proxecto e coñecer que aspectos son susceptibles de mellora para o curso que vén e cualificando o proxecto como moi positivo para toda a comunidade educativa.

Aínda que no anterior apartado especificamos en que actividades participou directamente cada mestre/a, é importante dicir que todo o profesorado tivo unha disposición positiva cara todas as actividades e todos/as os mestres/as colaboraron na organización das actividades.

## **APRENDO A PROGRAMAR NO BARRIÉ**

### **INTRODUCCIÓN**

Este proxecto levouse á práctica en 6º B, máis en concreto nun reducido grupo de alumnos e alumnas que cursan a área de alternativa á relixión católica, aínda que os demais alumnos e alumnas da clase tamén colaborarán no proxecto final.

O proxecto levouse á práctica cun grupo de nove alumnos ou alumnas na área de alternativa á relixión. Realizaron un traballo coa aplicación SCRATCH arredor dun tema común: "os refuxiados de guerra".

### **OBXECTIVOS**

Os obxectivos preestablecidos foron os seguintes:

- Comprender os fundamentos básicos da programación.
- Traballar en grupo respectando diferentes puntos de vista e capacidades.
- Utilizar os recursos das TICs en actividades educativas.
- Complementar o traballo realizado a través do Proxecto de vida Activa e deporte relacionado coa alimentación saudable e os beneficios do exercicio físico.
- Coñecer a utilidade educativa da ferramenta Scratch.
- Traballar temas transversais e valores a través das novas tecnoloxías.
- coñecer a problemática actual das persoas refuxiadas e crear unha actitude crítica con calquera tipo de discriminación.

Os obxectivos foron cumpridos por todos os alumnos e alumnas participantes no proxecto, resultando un proxecto moi enriquecedor para o alumnado participante.

### **ORGANIZACIÓN**

Empregamos unha metodoloxía activa baseada no procedemento por enriba do resultado, tentando que o alumnado participara activamente na súa propia aprendizaxe, empregando métodos de busca de información e análise de resultados en grupo onde o mestre fará de guía de todo o procedemento.

Organizamos os contidos a través do enfoque comunicativo. Neste enfoque promúlgase un tipo de ensino centrado no alumno/a, nas súas necesidades comunicativas e de aprendizaxe.

O traballo foi sempre en grupo, onde o mestre organiza ao grupos e este elixe un coordinador que foi o encargado de organizar e harmonizar o traballo xeral, ademais de expoñer as dúbidas e coordinar as relacións intragrupo e intergrupais. A elección do coordinador ou coordinadora fíxose de



forma democrática no seo do grupo.

Cada grupo dispuxo de ordenadores portátiles EDIXGAL, contaron, ademais, co software dos mesmos: de tratamento de imaxe, de audio e son, de diapositivas, etc.

Posteriormente cando o alumnado xa estivo familiarizado coa aplicación comezamos a elaborar o traballo en grupo : "Emid un neno refuxiado en Galicia" na que cada alumno ou alumna foi encargado dun aspecto: debuxar, dixitalizar imaxes, tratamento de son, etc.

Buscamos tutoriais na internet para aprender a programar con Scratch e comezar a definir como ía ser o noso traballo final, o conto, as actividades que incluíríamos no propio conto interactivo, etc.

## AVALIACIÓN

Realizamos unha valoración do nivel de aprendizaxe do alumnado e unha análise global de todos os compoñentes.

Ademais do grao de consecución dos obxectivos xerais e específicos, valoramos aspectos da actitude no alumno, o traballo en grupo, o coidado do material, a orde e atención, a toma de decisións, o nivel de cohesión do grupos, a capacidade de expresión e o esforzo para ilo revisamos o rexistro anecdótico e as escalas de valoración que fomos cubrindo ao longo de todo o proceso educativo.

Aínda que, como xa explicamos, a avaliación foi un procedemento continuo e baseado na observación directa e sistemática, ao final realizamos unha avaliación sumativa de todo o proxecto e entre todos e todas sacamos unha conclusión final.

Finalmente con todo o material elaborado valorado e avaliado todo o proceso redactamos esta memoria final. É necesario citar que debido á ausencia de varios alumnos ou alumnas por participación en actividades extraescolares ou por enfermidade tivemos dificultades para rematar o traballo final e é necesario destacar o esforzo de todo o alumnado para conseguilo.

O produto final acadado foi valorado como moi positivo polo coordinador do proxecto, xa que o grupo funcionou correctamente e involucrouse perfectamente na súa propia aprendizaxe.

## MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación do CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA estivo constituído neste curso académico 2022-23 polos seguintes membros:

- Coordinadora da Educación Infantil: SANDRA FRAGA LEIS
- Representación dos coordinadores dos ciclos de Educación Primaria: M<sup>a</sup> DOLORES PÉREZ CANCELA
- Especialistas en Pedagogía Terapéutica: MARÍA DE LA PAZ PÉREZ GORGAL, M<sup>a</sup> DOLORES CANCELA BOUZAS e YOLANDA GUERRERO MARIÑO
- Especialistas en Audición e Linguaxe: BORJA BOADO LÓPEZ e YAIZA GONZÁLEZ PAINCEIRA
- Profesorado do Programa PROA+: AIDA CALVIÑO LORENZO e ANA MARÍA GONZÁLEZ LÓPEZ
- Xefatura do Departamento de Orientación: LUCÍA GESTO PARGA

Ao longo do curso esta composición sufriu cambios por baixas laborais de saúde.

Neste curso 2022-23, o Departamento de Orientación atendeu un total de 13 unidades de Educación Primaria, 6 unidades de Educación Infantil e 1 Unidade de Educación Especial.

## En relación os obxectivos propostos no plan:

### Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

A atención educativa a este alumnado organizouse seguindo os criterios de prioridade establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e concretados este mesmo curso nunha Comisión de Coordinación Pedagóxica; do máis grave ao máis leve e dos niveis inferiores aos superiores.

Os apoios por parte dos especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica leváronse a cabo, tanto dentro como fóra da aula, tendo en conta o tipo de resposta que precisou o alumnado en cada momento, individual ou en pequeno grupo, para optimizar a resposta educativa en función das necesidades individuais apreciadas. Sempre en coordinación co titor/a, a autorización doas familias e tendo en conta o disposto na lexislación vixente.

No apoio a este alumnado organizouse tamén a atención por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria, centrándose principalmente este curso nos segundos cursos de EP, cursos numerosos, con ACNEAE e diferentes alumnos/as que non promocionaron o curso anterior; tamén nun dos primeiros de EP.

### En relación aos obxectivos restantes leváronse a cabo as seguintes actuacións:

ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN		
	TD	PD	ND
Asesoramento ao equipo directivo.	X		
Asesoramento á CCP sobre medidas de atención á diversidade	X		
Celebración das reunións semanais do Departamento de Orientación.	X		
Constitución do Departamento de Orientación.	X		
Proposta de organización dos apoios por parte do profesorado de AL, PT e profesorado con dispoñibilidade horaria.	X		
Proposta de organización dos horarios das Persoal Auxiliar Coidador.		X	
Constitución do Departamento de Orientación do IES.	X		
Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.	X		
Información e tramitación das bolsas estatais para o alumnado con NEAE.	X		
Realización das avaliacións iniciais do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.	X		
Celebración do día internacional das Persoas con Discapacidade, ao longo do mes de decembro, en ambas etapas educativas.	X		
Proposta e implementación de programas proactivos en			X

dificultades nas áreas instrumentais .			
Continuación do programa de estimulación da linguaxe oral en EI, impartido polas mestras de apoio a esa etapa educativa.	X		
Orientar a revisión do Plan de Convivencia para a constitución da aula de convivencia ou aula de reflexión.			X
Revisión trimestral do Plan Xeral de Atención á Diversidade e inclusión dos últimos protocolos publicados pola Consellería de Educación.		X	
Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas e dos correspondentes informes.		X	
Coordinacións con Servizos Externos de entidades con convenio en relación ao alumnado con NEAE (ASPANAES, CEE MANUEL LÓPEZ NAVALÓN, SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ DO CONCELLO, SERVIZOS SOCIAIS, UAT DO CHUS, UACO...).	X		
Realización de informes de derivación e coordinación cos servizos sanitarios e sociais.	X		
Demandas de intervención ao EOE correspondente.	X		
Asesoramento na realización e seguimento das Adaptacións Curriculares (AC).	X		
Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.		X	
En coordinación co DO do IES, desenvolvemento de accións relativas á acollida e á transición á ESO (visita ao instituto, charla por parte da orientadora de Secundaria na escola, traslado de información...).	X		
Reunións convocadas polo DO do IES ao que estamos adscritos.	X		
Participación e asesoramento nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.	X		
Colaboración coa Asociación de Nais e Pais dos Alumnos e Alumnas.			X
Recollida de información e avaliación do alumnado de nova incorporación á Educac. Infantil que entra pola quenda NEAE	X		
Apoio específico ao profesorado en relación ao alumnado con dificultades e problemas de conduta.		X	
Asesoramento ás familias.	X		
Adquisicións materiais con cargo ao orzamento do departamento.	X		
Asistencia e asesoramento nas sesións de avaliación.	X		
Seguimento do Plan de Acción Titorial.			X

Desenvolvemento do Plan Anual de Actividades do Departamento.	X		
Revisión trimestral do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	X		
Informar ao DO do IES Terra de Xallas do alumnado proposto para grupos específicos de RE a través do Informe Final de Etapa (segundo acordo entre os dous DO).	X		
Elaboración dos informes do alumnado que remata primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica.	X		
Deseño de propostas , revisión e solicitude de autorización en relación a medidas de atención á diversidade (AC e flexibilización).	X		
Participación nas iniciativas e proxectos do centro (coordinación co equipo de dinamización da convivencia).		X	
Acollida do alumnado do CRA A Tarandeira de Coristanco e traslado da información relevante.	X		
Redacción da memoria do Departamento de Orientación.	X		

TD: totalmente desenvolvida

PD: parcialmente desenvolvida

ND: non desenvolvida

OBXECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN		
	TA	PA	NA
Colaborar cos Equipos de Ciclo, Equipos Docentes e Equipo Directivo no deseño, planificación, desenvolvemento e avaliación das distintas actuacións que se realicen no centro para favorecer a personalización da educación, con especial énfase no apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.		X	
Participar activamente no desenvolvemento do Plan de Orientación e os Programas de atención á diversidade , Plan de Acollida e Plan de Acción Titorial.		X	
Contribuír á valoración das necesidades educativas do alumnado e participar no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.	X		
Informar e asesorar ás familias en todo o referente á educación dos seus fillos/as, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.	X		
Autoavaliar o funcionamento do departamento, en orde a promover unha optimización e mellora continua das súas	X		

actuacións.			
-------------	--	--	--

TA: totalmente acadado

PA: parcialmente acadado

NA: non acadado

## PROPOSTAS DE MELLORA

---

A valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación Anual, foi considerada positiva, aínda que sempre é mellorable.

As **propostas de mellora** de cara a cursos posteriores pasan por:

- A necesaria dotación dunha praza de orientación con maior estabilidade, un aspecto que influiría positivamente tanto no alumnado, coma no profesorado como nas familias.

- En relación aos recursos de mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica (3) e Audición e Linguaxe (2), ademais das dúas mestras especialistas en atención á diversidade do Programa Proa+, serán necesarios o vindeiro curso para atender ás NEAE deste centro educativo, engadíndolle as frecuentes novas matriculacións que se producen durante todo o curso.

- Consideramos tamén que se fai necesaria a dotación de máis persoal no Equipo de Orientación Específico desta provincia, para que as demandas solicitadas poidan ser atendidas en tempo e forma .

- A necesidade de novos espazos no centro para o apoio fóra da aula ordinaria dos mestres que interveñen co ACNEAE, principalmente do profesorado Proa+.

- Maior coordinación entre o profesorado de Proa + e os titores para o desenvolvemento das clases.

- Continuar coas avaliacións psicopedagóxicas pendentes, coa finalidade de que todo o alumnado con NEAE poida recibir o apoio que precise de forma xustificada e como consecuencia, optimizar ao profesorado especialista en atención á diversidade. Priorizando a detección precoz das necesidades educativas. Tamén que a información recollida neses informes psicopedagóxicos teña repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado ao que fai referencia.

- Continuar a priorizar o apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria no 1º ciclo de Ed. Primaria.

- Tratar de que a impartición do Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) por parte das mestras de apoio á Educación infantil, se desenvolva durante sesións completas, non nas sesións de menor duración, pois é un recurso útil e necesario que pode previr a aparición de dificultades posteriores.

- Priorizar a avaliación formal por parte do DO das dificultades de lingüísticas a finais da etapa de Ed. Infantil ou principios da etapa de Ed. Primaria.

- Prantexar novas vías de formación do profesorado ou de información ao alumnado sobre novas temáticas (ex.: novas metodoloxías, maior uso das TRIC co ACNEAE, temas de igualdade, a diversidade en xeral como elemento enriquecedor...).

## **MEMORIA DOS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓ E LINGUAXE**

### **1.- CONTEXTUALIZACIÓN E ALUMNADO**

Iniciamos os apoios de PT e AL no mes de outubro, tomando como referencia a previsión feita no curso anterior. Ao longo do curso, tivemos un proceso de actualización do alumnado pendente de avaliación psicopedagóxica, o que fixo que o número fose variando. Sumando a iso, tamén houbo incorporacións tardías que foron xurdindo. Tomando como referencia a orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade (artigo 57) a intervención fóra da aula ordinaria tivo carácter excepcional, debidamente xustificada no informe psicopedagóxico. Agás as intervencións de AL dirixidas á reeducación da produción oral, nas que se realizaron agrupacións segundo as necesidades que foron xurdindo, e co obxectivo de dar resposta ao maior número posible de casos, aplicando **os criterios de intervención deseñados polo DO e aprobados nas canles correspondentes do noso centro.**

Nun primeiro momento realizáronse avaliacións iniciais para establecer o nivel de competencia curricular do que partimos, e así poder fixar obxectivos e recursos iniciais para as intervencións, ao tempo que se foron desenvolvendo os programas de intervención partindo das necesidades detectadas nas avaliacións psicopedagóxicas.

As necesidades que atendemos céntranse en distintos bloques:

- Alumnado que conta con AC: 8 alumnos que pertencen á etapa de Educación Primaria. Quedan dúas propostas desta medida extraordinaria para o próximo curso.
- Alumnado de apoio en Pedagogía Terapéutica: en xeral, presentan dificultades nas áreas instrumentais, derivadas de falta de atención, falta de hábitos de estudo ou condicións familiares e sociais desfavorecidas.
- Alumnado de Audición e Linguaxe: en xeral, presentan problemas relacionados coas diferentes compoñentes da linguaxe.

A intervención tivo como finalidade a consecución dos obxectivos propostos para cada área ou para as AC, centrándose nas competencias: lingüística, matemática, dixital e aprender a aprender.

As aulas de apoio de PT e AL e a aula específica do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza estiveron atendidas no curso 2022-2023 por:

- Mestra de AL 1.: Yaiza González Panceira (substituída por Belén Fernández Vázquez)
- Mestre AL 2: Borja Boado López
- Mestra de PT 1.: María de la Paz Pérez Gorgal

- Mestre de PT 2: Bienvenido Suárez Suárez (Mentor ADIX, substituído por Yolanda Guerrero Mariño)
- Mestre de PT 3: María Dolores Cancela Bouzas.
- Mestra de AL 3: (Proa+): Ana González López.
- Mestra de PT 4: (Proa+) Aida Calviño Lorenzo.

A continuación, presentamos o alumnado que recibiu apoio durante este curso escolar **2022-2023**:

ALUMNADO TOTAL		Con informe psicopedagógico	Sen informe psicopedagógico
ATENDIDO: AL= 37 PT= 53			
AL1	23	8	15
AL2	13	10	3
PT1 (a. específica)	10	7 (1 é AC)	3
PT2	25	9 (5 son AC)	16
PT3	18	14 (2 son AC)	4

Os espazos de intervención están equipados con equipos informáticos, materiais bibliográficos e específicos. Contamos con aulas de apoio provisionais debido ás obras acontecidas no centro polo proxecto de Polos Creativos. Ademais, contamos con aula de informática, específica e multisensorial.

As sesións de cada alumno/a establecéronse en reunión do DO buscando priorizar os recursos en función das necesidades detectadas. O horario de intervención por alumno/a está recollido nos informes individualizados.

O horario dos especialistas sufriu bastantes variacións, debido ás novas incorporacións ao centro e á detección de novas necesidades. En relación á AL 1 houbo un cambio debido a un permiso de maternidade, incorporándose outra especialista no centro no mes de xaneiro.

As dificultades que presentou o alumnado atendido foron de diversos tipos. Este feito creou a necesidade de traballar de distintas maneiras, adaptándonos ás características específicas de cada persoa.

O punto de referencia foi sempre ao seu nivel de competencia curricular, intentouse que o novo coñecemento tivese un punto de conexión coa aprendizaxe do alumnado no momento actual, para avanzar no seu proceso de aprendizaxe. Procurouse respectar os diferentes ritmos, para favorecer unha aprendizaxe significativa.

As accións levadas a cabo tanto na aula ordinaria, como na específica, centráronse principalmente nestes bloques e nas necesidades detectadas nas súas correspondentes avaliacións psicopedagógicas:

**1. No caso de alumnado NEE:**

- a. Aprendizaxe e reforzo de conceptos básicos.
- b. Creación e estabilización de rutinas en centro.
- c. Comunicación periódica coas familias e/ou a través da titora ou titor.
- d. Fomentar hábitos de autonomía persoal.
- e. Habilitación de espazos en recunchos TEACCH tanto na aula ordinaria como na específica.
- f. Establecer pautas de inclusión na Comunidade Educativa.
- g. Estimulación psicomotriz.

**2. No caso de alumnado NEAE:**

- a. Diminución do desfase curricular do alumnado.
- b. Adaptación de actividades de aula.
- c. Mellora das competencias lecto-escritoras e a expresión oral e escrita.
- d. Mellora da competencia matemática básica.
- e. Fomento da competencia comunicativo-lingüística.
- f. Aplicación de técnicas de estudo: resumos, esquemas, guións, orde no traballo académico, estruturación do tempo de estudo...
- g. Estudo de aspectos gramaticais, léxicos, ortográficos...
- h. Establecer pautas de inclusión na Comunidade Educativa.
- i. Mellora das habilidades sociais, autonomía e autoestima. Tráballose a consecución de competencias sociais e a educación en valores. O fin último foi intentar conseguir unha maior autonomía de todo o alumnado aproveitando ao máximo as súas competencias propias.
- j. Colaboración na elaboración de AC.
- k. Desenvolvemento dos Procesos Cognitivos Básicos (atención, memoria, percepción, razoamento...).

**• Outras accións levadas a cabo:**

- Participar na realización das avaliacións psicopedagóxicas realizados polo DO.
- Participación nas sesións das avaliacións trimestrais.
- Participación de forma activa nos órganos que nos corresponden (CCP, Convivencia, TIC, Biblioteca,...)
- Ofrecer pautas e apoio ás titoras e titores.



- Ofrecer apoio ás familias por diferentes medios.
- Participación activa na organización e reorganización de apoios no DO.
- Procura, creación e organización de materiais, tempos e espazos adaptados e específicos.
- Participación en distintas actividades formativas.

### **3.- COORDINACIÓNS**

Leváronse a cabo as seguintes coordinacións :

- Cos membros do DO: o horario contempla unha hora semanal para reunións do DO (xoves ás 11:35 a 12:25 en xornada partida e o mesmo día pero de 11:10 a 11:55 h. durante a continua).

Ademais de organizar a atención ao alumnado con NEE (e excepcionalmente NEAE, e sen modificacións nos nosos horarios) realizamos as tarefas propias do departamento na preparación de actividades propias organizadas por este. Tamén, prestouse apoio no desenvolvemento do Plan de Convivencia; na toma de decisións dos horarios do alumnado que precisou MAD. A maiores disto, programáronse outras reunións máis informais para a resolución de necesidades que ían xurdindo no día a día do centro e do noso alumnado.

- Co profesorado titor no proceso educativo do alumnado.
- Co profesorado de área do alumnado apoiado e dos que contaban con AC: na elaboración e xestión de materiais para traballar en ambas aulas, no proceso de avaliación...
- Coas familias, especialmente a inicio de curso para recoller información e informar das medidas de atención á diversidade que se ían aplicar a cada alumno/a. Tamén durante o curso académico en función das distintas necesidades que ían aparecendo co alumnado atendido tanto de xeito persoal coma por correo electrónico.
- Coas entidades externas: leváronse a cabo reunións con outros servizos externos á comunidade educativa, con convenio coa Consellería de Educación, que interviñeron directamente co alumnado: o Servizo de Atención Temperá do concello, ASPANAES, centro saúde de Santa Comba...
- Asistindo a distintas actividades complementarias para apoiar ás NEE de alumnado (Samaín, Nadal, Entroido, excursións...).

### **4.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN**

- Segundo o establecido nas funcións de PT e AL, participamos en todas as xuntas de avaliación aportando a información necesaria sobre o noso alumnado.
- Elaboramos os programas de intervención do alumnado con avaliación psicopedagóxica.
- Participamos xunto co profesorado de área na revisión e elaboración das AC para o actual curso escolar, na procura dunha maior coordinación para que a atención ao alumnado fose a máis axeitada.
- Colaboramos activamente na elaboración de materiais para a formación deste alumnado, procurando incluílo nas distintas actividades feitas a nivel de centro.

- Asistimos ás reunións convocadas pola CCP.
- Colaboramos cos diferentes mestres do alumnado que recibiu apoio, nos aspectos a traballar, garantindo así a continuidade metodolóxica.
- Participamos co profesorado de área nas avaliacións das AC, onde se valorou o grao de desenvolvemento das mesmas, os obxectivos acadados, os non acadados e os que estaban en desenvolvemento.
- Colaborouse co profesorado na elaboración de informes individualizados do alumnado con NEAE.
- Realizáronse reunións de coordinación con entidades externas con resultados moi favorables.
- Ao final do curso, elaborouse un informe final para o Departamento de Orientación, onde se concretaron as tarefas levadas a cabo co alumnado, as dificultades que tiñan cada un deles, o material empregado e a temporalización das sesións establecidas e as recomendadas para a o vindeiro curso.

## **5.- PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PRÓXIMO CURSO**

Con vistas ao próximo curso fanse as seguintes propostas:

- Que haxa unha continuidade na atención educativa do alumnado atendido, establecendo a previsión de apoios para o vindeiro curso.
- Establecer un deseño da intervención en aula dos especialistas de PT e AL baseado no programa de intervención, adaptando as metodoloxías, para unha mellor optimización do recurso de especialidade.
- Dotación de material específico e ordinario para as distintas materias e espazos de PT e AL.
- Intentar manter a maior coordinación posible entre todos os profesionais que atenden ao alumnado con NEAE e as súas familias e entidades externas.

## **MEMORIA PROXECTO TIC , ABALAR E EDIXGAL.**

Durante o curso 2022/23 o grupo de Dinamización das TIC. Estivo formado polas seguintes persoas:

- Fernando González Bao (coordinador TIC)
- Carmen Espasandín Vilariño.
- María Dolores Gerpe Castro.
- María del Carmen García Espasandín.
- David Tosar Gandásegui.
- Sandra Fraga Leis.
- Tamara Abuelo Pombo
- Yolanda Guerrero Mariño.
- Ariadna M<sup>a</sup> González Lois
- María de Francisco García

## ACCIÓN LEVADAS A CABO DURANTE O CURSO 2022-2023

Durante este curso leváronse a cabo diferentes tarefas Equipa TICS, entre as que destacamos:

- Mantemento da aula virtual.
- Preparación da aula de Polos Creativos, xunto equipo homónimo e xestión das incidencias e problemas derivados da devandita aula.
- Formacións *ad hoc* sobre ferramentas que se foron poñendo a disposición do profesorado (pizarras dixitais, microscopio, ferramentas de polos creativos).
- Seguimento e control dos equipos EDIXGAL e Abalar.
- Mantemento e actualización da web e das páxinas creadas con Agueiro continuando o seu como como unha galería para dar coberturas ás necesidades do centro.
  - Realización de todas das entradas realizadas en web en relación a información e efemérides.
  - Personalización dos banner en relación a efemérides ou información salientable para toda a Comunidade Educativa.



- Tramitacións de diversas incidencias tanto de centro como EDIXGAL a través do servizo Premium.
- Creación de contas individuais para alumnado de todo o centro para o acceso as Aulas Virtuais do noso centro. No caso de EI o acceso foi mediante clave única ás familias.

**DATOS ACCESO AULA VIRTUAL DO CENTRO**  
CEIP PLURLINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA CURSO 2022-23

Apellidos e nome da/o alumna/o: Villar Piñeiro Daniela  
Curso: pri1a

Agora utiliza os seguintes datos para acceder:

- Usuario: 15015238a88
- CONTRASINAL: changeme

**DEBES CAMBIAR O CONTRASINAL A PRIMEIRA VEZ QUE ENTRES, NON DEBES COMPARTIR ESTES DATOS CON NINGUÉN.**

Esta información deberá cambiarse antes de acceder

**Cambiar contrasinal**      Cambia o contrasinal tal e como se che indica

Novo contrasinal:

Repetir contrasinal:

Novo contrasinal (de novo):



\*Mostra ferramentas de teclado de accesibilidade

Pon o novo contrasinal


ANÓTAO AQUÍ: \_\_\_\_\_

**GRAMPA ESTE PAPEL NA TÚA AXENDA.**

- Formación de acceso a aulas virtuais para o alumnado de 3º a 6º de EP durante os meses de setembro e outubro.
- Adquisición e mantemento de novos equipos, centrándose nos equipos de aula.
- Resolución de diversas incidencias informáticas no día a día.
- Lévanse a cabo xornadas de formación para mestres así como o mantemento de diversas aulas virtuais para a súa xestión e seguimento. Comentar que todas esas aulas virtuais permiten o acceso como convidado coa clave de **Profesorado**. Pódese facer clic na imaxe de cada curso para consultalo:

<p>PFPP Programación e Robótica</p>	 <div data-bbox="758 145 1189 347" style="background-color: #0056b3; color: white; padding: 5px;"> <p>Proxectos de Formación Permanente do Profesorado</p> <p><b>INFORMACIÓN E CONTIDOS DO CURSO DE PROGRAMACIÓN E ROBÓTICA VINCULADO AO PFPP PARA O PROFESORADO</b></p> </div> <p>Neste apartado o profesorado participante do PFPP de robótica atopará información sobre o PFPP e recursos facilitados por formador.</p>
<p>EDIXGAL</p>	 <div data-bbox="933 481 1157 604" style="text-align: center;"> <p><b>APRENDE O BÁSICO DE EDIXGAL NESTE PEQUENO CURSO</b></p> </div> <p><b>Contidos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tema 1: Conceptos básicos de EDIXGAL.</li> <li>▪ Tema 2: Incorporación de materias e contidos de todo tipo.</li> <li>▪ Tema 3: Ferramentas de autora.</li> </ul>

- Mantemento de aulas virtuais con información para familias
- Habilitación e construción da [aula virtual](#) do centro para alumnado e profesorado neste curso 2022-23 así como a creación e mantemento de persoas usuarias.
- Mantemento e seguimento do proxecto EDIXGAL.
 



  - a. Fixéronse entradas en web para informar ás familias da súa implantación no centro, así como mantemento dun espazo en aulas virtuais con información para elas.
- Xestionáronse os equipos portátiles de EDIXGAL que se repartiron ao alumnado do noso centro quedando, un total de 3 en excedente. Ademais, tamén se recibiron 16 equipos do profesorado.
- Participación no programa “Polos Creativos”, cun enfoque práctico e vencellado ao currículo, con actividades como a introdución de ofimática aos nenos, deseño 3D, robótica educativa e un obradoiro de creatividade. Continuidade no programa de innovación educativa “Introdución a robótica educativa en primaria”. Estas actividades trouxeron consigo a creación de:
  - a. Curso de profesorado ao amparo dun PFPP de robótica e programación.
  - b. Continuación do Club de Ciencia do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza migrándose totalmente xa a EDIXGAL.
  - c. Formación para o profesorado no manexo de distintas ferramentas dixitais, e a súa posterior posta en práctica no día a día do aula.

### CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS PROPOSTOS NO PLAN TIC

A continuación pasamos a revisar os obxectivos formulados e se foron ou non cumpridos e de ser este último caso analizaranse os motivos e estableceranse como necesidades para o vindeiro ano.

### OBXECTIVOS PARA O CENTRO:

- Mellorar, dentro do posible, as prestacións dos equipos do centro e ampliar o seu uso. Adquirir do mesmo xeito novos equipos para poder seguir, polo menos na aula de informática, un modelo 1:1.

- **Acadado:** o aula de informática conta con equipos suficientes para manter un modelo 1:1, e existiu unha importante mellora nas prestacións das aulas gracias á adquisición de novos equipos portátiles de profesorado e a instalación de pantallas dixitais interactivas.
- Axilizar o máximo posible a resolución de incidencias por diversas canles.
  - **En proceso:** contouse coa axuda da UAC, así como soporte de distintas empresas da contorna para dar resposta ás incidencias máis acuciantes, aínda que cómpre mellorar o proceso de tramitación das mesmas para que sexa máis sinxelo, operativo, rápido e centralizado.
- Acondicionar os equipos en excedente do proxecto Abalar para xerar equipos de préstamo para o centro e reasígnalos para que distintas aulas conten con, polo menos, un equipo que poidan empregar os nenos/as.
  - **Acadado:** os equipos Abalar foron entregados ás aulas en depósito de préstamos e foron empregados para distintas actividades dentro do día a día do centro.
- Dotar de PDIs a aquelas aulas nas que sexa preciso.
  - **En proceso** a instalación de PDIs avanzadas levouse a cabo en EI e 1º ciclo de EP, quedando pendente o resto de niveis para o ano seguinte.

#### OBJECTIVOS PARA O PROFESORADO E A SÚA PRÁCTICA EDUCATIVA:

- Utilizar a aula de informática dun xeito habitual e integrado nas actividades diarias de aula.
  - **Acadado:** A aula de informática foi moi empregada este curso, tanto polos distintos obradoiros dentro de polos creativos como por profesorado titor de xeito específico.
- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado:
  - EDIXGAL
    - **En proceso.**
  - Ofimática e uso de ferramentas informáticas.
    - **Acadado:** Enmarcado no PFPP “Afondando nas competencias Dixitais Docentes”.
  - Aulas Virtuais.
    - **Acadado:** Enmarcado no uso e traballo colaborativo na xestión das aulas virtuais.
- Homoxeneizar e actualizar o coñecemento e o uso das Tecnoloxías da Información e Coñecemento por parte do profesorado do centro.

- **En proceso:** Inicio do mesmo por medio do PFPP deste ano e formación específica impartida, a continuar nos vindeiros cursos.
- Revisar, intensificar e normalizar o uso das PDIs do centro.
  - **Acadado:** A adquisición de novas PDI e a formación continuar desde dentro do centro sobre as mesmas permitiron obter resultados especialmente prometedores na súa utilización.
- Mellorar as competencias necesarias para usar as ferramentas dixitais na práctica docente.
  - **En proceso:** Inicio do mesmo por medio do PFPP deste ano e formación específica impartida, a continuar nos vindeiros cursos.
- Acadar un nivel de alfabetización tecnolóxica acorde ao nivel do alumnado.
  - **En proceso:** Inicio do mesmo no obradoiro de ofimática e competencia TIC básica enfocado desde as dinámicas de Polos Creativos.
- Impulsar o uso do servidor de recursos de centro así como tamén de servidores externos como o de [EspazoAbalar](#)
  - **En proceso.**
- Seguir introducindo a ferramenta Agueiro ao profesorado do noso centro.
  - **En proceso:** Acordouse a realización dunha formación a inicios do curso que vén para repartir roles de traballo empregando esta ferramenta.
- Poñer en marcha os obradoiros dos Polos Creativos.
  - **Acadado:** Os obradoiros de Polos Creativos foron especialmente ben recibidos por toda a comunidade educativa, realizando todos os propostos, con modificacións específicas derivadas da tardanza na montaxe da aula de informática nova.
- Potenciar a implantación do Plan Dixital de centro.
  - **Acadado:** O Plan Dixital serviu como eixo vertebrador das dinámicas propostas no centro e potenciou notablemente a eficiencia do mesmo.

#### OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO E O SEU DESENVOLVEMENTO EDUCATIVO:

- Formación no acceso a Aulas Virtuais e o seu manexo máis básico.
  - **Acadado:** Formación levada a cabo no primeiro trimestre de curso.
- Utilizar as posibilidades do ordenador como ferramenta e medio para reforzar ou adquirir as competencias básicas.

- **En proceso:** Por medio dunha maior implicación das TIC dentro do día a día escolar, especialmente contando cos recursos dunha aula de informática equipada.
- Desenvolver estratexias para a busca, selección e organización dos contidos.
  - **En proceso:** Enfocado dentro dos obradoiros de deseño de traballo, a continuar o ano que vén.
- Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
  - **En proceso:** Queda pendente como posible obradoiro para outra proposta desde polos creativos de forma específica, pero xa é traballado dentro do currículo escolar habitual.
- Coidar e facer un bo uso do material.
  - **Acadado:** Por medio dunha axeitada formación no coidado e respecto aos materiais, especialmente aos propios do centro.
- Utilizar a cámara dixital ou dispositivos móbiles con cámara para realizar as súas propias fotografías e almacenalas axeitadamente en soporte informático.
  - **En proceso:** Gracias a existencia dunha cámara do centro escolar, así como a posibilidade de participación en distintos talleres de Chroma e montaxe de vídeo.
- Coñecer as aulas virtuais e a páxina web do centro e buscar contidos, información... na mesma.
  - **Acadado nos cursos máis altos, en proceso nos máis baixos.**
- Adquirir as nocións básicas de [seguridade na rede](#).
  - **Acadado:** por medio da impartición dun obradoiro deste tema durante os dous primeiros trimestres.
- Obter habilidades TIC prácticas para o seu desenvolvemento ao longo da vida.
  - **En proceso.**

## OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

- Xeralización do uso de Abalar Móbil e desaparición, na medida do posible, do uso de papel.
  - **Acadado:** son moi poucas as familias que non fan uso deste servizo. Todas as notificacións se realizan a través desta ferramenta.
- Seguir ampliando a aula de formación para familias a través do acceso en aberto a aula virtual propia creada onde se intenta dar resposta a dificultades técnicas ou contidos apropiados, en relación coas TIC, que deban ser coñecidos: seguridade na rede, aulas virtuais, Abalar Móbil, Webex...
  - **En proceso** Quedan pendentes a organización dun sistema dentro do centro para abarcar os espazos máis ambiciosos, como as dificultades técnicas ou o correcto uso de ferramentas como aulas virtuais e abalar móbil.

## PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO 23-24

- Mellora da aula de informática

- Incorporación de novos equipos con sistema dual de inicio (Windows/LINUX)
  - Adquisición/modificación de novo mobiliario que posibilite os cambios rápidos segundo as necesidades da mesma..
- Maior integración de novos obradoiros desde polos creativos.
- Continuar coa formación do profesorado en centro adaptando as mesmas aos resultados do Test de CDD realizado na elaboración do plan dixital. Algún exemplo podería ser:
- Desenvolver as ideas do currículo TIC, é dicir, elaborar un conxunto de actividades estandarizadas seguindo o modelo do currículo ordinario, que permitan afondar e avaliar, dun xeito estandarizado e sistemático, a adquisición das competencias TIC. Dito programa sería de carácter horizontal e levaríase a cabo dende EI a EP. Deste xeito o noso centro podería garantir un mínimo de competencias TIC no noso alumno dende que entran no centro ata que o abandonan.
- Manter vivo o Club de Ciencia cos seguintes obxectivos principais:
  - Dar resposta á necesidade de estimular ao alumnado con AA.CC do noso centro.
  - Achegar a ciencia e a tecnoloxía ao noso alumnado e especialmente as alumnas do noso centro para fomentar a inclusión das mulleres en profesións de carácter tecnolóxico e científico.
- Ampliar a área de formación para familias na nosa aula virtual que trate aspectos útiles para as mesmas e conseguir que todas as familias dispoñan de Abalar Móbil de xeito definitivo.

## MEMORIA DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Neste curso o equipo de Biblioteca escolar estaba formado polas seguintes persoas:

- Rosalino Fernando Pintos Recarey (Coordinador)
- Aurora Baña Fuentes
- Ana M<sup>a</sup> González López
- María José Lois Ortíz
- María Josefa Maroño Outeiro
- Rafael Sío Lourido
- M<sup>a</sup> Carmen Mourelle Gerpe
- M<sup>a</sup> Carmen Busto Bouzas
- M<sup>a</sup> Dolores Cancela
- María Santamaría Quiroga
- Mercedes Blanco Gerpe
- M<sup>a</sup> Dolores Nieto Caamaño
- M<sup>a</sup> Paz Pérez Gorgal
- Victoria Tuñas Tomé

O total de horas nos nosos horarios, foron unicamente 7 h semanais repartidas entre tres persoas (3 coordinador, 2 h cada unha para as outras persoas).

O resto dos membros do equipo colaboran empregando as horas de garda ou tempos fóra do horario para a realización de tarefas que repercuten na posta a punto para o reinicio da Biblioteca Escolar logo duns anos de parón.

Queda claro que os obxectivos que deben plantexarse para unha maior rendabilidade deste recurso non son facilmente alcanzables contando soamente con este horario. Claramente é insuficiente para o mantemento do mesmo, e inasumible para todas as tarefas de reacondicionamento e posta en



marcha novamente do novo modelo de biblioteca que o centro precisa e que a comunidade educativa espera.

#### VALORACIÓN XERAL DA POSTA EN PRÁCTICA DO PROXECTO.

Neste curso continuamos co traballo iniciado no curso anterior de reestruturación completa do noso servizo de Biblioteca Escolar, sendo este o segundo ano dentro do PlamBE. Consequimos neste ano normalizar o uso deste novo espazo paralizado dende hai dous cursos debido ao uso do espazo como sala anexa ao comedor escolar ( esixencias tempo pandemia).

Como elementos que marcamos como **DEBILIDADES** e que aínda non fomos quen de transformar poderíamos marcar:

- **Xestión de tempos.** Seguimos a considerar que o aumento de horas de dedicación e uso da biblioteca escolar é fundamental para conseguir os obxectivos que como equipo nos propoñemos. En concreto determinamos:
  - Insuficientes horas de dedicación para catalogación e xestión dos recursos.
  - Retrasos na posta en funcionamento de diferentes medidas de difusión e fomento da lectura.
  - Insuficiente tempos de apertura do servizo dentro da biblioteca.
  - Tempos de reunión para toma de decisións e organización de tarefas. Provocando que as tarefas realizadas non acaden os mellores resultados posibles por falta de decisións, posta en común, etc.
  - A acumulación de tarefas deste curso para a posta en marcha do servizo cunha calidade adecuada non permite a elaboración de outras accións de dinamización da lectura que se consideran fundamentais. (Explicase máis adiante nas realizacións deste curso).
  - Aínda a apertura da biblioteca depende exclusivamente do horario escolar, sendo desexable ampliálo tamén fóra dese tempo.
- **Espazos limitados.** Na anterior memoria faciamos referencia á limitación do espazo e neste curso conseguíuse mellorar esta condición ao non haber limitacións de anos anteriores (covid-19). Aínda así consideramos insuficiente o espazo de biblioteca para a cantidade de alumnado do noso centro. Traballouse (especificase máis adiante) na reorganización do espazo e considerando como complemento a nova aula creativa a través da financiación de Polos Creativos.
- **Limites materiais.** Dende o curso pasado proxectamos unha nova concepción de biblioteca que se adapte ao noso centro, á dispoñibilidade de espazo e ao tempos nos que a organización nos permita o seu uso. No cómputo global de biblioteca contase cun número elevado de volumes mais non se adapta nin na proporción realidade /ficción recomendada, nin a outros criterios como o de idioma de publicación. Así, facemos referencia a:
  - Moitos volumes xa en estado de deterioro que non aportan a visión de estímulo que buscamos no noso alumnado para achegalo ao mundo dos libros (necesidade de expurgo exhaustivo).
  - Necesario un cambio na presentación dos mesmos nos andeis de xeito que sexa mais atractivo e de fácil uso.
  - Cambiamos no referente aos criterios de selección primando o criterio de calidade, conveniencia, inclusión, e adaptación aos usos do noso alumnado. Por suposto, tamén o de novidade. Aínda queda camiño por percorrer.
  - Temos que priorizar adquisición de textos maioritariamente en galego para compensar a maioría de volumes que existe de antes na biblioteca.
  - Aínda non se chega ao porcentaxe de 60% e 40% entre información e ficción, mais préstase especial atención na selección de materiais de información en galego para ir axustándose a este parámetro.
  - Necesidade de adquisición mobiliario máis adecuado aínda que do existente fixemos as reformas para que se adapte mellor á nosa idea de biblioteca.
  - Estase a traballar na mellora de espazos coa adaptación de móbeis con rodas que permitindo crear diferentes espazos dentro da sala.

- Elimínanse as mesas e cadeiras e substitúense por coxíns xigantes, sillóns, elementos de goma-espuma, etc que permitan moverse e xuntarse mentres se comparte a experiencia lectora. Necesitamos incorporación de mobiliario flexible e adaptado.
- **Profesorado cambiante.** Neste caso considerase debilidade debido á pouca continuidade nos proxectos do centro. Contamos con un gran equipo en número e implicación, tamén cun claustro en gran medida comprometido, mais dificulta moito a continuidade de traballo pensando que neste ano cambiou aproximadamente un 60% do profesorado.

Si ben todo o anterior dificulta a posta en funcionamento os nosos programas, pola contra contamos con **FORTALEZAS** destacables que permiten que continuemos adiante para cada ano ir incorporando plans e propostas buscando achegarnos máis aos ideais de lectura que pretendemos conseguir no noso alumnado.

- A maior fortaleza de todas é o **propio persoal**, sen dúbida algunha! Este fai que o gran esforzo que leva consigo un traballo coma este poida chegar a bo porto. É destacable:
  - Dedicación persoal e grupal tanto na xestión como nas dinámicas de fomento da lectura.
  - Uso da biblioteca polos distintos titores e titoras nos seus horarios de aula.
  - Emprego de horas de libre disposición, horas fóra de horario e atopando sempre momentos para o traballo en beneficio do PlamBE.
  - Actitude aberta e de escoita ante as diferentes propostas, mostrando grande respecto e facendo que a coordinación sexa moito máis fácil.
- **O equipo directivo.** Dende sempre o equipo directivo estivo claramente decidido en fomentar o uso da biblioteca, móstrase positivo con todas as propostas realizadas dende a biblioteca ( a directora forma parte do equipo), impulsa a participación de outros membros e destina os recursos necesarios para o bo funcionamento.
- **Cooperación.** Dende o centro sempre propomos que é básico para un maior rendemento do traballo establecer unha liña de contacto e diálogo con outras comisións, equipos de traballo, grupos de innovación, etc. Deste xeito podemos afirmar que sempre atopamos xeitos de integrar actividades de tódolos ámbitos dentro do traballo de biblioteca escolar.
- Aínda que era preceptiva a formación en biblioteca escolar por incorporación de novo á rede PlamBE, o persoal participante mostrou grande interese na formación en temas de xestión dos fondos e de dinamización da biblioteca escolar. De feito neste curso traballouse sobre o expurgo para ir adaptando o noso catálogo para verter os datos do mesmo e migrar a Koha.
- **Presuposto adecuado.** Quedando aínda moitos obxectivos por cumprir en relación á mellora de recursos, espazos e volumes de consulta, así como á introdución de novos soportes de lectura; podemos afirmar que a partir da dotación asignada este curso dispomos dunha renovación importante engadindo moitas novidades para o vindeiro curso. Aínda que o mobiliario é vello fixemos unha adaptación do mesmo para poder crear recantos diferentes que lles encantan aos lectores/as. Mais é preciso pensar na renovación por materiais máis funcionais, limpos e creen espazos máis diáfanos e cómodos para o feito lector.
- **Ilusión e ideas.** Estas dúas palabras definen en gran medida o que flúe en cada encontro de reunión de equipo, facendo que sexa notablemente sinxelo organizar actividades e dinamizar a lectura no noso colexio.
- **Convencemento** maioritario no claustro de profesores da necesidade de contar cunha biblioteca e cun equipo que facilite o uso da mesma, con propostas de acción en titorías, colaboracións con outras entidades externas ou con diferentes equipos de traballo do centro.

Por último poderíamos reflexionar sobre o **POTENCIAL** que temos como centro para lograr unha mellor integración das accións, e facer da biblioteca un recurso realmente potente para o desenrolo social, cognitivo e de hábitos de ocio do noso alumnado:

- **Potencial humano.** Somos un grupo amplo e ao que se suman facilmente moitos do resto do profesorado tanto puntualmente en actividades concretas como durante a maior parte do curso.
- **Formación.-** Dentro do equipo contamos con persoal altamente cualificado e con interese en seguir formándose.
- **Espazos.** Estamos a barallar o incremento e xeneralización de espazos dedicados á interacción coa información, experimentación, creación, etc. Neste momento incluír todo o material de información no novo espazo creado dentro de Polos Creativos para facilitar acceso a información en diversos soportes, combinar formación, información e creación.
- **Familias con moi boa disposición** para introducirse nos plans de traballo en prol da xeneralización da lectura como medio de ocio e de formación persoal. Considerouse dende hai dous cursos a conveniencia de integrar ás familias dentro do noso proxecto da biblioteca. Preténdese solicitar unha vez máis a participación no proxecto “Lectura e familias”(Solicitouse os dous cursos que levamos no PlamBE)
- **Posibilidades do entorno** para traballar en rede, a biblioteca Municipal, grupo de teatro municipal, asociacións culturais e veciñais, etc.

#### RESUMO DE ACCIÓNS LEVADAS A CABO NO CURSO 2022/23.

Neste curso unha vez superadas as dificultades dos protocolos derivado da pandemia Covid-19 puidemos recuperar o espazo de biblioteca escolar tal e como estaba empregándose dende hai moitos anos. Neste caso recuperar o espazo supuxo programar a incorporación, novamente, deste espazo na vida cotiá do centro. Entre as encomendas que tiñamos ao respecto hai que destacar:

- O catálogo de volumes da biblioteca estaba afectado pois durante dous cursos estivo paralizado o servizo e querendo manter o servizo houbo erros no control do mesmo.
- Si se adquiriron novos volumes atendendo ao criterio de preferencia de libros informativos, novela gráfica ou album ilustrado e priorizando a lingua galega. Mais seguía habendo demasiado libro en desuso sendo preciso un expurgo.
- A distribución do espazo non se considerou adecuada para fomentar a lectura, a conversa e interacción entre persoas e entre persoas e libros.
- Mobiliario insuficiente e mal adaptado (disto xa se comenta na memoria anterior 2021/22) e pretendíase rematar neste curso.
- Seguimos a considerar que a nosa biblioteca é deficitaria en determinados temas coma a banda deseñada, informativos adaptados á idade e preferencia en galego.
- Intención de incorporar os dous espazos de investigación, formación e experimentación integrando os dous nos proxectos que se programen en vindeiros cursos. (Radio, audiovisual, STEM, fomento de lectura, mellora do interese do alumnado en canto a investigación e creación, etc).
- Déficit de soportes dixitais para a lectura e desenvolvemento dos contidos da alfabetización informacional ALFIN.
- Organización e arranxo de erros no sistema de xestión para adaptalo ao novo sistema de catalogación Koha.

Debido a estas circunstancias o primeiro trimestre foi de toma de contacto cos novos membros (incorporacións novas no cadro de persoal), organización de acción precisas para a creación de novo espazo, e decisións sobre como organizar tarefas, espazos e tempos que dedicaríamos á promoción da biblioteca.

O traballo prioritario era distribuír os andeis xa adaptadas e colocar todos os libros que tiveron que sacarse e estaban polo chan da mesma. Antes de colocalos tivemos que facer expurgo para así deixar espazo a novidades e eliminar aquilo que non atendía ao criterio de calidade, interese, ou atopase deteriorado. [O antes e o despois.](#)

A continuación distribúense espazos para a recolocación dos volumes establecendo as distintas seccións que necesitamos segundo criterios como nivel de lector, informativos, banda deseñada, etc. E iniciase a colocación dos volumes que definitivamente se quedan na nova biblioteca.

Con todo o arranxo no catálogo preténdese que no vindeiro curso se migre xa ao novo programa de catalogación Koha.

Otra de las acciones prioritarias foi a posta en marcha das mochilas viaxeiras que levaban varios cursos sen funcionar. Foi preciso poñer dúas por aula xa que o tempo sería moi escaso para que chegara a tódalas casas do alumnado.

A continuación detallamos as máis relevantes do noso proxecto: **“1 NOVA VIDA”**

A primeira actuación consistiu e retomar novamente o uso das mochilas viaxeiras. Considerouse prioritario o fomento da lectura en familias, especialmente despois de varios anos nos que no se realizaba esta actividade.

Visitas de autores: En relación a esta actividade dicir que en diversas titorías trabállanse a modo de club de lectura un título do que realizan diversas actividades de fomento da lectura, intercambio de opinións, e de análise do texto. Esta actividade está ben valorada pois axuda a que o alumnado lea con maior inquietude e interese, así como que afonde máis no significado dos textos. [Andrea Maceiras](#). E animación por parte de [Victoria Pérez](#) sobre o libro de Paula Carballeira: “Bruxa e familia” e “Billy y el vestido rosa”.

A hora de ler, neste curso estableceuse que como o defecto máis habitual era a falta de atención sostida no noso alumnado. Situación esta que consideramos está claramente relacionada co uso de pantallas e actividades dixitalizadas con grande impacto a nivel de estímulos. A lectura, pola contra, é contraria a esta experiencia. Por todo iso recomendase o tempo de lectura silenciosa durante ese tempo para acostumar a manter durante maior parte do tempo esa atención.

Presentación do proxecto que quixemos traballar neste curso académico. Coma tódolos anos por consenso establecemos unha temática que vai ser a que marque as directrices de traballo en canto a alfabetización informacional (ALFIN), e neste curso centrámonos nun aspecto que consideramos de interese moi actual como é a reutilización de materiais e recursos fomentando no alumnado unha cultura de responsabilidade medioambiental. Para iniciar o proceso presentamos recursos e diferentes ideas para traballar ao longo do curso a temática escollida. A presentación disto faise de xeito dixital a través de genially: [BIBLIOTECA 2022.23](#)

Radio na Biblioteca.- En colaboración directa do EDLG, aporta a Biblioteca Escolar o seu gran de area a este Entroido centrado no Patrimonio Inmaterial da Humanidade da UNESCO, un programa no que se da conta de cada un dos entroidos que se van a representar no centro, así como o significado das siglas UNESCO e o Patrimonio Inmaterial. Despois disto cada titoria fixo unha aproximación a esta celebración que logo se representou, ou rematou a mesma, no habitual desfile polo pobo. [Entroido do Barrié](#).

Celebración do 8 M, tal e como ven sendo habitual, a Biblioteca Escolar acolle como proxecto de traballo esta celebración no centro. Facemos comunicado a todo o profesorado deste evento a través de presentación genially con recursos para abordar o tema. Neste curso contamos coa colaboración do alumnado de Voluntariado para presentar este día a todas as persoas do centro. Organízase unha pescuda de información sobre mulleres que eles consideraron interesantes para compartir cos compañeiros e compañeiras. Realizaron unha presentación por aulas (repartíronse entre os voluntarios) e deixaron como mostra e recordatorio desa muller escollida un cartaz elaborado por eles na entrada principal. Tamén se organizaron visitas de mulleres xalleiras que son e serán relevantes para o aprendizaxe do noso alumnado buscando a interacción entre esta celebración e a sostibilidade e o respecto ao medio ambiente. A radio tamén tivo cabida nunha maratón de lecturas pola igualdade.

[Presentación 8M.](#)

[Mulleres Xalleiras.](#)

[Exposicións 8M.](#)

[Lecturas pola igualdade.](#)

Coma tódolos anos estableceuse un tempo dentro dos horarios de cada titoria para o uso exclusivo do espazo de lectura. Neste curso despois de organización de novo de todo o espazo e dos volumes, iniciase ese uso a partires do 2º Trimestre. Tamén se establecen quendas para a atención de empréstitos e devolucións, podendo abrir soamente en tempos de recreo para todo o alumnado do centro..

**Dentro do programa de Bibliotecas Solidarias:** Establecemos momentos nos que o alumnado

de 5º e 6º participaron en actividades de dinamización, publicidade e radio escolar fomentando o uso da biblioteca. Ademais e como introdución ao voluntariado o alumnado de segundo ciclo participa en lecturas compartidas en outras aulas. Este ano hai que destacar que o alumnado foi quen de atreverse a servir de lectores para niveis superiores ao deles.

O CUCO CUCOU.- Tomando como referente a boa acollida desta actividade no curso anterior, neste propomos novamente esta celebración na que os libros se converten en protagonistas tamén nos patios do recreo. Facemos coincidir este evento co inicio do bo tempo e nel participan como xestores do mesmo o alumnado de voluntariado. [O cuco cucou.](#)

Recomendacións lectoras.- Algunhas das titorías organizaron actividades para a recomendación de lecturas ao resto dos compañeiros. [Recomendacións.](#)

En canto á organización previa de Bibliotecas Solidarias, tivemos algúns problemas para levar a cabo todas as accións que tiñamos previstas posto que nos atopamos con inconvenientes á hora de levalas a cabo:

- Pouco tempo de reacción debido á priorizar os usos básicos da biblioteca escolar como sala de uso de lectura.
- Tanto a radio coma outros medios técnicos que quixeramos empregar se atrasou moito a instalación dos mesmos por remodelación do espazo onde se colocar todo este material novo no centro logo de integrarse dentro do plan Polos Creativos, e polo tanto a necesidade de atender a propostas de ese mesmo programa xa iniciadas en cursos pasados. Aínda así traballáronse obxectivos ALFIN dentro dese contorno dentro de programas desta comisión para información, creación e difusión de contidos.
- Disponibilidade horaria do profesorado que en cursos anteriores atendía esas accións ao poder dispor de dous quendas de comedor. Sendo hoxe moi complicado coordinar comidas de alumnado e do profesorado xa que se desenvolven en momentos non coincidentes.

#### **Alumnado participante:**

O alumnado participante en Bibliotecas Solidarias é o que segue:

Acción	Curso	Total
Xestión biblioteca	5º e 6º	32
Publicidade	5º e 6º	13
Dinamización	5º e 6º	26
Radio Escolar	5º e 6º	16
Lecturas compartidas	3º e 4º	75
Recomendacións lectoras	3º e 4º	16
Total participantes		<b>178</b>

Por outra banda tamén se tentou **integrar o traballo dese voluntariado na Programación Xeral Anual** atendendo a necesidades do centro coma celebracións, eventos e accións propias de diferentes equipos que promoven o uso de novas tecnoloxías, dinamización da lingua, accións de vida saudable, convivencia, inclusión, cooperación, etc.

As accións concretas de cada unha das accións programadas e despois da súa formación lévanse a cabo ao fin do 2º trimestre e durante o 3º trimestre do curso. Na táboa adxunta refírense as accións dos catro grupos de voluntariado sen especificar os equipos concretos (facilitando que resulte máis clara a exposición).

#### **AVALIACIÓN DO PROXECTO.**

Neste apartado queremos facer reflexión sobre a posta en marcha do proxecto para a Biblioteca Escolar 2022/2023 centrándonos fundamentalmente nos logros acadados en base aos obxectivos propostos, as dificultades atopadas, as modificacións que se deberon abordar ao longo do curso, e as propostas de mellora para vindeiros cursos académicos.

**A coordinación do equipo**, como coordinador debo admitir que compartir unha tarefa tan

grande coma a coordinación deste equipo con outras tarefas docentes (Coordinador de Ciclo, encargado de comedor e titor de 6º Ed Primaria) dificultando lograr sacar adiante moitos obxectivos do programa.

Cabe afirmar tamén que a **colaboración dos membros do equipo**, a súa comprensión e ofrecemento continuo fixo que puideran sacar adiante moitos proxectos. Así tamén contamos con persoas de gran profesionalidade tanto na dinamización como na xestión. En xeral os logros acadados son grazas á implicación destes membros que coa súa profesionalidade souberon sacar adiante propostas e accións programadas.

A posta en marcha de novo deste servizo supuxo un esforzo moi grande para que estiveran a tempo espazos, expurgo, rexistros de volumes, adquisición de novidades, etc e limitou moito o tempo para accións de dinamización e de implicación doutros membros do equipo do profesorado, mais moi necesario para establecer os medios para que o vindeiro curso todo poida fluír mellor.

#### **Aspectos mellor valorados:**

- Implicación do claustro e especialmente do equipo de Biblioteca Escolar mostrando disposición e interese na participación.
- Aumento do movemento de textos, tanto pola creación de espazos específicos como polo achegamento á Biblioteca Escolar nos horarios establecidos por Titoría.
- Implicación do alumnado e aumento do interese polo proxecto e participar nel.
- Boa coordinación e equilibrio adecuado entre as diferentes propostas dos diferentes equipos de traballo.
- Maior emprego da Radio Escolar, aumentando o número de grupos clase participantes, mellorando a competencia técnica na mesma, e mellorando a calidade de programas emitidos.
- Puntos de lectura por todo o colexio facilitando o acceso máis visible a moitos textos que non saían dos andeis.
- Acompañamentos lectores que obrigou a alumnado de 3º e 4º a esforzarse nunha lectura mellor e máis comprensible para o alumnado menor e tamén dos maiores. Destaca a grande participación deste alumnado.
- Coordinación entre equipo de dinamización Tics para facer a formación técnica en radio e en deseño gráfico do noso alumnado para traballar publicidade e a emisión radiofónica.
- Programas internivel de radio, sendo alumnado maior apoio para os máis pequenos e que estes poidan mostrar os traballos realizados.
- Diferentes accións de dinamización da lectura que tiveron moi boa acollida polo alumnado e fixeron espertar interese pola lectura.
- Boa disposición e interese tanto na formación coma na realización de tarefas de xestión e orde dentro da Biblioteca Escolar.
- Sistema de adquisición de novo material da biblioteca (accedendo a novidades editoriais coa axuda de librerías do entorno) aumentando a oferta tanto en volumes editoriais coma noutros soportes de lectura.

En canto a **aspectos mellorables** podemos mencionar:

- **Tempos.** Referimos aquí a necesidade de facer o máis amplo posible o tempo de apertura da biblioteca para normalizar o uso da mesma como centro de recursos do centro. Tamén ao tempo que os membros de biblioteca precisan para a organización e distribución de tarefas. Sería recomendable, coma equipo amplo que somos, facer comisións para asumir diferentes tarefas: adquisición, organización, dinamización, xestión, por exemplo) que actúen de xeito delegado dando conta do realizado nas reunións mensuais. Mais así o ideal sería a posibilidade de reunións con maior periodicidade destas comisións para tomar as decisións correspondentes ao seu ámbito de acción.
- **Espazo.** Neste caso repetimos, coma en anos anteriores, a insuficiencia de espazo na sala para albergar un número de alumnado tan amplo coma o noso (410). Pensando en aglutinar todos os recursos tanto STEM, Bibliográfico, Tics, Radio Escolar, Espazo de creación, dramático, etc seguimos a crer que o novo espazo creado a través da financiamento Polos Creativos debería

ser coordinado co equipo de biblioteca e que as accións de un e de outro foran cada vez máis da man. Tamén sería bo incluír os volumes informativos nese novo espazo.

- **Mobiliario.** Unha vez arraxados os vellos mobles de andeis da biblioteca contamos con material que permite crear espazos e recantos, mais aínda insuficiente, ou pouco funcional para albergar diferentes propostas de lecturas. Ademais o deterioro dos mesmos tamén mostra unha visión máis empobrecida da nosa sala de lectura. Este ano investiuse parte do presuposto en embelecer pequenos espazos e darlle un aire máis acorde co que pretendemos en canto a creación dun espazo acolledor e agradable para que o alumnado se mostre máis receptivo á pasar parte do seu tempo de ocio na biblioteca.
- **Difusión e integración** nas dinámicas escolares nas diferentes aulas do centro. Valoramos que sempre quedamos un pouco ao marxe da dinámica particular das diferentes titorías ( aínda que si chegamos a algunhas delas). Por este motivo establecemos que deberemos cambiar o xeito de traballo e presentación dos **PDI** que tentemos levar a cabo. Idear sistemas de comunicación e interacción que permitan que cada vez se impliquen máis as aulas e que chegue o proxecto a máis grupos.
- **Ámbito de influencia.** Neste ano tentamos ampliar o nos ámbito de influencia con diferentes accións encamiñadas á comunidade educativa centrándonos especialmente en familias, e concretamente tentando levar a cabo unha labor de compensación de desigualdades sociais. Solicitouse o programa *Lecturas e Familias* e non se nos concedeu. Pola nosa parte o intento quedou solo niso, e deberíámolo volver a planificar para o vindeiro curso.
- **Traballo en rede.** Neste aspecto tamén deberemos facer unha valoración en negativo posto que foi un aspecto que se nos quedou totalmente descolgado. As nosas publicacións en Agueiro si poderían chegar a diferentes destinatarios, mais non acabamos de entrar na rede de Bibliotecas Escolares no entorno Gmail onde se comparte experiencias e traballos. No vindeiro proxecto debe ser un obxectivo prioritario incluíndo a revitalización do blog, asegurándonos a comunicación fluída con outros centros: [EnlaceAgueiro](#).

## MEMORIA DOS PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO

### MEMORIA CP-INCLÚE

#### 1. INTRODUCCIÓN

En busca da continuidade dos anos anteriores, e de acordo coa convocatoria dos contratos Programa por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dende o CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza tentamos para o curso 2022/23 propoñer un programa de centro para a mellora do éxito escolar que nos leve ao desenvolvemento integral do alumnado, tanto nos aspectos académicos como emocional e social, centrándonos nos aspectos máis deficitarios que amosan os nosos alumnos e alumnas. Estes déficits son recoñecidos a través da información recollida en cursos anteriores mediante a observación directa do alumnado nos diferentes espazos do centro e mediante as reunións e comisións de traballo do profesorado.

Consideramos que as grandes diferenzas que poden presentar os nosos alumnos tanto na súa realidade social, afectiva, económica e mesmo cognitiva fan necesario que o profesorado, e o centro en xeral, se comprometa na busca de solucións, adaptadas para aqueles alumnos e alumnas que debido ás súas circunstancias os leven a perder posibilidade de maior crecemento persoal e intelectual.

Con esta medida cremos que conseguiremos facer que este alumnado atope nela unha maneira de suplir carencias e dificultades diante do traballo persoal e das relacións sociais e emocionais.

Os puntos fortes do noso centro son:

- Grande implicación do profesorado do centro.
- Implicación das familias
- O contexto rural permite a proximidade á natureza e ademais a nosa situación xeográfica permítenos que esteamos preto de grandes cidades como Coruña e Santiago e zonas como a Costa da Morte.
- Multiculturalidade do alumnado do centro. Cada día temos máis alumnos procedentes doutros países.

En canto aos puntos débiles destacan:

- Grandes diferenzas no nivel cultural das familias.
- A barreira da linguaxe en alumnos estranxeiros.
- Ao estar no medio rural hai menos posibilidades de accesos tecnolóxicos, sobre todo de conectividade.

## 2. OBXECTIVOS:

1. Mellorar o éxito escolar do alumnado en canto á aprendizaxe.
2. Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social e fracaso escolar.
3. Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe.
4. Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
5. Mellorar as competencias emocionais que permitan alcanzar un mellor benestar persoal e social.
6. Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
7. Procurar a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación

## 3. MEDIDAS ESTABLECIDAS:

- QUÉDA-T
  - ✓ Rexistrar as faltas de asistencia axiña para detectar casos de absentismo de forma inmediata e poder facer a intervención para corrixir o problema.
  - ✓ Establecer medidas preventivas axudándonos da boa relación e colaboración cos servizos Sociais do Concello.
  - ✓ Establecer a participación deste alumnado en todos os proxectos do centro (PFPP, Proxecto Deportivo de Centro, etc.) Mellorar as súas competencias a través do traballo por proxectos, importancia do traballo cooperativo.



- ✓ Realizar actividades interculturais para romper estereotipos: actividades culturais, achega de diferentes culturas gastronomía, costumes, charlas para romper estereotipos culturais.
- ✓ Establecer relacións fluídas coas familias para axudarlles e entender as súas problemáticas.
- IGUÁLA-T
  - ✓ Identificaranse condutas, estereotipos,...
  - ✓ Formación do alumnado en materia de igualdade de xénero (simboloxía e conceptos)
  - ✓ Proposta de actividades dirixidas a concienciar da necesidade do feminismo para compensar actitudes discriminatorias, maltrato sutil, micromachismos,...
  - ✓ Analizar a realidade do entorno desde distintos ámbitos ( linguaxe, literatura, publicidade, cine,...) e visibilizar o papel da muller e das mulleres na sociedade.
  - ✓ Promover o uso de roles, espazos e expectativas segundo o xénero.
- CONVIVE-T
  - ✓ Formación do alumnado en materia de igualdade de xénero.
  - ✓ Creación da aula de convivencia e zonas de mediación.
  - ✓ Potenciar as relacións entre iguais e as dos alumnos con nee mediante o xogo nos patios de recreo.
  - ✓ Concienciar e implicar ás familias nun cambio de actitude cara a cooperación e o traballo colaborativo entre iguais.
  - ✓ Fomentar a educación emocional para a mellora da xestión das emocións.
- INCLÚE-T
  - ✓ Actividades para o coñecemento do novo alumnado, das súas culturas, linguas, costumes, xogos,...
  - ✓ Medidas que favorezan a empatía e a resposta solidaria, tutoría entre iguais.
  - ✓ Creación de patios dinámicos e coeducativos.
  - ✓ Deseño universal da aprendizaxe: Creación de ambientes de aprendizaxe onde a norma sexa a diversidade e non a excepción.
  - ✓ Traballo da educación emocional, empoderar a todo o alumnado creando entornos acolledores e seguros e con actividades cooperativas e en equipo.
- EMOCIÓNNA-T
  - ✓ Identificación dos distintos estados emocionais que poden presentarse
  - ✓ Realización de xogos interactivos na aula e entre distintos grupos do centro de maneira virtual ( Scape room, kahoot...)
  - ✓ Aproveitamento dos espazos abertos. Realización de actividades, sempre que sexa posible, en espazos abertos e ao aire libre.
  - ✓ Traballo das emocións dende as áreas artísticas que permitan a creación libre, sen interpretación nin xuízo, para a extereorización das emocións.
  - ✓ Implementación de pautas polo profesorado para a validación de emocións: acompañar na emoción supón axudarlle a poñerlle nome e transmitirle que é natural sentila e ofrecerlle recursos para afrontala sen evitar nin rexeitar nunca a emoción.
  - ✓ Realización de dinámicas tipo círculos restaurativos.: esta dinámica permite xestionar os conflitos reforzando o vínculo entre o alumnado e o profesorado, ademais de potenciar un clima favorable para a expresión emocional dende o diálogo e o respecto.
  - ✓ Promoción de tertulias dialóxicas. Esta dinámica permite a exposición e interacción a través das lecturas , e da súa reflexión, de situacións propias e de emocións, potenciando a autoestima e a mirada introspectivas.

- ✓ -Traslado de pautas ás familias: practicar a separación e autonomía, transmitir tranquilidade ao neno/nena; cumprir as promesas; xerar unha visión positiva da escola; despedidas breves, decididas, afables, curtas e sereas e recomendación de contos e outros documentos para ler xuntos

#### 4. MEMORIA ECONÓMICA:

A cantidade aportada para a realización das diferentes actividades foi de 800 euros por programa, aínda que nalgúns casos o orzamento asignado foi insuficiente e tivo que asumir o centro educativo algún pago.

#### 5. PARTICIPANTES

Nos proxectos colaborou a maioría do profesorado e alumnado do centro, implicándose de xeito directo nas tarefas establecidas en cada momento.

## **MEMORIA CP-INNOVA**

### INTRODUCCIÓN

En busca da continuidade dos anos anteriores, e de acordo coa convocatoria dos contratos Programa por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dende o CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza tentamos para o curso 2022/ 23 propoñer un programa de centro para a mellora do éxito escolar que nos leve ao desenvolvemento integral do alumnado, tanto nos aspectos académicos como emocional e social, centrándonos nos aspectos máis deficitarios que amosan os nosos alumnos e alumnas.

Estes déficits son recoñecidos a través da información recollida en cursos anteriores mediante a observación directa do alumnado nos diferentes espazos do centro e mediante as reunións e comisións de traballo do profesorado. Consideramos que as grandes diferenzas que poden presentar os nosos alumnos tanto na súa realidade social, afectiva, económica e mesmo cognitiva fan necesario que o profesorado, e o centro en xeral, se comprometa na busca de solucións, adaptadas para aqueles alumnos e alumnas que debido ás súas circunstancias os leven a perder posibilidade de maior crecemento persoal e intelectual.

Con esta medida cremos que conseguiremos facer que este alumnado atope nela unha maneira de suplir carencias e dificultades diante do traballo persoal e a consecución das competencias. Buscamos ademais potenciar os talentos individuais, facilitando os recursos educativos para que o alumnado chegue o máis lonxe posible.

Pretendemos desde o centro desenvolver estratexias baseadas nas 5 dimensións fundamentais establecidas pola axenta 2030, como as persoas, a prosperidade, o planeta, a cooperación colectiva e a paz. e favorecer a mellora da calidade administrativa no centro.

### OBJECTIVOS

Tendo en conta as debilidades e fortalezas que detectamos no centro establecemos para o programa de centro os seguintes obxectivos:

- 1) Incrementar o rendemento escolar do alumnado mediante destrezas, integrando aprendizaxes, aplicando estratexias metodolóxicas innovadoras que motiven ao noso alumnado.
- 2) Mellorar a toma de conciencia para que coñezan as súas posibilidades e superen as posibles dificultades de aprendizaxe favorecendo a autoestima, intentando mellorar a relación alumnado-centro.
- 3) Exercitar a atención , concentración e a escoita ante as actuacións dos /das demais , favorecendo a autonomía do alumnado a través de estratexias de traballo en grupo, sendo a coeducación un elemento fundamental na vida do grupo.
- 5) Impulsar o desenvolvemento do pensamento científico-técnico do alumnado desde as diferentes materias e áreas, guiándoo do concreto ao abstracto e potenciando a reflexión.
- 6) Mellorar o hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado en cada unha das linguas obxecto, así como a comprensión lectora e aumentar, tanto a produción escrita como a calidade dos escritos, así como lograr ver a funcionalidade deses textos.
- 7) Desenvolver unha mellor competencia matemática en cálculo, razoamento matemático, e resolución de problemas que poidan posteriormente aplicar á súa vida diaria.
- 8) Implicar ás familias no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos tanto no facer no fogar como no centro.

#### INDICADORES DE LOGRO:

- 1) Mellora do rendemento académico do alumnado a final de curso comparándoo co inicio do programa.
- 2) Mellora da toma de conciencia do alumnado para que coñeza as súas posibilidades e superen as posibles dificultades de aprendizaxe favorecendo a autoestima.
- 3) Mellora da atención , concentración e a escoita ante as actuacións dos /das demais , favorecendo a autonomía do alumnado a través de estratexias de traballo en grupo, sendo a coeducación un elemento fundamental na vida do grupo.
- 4) Implicación das familias no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos tanto no facer no fogar como no centro, fomentando diferentes actividades e tarefas que impliquen o uso das destrezas adquiridas para mellorar as competencias.

#### MEDIDAS ESTABLECIDAS:

##### A) EDUINNOVA

1. Fomento da autonomía do alumnado potenciando a mellora da autoestima e as súas capacidades resolutivas e de seguridade.
2. Potenciación do cálculo mental, o razoamento abstracto e a resolución de problemas aos que o alumnado debe enfrentarse na súa vida diaria.
3. Presentación de diferentes estratexias, ferramentas e métodos para que o alumnado acade unha mellora na competencia matemática.

4. Mellora da competencia lingüística mediante actividades motivadoras :Gravación de podcasts, debates telemáticos, presenciais, na radio... , narracións e dramatizacións, exposicións orais, celebración de certames literarios, ...
5. Impulso do desenvolvemento do pensamento científico-técnico do alumnado desde as diferentes materias e áreas, guiándoo do concreto ao abstracto e potenciando a reflexión.
6. Formación do profesorado, alumnado e familias sobre diferentes medios dixitais de aprendizaxe e comunicación( aulas virtuais, Edixgal, Abalar,...), así como a formación básica en procesadores de texto como o libre office,...
7. Implicación e colaboración coas familias no fomento de diferentes actividades e tarefas que impliquen o uso das destrezas que lles axuden a mellorar as diferentes competencias.

## B)EDUEXCELENCIA

1. Fomento da autonomía do alumnado potenciando os seus intereses e talentos a través da cooperación e co obxectivo de obter un produto final.
2. Crear equipos colaborativos para a posta en práctica dos proxectos establecidos tanto dentro como fóra do horario lectivo ( en tempos de lecer do comedor escolar)
3. Potenciar no alumnado a toma de decisións, posta en común, pensamento libre e que eles e elas sexan os creadores da súa aprendizaxe.
4. Presentación de diferentes estratexias, ferramentas e métodos para que o alumnado, baseándose nos seus intereses, acade unha mellora na súa aprendizaxe.

## C)EDUSAÚDE

Pretendemos que a comunidade educativa se implique directamente en levar un ritmo de vida activo e unha alimentación saudable, tendo en conta a realidade actual derivada da pandemia mundial que estamos a sufrir.

As medidas que adoptaremos serán:

- 1-Adaptación das actividades motrices no tempo de recreo en consonancia co prortocolo oficial da Consellería.
- 2-Ofrecemento ao alumnado dunha ampla variedade de xogos e actividades susceptibles de ser practicadas no seu tempo de lecer.
- 3- Colaboración coas familias asesorándoas en materia de exercicio físico e alimentació saudable no contexto actual.
- 4-Información ao alumnado e comunidade educativa en estilos de vida activos en consonancia coa realidade educativa actual

## D) EDUSOSTIBILIDADE

As medidas que se queren implementar estarán relacionadas en torno a 5 elementos básicos propostos na axenda 2030: :Persoas (pobreza, fame, saúde, educación, xénero e agua), Prosperidade (enerxía, crecemento, infraestruturas, desigualdade), Planeta (ciudades, consumo, cambio climático, océanos, medio ambiente), Paz e Alianzas.

- 1.Preparar charlas formativas para o alumnado e as familias que desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible.
- 2.Analizar o cambio climático e as consecuencias na nosa contorna.
- 3.Construír un centro seguro e inclusivo,análise de entornos próximos,,que podemos facer nós para melloralos?
- 4.Actividades de concienciación para a conservación e recuperación de entornos terrestre e mariños.
- 5.Seguir traballando as 3R tentando traspasar os límites do centro educativo.

## E) EDUCALIDADE

- 1.Atender ás necesidades de medios tecnolóxicos que permitan o incremento da competencia dixital.
- 2.Impulsar a creación dunha aula multifunción tecnolóxica e inclusiva ,onde convivan elementos tecnolóxicos, xogos, libros,, que permitan a formación e a mellora das competencias dixitais.
- 3.Colaborar coas familias a través da ANPA do centro no uso da tecnoloxía para que sirva como canle de comunicación e formación que nos permita superar barreiras de comunicación e que iguale a todos os membros da comunidade .

## MEMORIA ECONÓMICA

A cantidade aportada para a realización das diferentes actividades foi de 800 euros por programa, aínda que nalgúns casos o orzamento asignado foi insuficiente e tivo que asumir o centro educativo algún pago.

## PARTICIPANTES

Nos proxectos colaboraron a maioría do profesorado e alumnado do centro, implicándose de xeito directo nas tarefas establecidas en cada momento

## MEMORIA PROA+ 2022/23

### **1. Identificación do centro e da persoa docente.**

CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza.

Aida Calviño Lorenzo

### **2. Organización e desenvolvemento do programa.**

## 2.1 Alumnado beneficiario do Programa PROA+

Unha vez seleccionado o alumnado con necesidades para ser beneficiario do Programa PROA+, mandoúselle unha autorización ás familias para que deran o consentimento ó docente PROA+, para levar a cabo o reforzo con este alumnado.

Os nenos e nenas que reciben apoio pola miña parte, son alumnos do terceiro ciclo de Educación Primaria.

O número de alumnado por curso é o seguinte:

Curso	Número de alumnado
5ºA	6
5ºB	2
6ºA	5
6ºB	5

## 2.2. Distribución horaria

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
6ºA			6ºA	
5ºB			5ºB	5ºB
6ºB			D.O.	5ºA
5ºA			5ºA	6ºB
				6ºA

A distribución horaria repártese en tres días, xa que se trata dunha xornada reducida, durante o horario lectivo.

Os alumnos/as de 5ºA, 5ºB e 6ºA son beneficiarios do programa PROA+ cunha distribución de tres sesións semanais e o alumnado de 6ºB de 2 sesións, dentro da aula ordinaria.

### **2.3. Coordinación co Equipo Docente.**

Establécese unha estreita relación cos titores, a xefa do Departamento de Orientación, así como con outros profesionais do centro, co fin de acadar o máximo o desenvolvemento das capacidades e competencias do alumnado. Deste xeito, garantimos unha axeitada atención á diversidade.

Fixemos reunións semanais para poñer en coñecemento os progresos do alumnado.

### **2.3. Participación das familias.**

Desde o comezo do programa PROA+, que se lle enviaron as autorizacións ás familias para que os seus fillos foran partícipes, mostraron unha boa actitude.

## **3. Metodoloxía empregada.**

A miña intervención como docente PROA+, foi case no seu total, dentro da aula ordinaria, desta maneira favorécese a inclusión do alumnado e as relacións entre iguais. Pero cando foi necesario, realizáronse sesións fóra da aula, para así proporcionar unha atención máis concreta.

Levou a cabo unha metodoloxía activa, participativa, motivadora e de cooperación. Sempre tendo en conta as características individuais de cada neno e nena.

## **4. Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos, atendendo aos seguintes indicadores:**

a) Porcentaxe de alumnado implicado que mellora o seu rendemento académico nas materias obxecto do reforzo (1-100)

<b>Materia</b>	<b>5ºA</b>	<b>5ºB</b>	<b>6ºA</b>	<b>6ºB</b>
<b>L. Galega</b>	x	50%	90%	80%
<b>L. Castelá</b>	85%	50%	90%	100%
<b>Matemáticas</b>	x	50%	100%	80%
<b>Ciencias Sociais</b>	80%	x	x	x

b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na avaliación final (1-100)

<b>Materia</b>	<b>5ºA</b>	<b>5ºB</b>	<b>6ºA</b>	<b>6ºB</b>
<b>L. Galega</b>	x	50%	90%	60%
<b>L. Castelá</b>	90%	50%	90%	60%
<b>Matemáticas</b>	x	50%		
<b>Ciencias Sociais</b>	80%	x	x	x

Cabe destacar unha mellora na porcentaxe de adquisición das competencias, responsabilidade, actitude cara o traballo e implicación nas tarefas, Pero a pesar disto, nalgúns casos, non foi suficiente para lograr a avaliación positiva.

c) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes co proxecto e traballo desenvolto: 100%

d) Grao de satisfacción do alumnado e familias co programa desenvolto: o 85% do alumnado está moi satisfeito e o restante está satisfeito. O 100% das familias están satisfeitas co programa.



## **5. Avaliación. Ferramentas empregadas e resultados obtidos.**

Para levar a cabo a avaliación do programa e da propia práctica docente, valorouse a adquisición de contidos e o logro dos obxetivos, así como os indicadores de avaliación, redactados en función dos obxetivos propostos:

- ✓ Favoreceuse o traballo en equipo, colaborativo.
- ✓ Preveuse o abandono educativo.
- ✓ Apoioase ao alumnado para un mellor rendemento académico.
- ✓ Incidiuse sobre as dificultades que non permitían conseguir os obxetivos.

Para a avaliación usei ferramentas como a observación directa, as producións e tarefas escritas do alumnado. Por outra banda, recolleuse a opinión nas distintas reunións de ciclo e departamento de orientación, nas cales se valoraron as medidas de atención á diversidade, así como a realización dunha enquisa sobre o grado de satisfacción.

### **CINEMA NA AULA**

#### **INTRODUCCIÓN:**

A día de hoxe o cinema é unha das moitas maneiras coas que as persoas se poden distraer, podendo consideralo como unha das moitas formas de lecer tanto para adultos como para os nenos e nenas. Pero tamén é posible que o alumnado poida aprender diferentes coñecementos, valores, normas de comportamento, a través das películas.

#### **OBXECTIVOS:**

1. Fomentar a capacidade crítica no alumnado con respecto aos contidos, roles, valores maneiras de comportarse e actitudes que aparecen nas películas.
2. Incrementar a aprendizaxe por parte do alumnado de diferentes contidos .

3. Coñecer que existen películas en versión orixinal.

4. Promover que o alumnado sexa autocrítico.

5. Mellorar o nivel das competencias a través do cinema e dos traballos realizados a partir de diferentes películas.

#### CONTIDOS:

1. Mellora da capacidade crítica do alumnado con respecto a distintos roles, valores, maneiras de comportarse, ¿que aparecen nas películas.

2. Aprendizaxe de diferentes contidos transversais.

3. Mellora do nivel de competencias.

4. Realización de diferentes actividades relacionadas coas películas visionadas.

5. Goce do cinema como unha actividade de lecer.

#### METODOLOXÍA, TEMPORALIZACIÓN E ACTIVIDADES :

Atendendo á diversidade e a DUAO detectamos que o uso de películas na aula é un dos avances máis innovadores xa que se pretende fomentar a curiosidade cara a algún contido que queremos traballar na aula. En canto á metodoloxía de traballo coas películas realizaranse actividades tanto individuais como grupais e teremos en conta tres momentos concretos: antes da proxección, durante a mesma e despois.

#### AVALIACIÓN

En canto á avaliación teremos en conta:

. Grao de implicación e goce do alumnado no visionado da película.

. Grao de consecución dos contidos traballados na película.

## PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “SPRING WEEK”.

O alumnado do noso centro participou no programa Spring Week no Centro de Inmersión Lingüística nos Peares na 9ª quenda ( 11- 17 de xuño).

### XUSTIFICACIÓN NA PARTICIPACIÓN

No momento en que solicitamos este programa considerábase que o coñecemento dos problemas ambientais é un primeiro paso para concienciarnos da súa importancia e así reclamar a participación en acción para a protección e recuperación da natureza.

A nosa experiencia na participación neste programa da Consellería de Cultura Educación, Formación Profesional e Universidades proposto pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, resultou moi positiva para o noso alumnado en canto ao contexto onde se desenvolveu ( Os Peares ) e en canto a contidos que permitiron traballar e concienciarse na importancia da protección e recuperación da natureza.

O entorno natural contribuíu a que ensinanza-aprendizaxe resultara moi significativa.

### OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE PREVISTOS E COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS

Melloráronse a Competencia Lingüística ( en inglés ), a de Aprender a Aprender, a de Iniciativa e Espírito Emprendedor e o desenvolvemento da Competencia Plurilingüe.

Os obxectivos marcados polo centro para a competencia da lingua estranxeira inglesa foron.

- a) Adquirir a competencia comunicativa básica. ACADADO.
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia. ACADADO. PLENAMENTE ( ningunha persoa do noso alumnado abandonou o programa ).
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal.. ACADADO.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía en múltiples ámbitos. ACADADO.

### INDICADORES DE LOGRO

- 1- Identifica o sentido xeral e información esencial en textos orais sinxelos e breves. O 100% do noso alumnado acadouno.
- 2- Participa de maneira simple e comprensible en conversa breves sobre temas da contorna inmediata. O 100% do noso alumnado acadouno.
- 3- Identifica aspectos socioculturais e sociolingüísticos sobre a vida cotiá , relación interpersoais. O 100% do noso alumnado acadouno.
- 4- Recoñece aspectos socioculturais e sociolingüísticos concretos e significativos. O 100% do noso alumnado.

### OUTRAS VALORACIÓNS

#### INSTALACIÓNS

As/os 24 alumnas /os que participaron xunto co mestra de Lingua Inglesa, disfrutamos dunhas **amplas instalacións á beira do río Miño , preto da desembocadura do Sil e do río Bupal.**

Estas estaban divididas en bloques correspondentes a distintos fins: **no aulario** tivo lugar a ensinanza aprendizaxe en Lingua Inglesa dos contidos relacionados co coidado do Medio Ambiente: sostibilidade, enerxías renovables, recursos naturais,...; **na Canteen** facíamos as tres comidas principais do día : have breakfast, have lunch and have dinner, tamén serviu de lugar de exposición do proxecto feito polos alumnos e de discoteca o venres; **nos bloques de habitacións** hospedáronse os nenos/as. As mestras e os mestres acompañantes dormimos na casona a uns metros preto de alí. **Outras instalacións** serviron

para xogar e realizar actividades lúdicas en xeral.

### **MONITORAS E MONITORES**

Contamos cun bo equipo de monitoras e monitores nativas e nativos de distintos países anglosaxóns: Reino Unido, Filipinas, Canadá,...dirixidos por Xavi Edwards. Teño que destacar a eficiencia, empatía e responsabilidade do mesmo. Compartía información importante día a día referida ao desenvolvemento do programa e mostrou sempre unha actitude receptiva, resolutiva e empática.

### **COCIÑA**

Gozamos de boa comida, ben feita e feita con cariño polo equipo de cociña.

### **ALUMNADO**

Dado que no noso Colexio fixeramos un traballo previo referido aos contidos tratados nos Peares, resultoulles familiar, doado e produtivo a ensinanza- aprendizaxe dos mesmos .

Ademais do **aspecto docente**, destacaría o **aspecto lúdico** así como o **aspecto social** . A convivencia e socialización con outro alumnado de 9 diferentes colexios é sempre moi enriquecedora: interactuaron e interrelacionáronse sendo esta unha interesantísima forma de aprendizaxe.

### **PROPOSTAS DE MELLORA**

- 1- Habilitar un espazo exterior chan onde poder realizar deportes en equipo e fomentar aínda máis o valor da socialización .
- 2- Diminuír o uso do móbil.
- 3- Organizar máis saídas polo entorno onde se desenvolva o programa.
- 4- Melloras na rede de telefonía ( tivemos dificultades de conexión na estancia do profesorado).

**Como conclusión , a valoración na participación no Programa de Inmersión Lingüística foi moi Positiva . Cremos que é un programa que merece darlle continuidade .**

### **MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O EACE estivo formado, durante este curso, polos coordinadores de equipos e de ciclos:

- Coordinadora EACE: María Dolores Cancela Bouzas
- Fernando Pintos Recarey
- Olaia Novo Pérez
- Yaiza González Panceira, substituída por Belén Fernández Vázquez
- César Ramos Domínguez
- Fernando González Bao
- Sandra Fraga Leis, substituída por María de Francisco García
- María del Carmen García Espasandín

#### Avaliación das actividades realizadas

Ao longo do curso leváronse a cabo a gran maioría das actividades complementarias e extraescolares que se programaran. Tamén, tiveron lugar outras moitas que foron xurdindo e organizándose desde os diferentes equipos docentes. Todas elas conseguiron desenvolver os obxectivos propostos e se realizaron con éxito. A participación do alumnado e a colaboración das familias foron salientables.

A medida que se foron realizando as actividades, foise subindo, na páxina web do centro, material gráfico das experiencias. Algúns exemplos pódense comprobar nos seguintes enlaces:

- 1º Trimestre:

Samagosto [SAMAGOSTO 11/11/22 - Agueiro \(xunta.gal\)](https://www.xunta.gal/samagosto-11-11-22-agueiro)

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller [25N - Día Internacional da Eliminación da](#)

[Violencia contra a Muller - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Carreira pedestre comarcal na Baña (2 de decembro) [Campo a través - 02/12/22 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Día Internacional das Personas con Discapacidade [Mes das persoas con discapacidade do 3 ao 23/12/22 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

RCP nas aulas [RCP nas aulas - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Saída ao cine [Imos ao cine - 19/12/22 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

- 2º Trimestre:

Taller de animais invertebrados [Mundobichos - Taller toca toca - Do 16 de xaneiro ata o 24 de Xaneiro - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Taller planetario [Planetario no Barrié 30 e 31 de xaneiro de 2023 e 01 de febreiro de 2023 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Taller de abellas [Abellas na escola - 10/02/2023 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Entroido [Entroidos Patrimonio Mundial - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Taller de relaxación "5 ritmos" [loga curso 22-23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Visitas a explotacións gandeiras [El visita explotacións gandeiras 27, 28 e 28 de marzo de 2023 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Día Internacional da Muller [PLAMBE - 8M curso 2022-23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

- 3º Trimestre:

Excursión a Allariz do alumnado de 6º [Excursión a Allariz 6º EP 20 e 21/04/23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Semana do libro [O cucu cucou a primavera chegou 21/04/23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Saída ao Acuario de Coruña [1º e 2º de EP van ao acuario 24/04/23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Actuación de maxia [Maxia no Barrié - 04/05/23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Semana das Letras Galegas [Letras Galegas 2023 - Francisco Fernández del Riego - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Carreira solidaria [Corre pola inclusión - Barrié Solidario 19-05-23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

Saída a Fisterra do alumnado de 6ª [Visita a Fistera 6ºEP 25/05/23 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

[Excursión a Ribeira de 3º e 4º](#) [Excursión a Santa Uxía de Ribeira - 2º ciclo - 06/06/2023 - Agueiro \(xunta.gal\)](#)

## MEMORIA DO EQUIPO DE CONVIVENCIA

### INTEGRANTES DO EQUIPO

Este equipo constituíuse o 2 de setembro ao amparo *da Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.*

#### DOCENTES QUE INTEGRARON O EQUIPO

- MARÍA DOLORES NIETO CAAMAÑO, directora
- LUCÍA GESTO PARGA, orientadora
- PABLO TOJO MOURELO, especialista de Educación Física
- BORJA BOADO LÓPEZ, especialista en Audición e Linguaxe.
- MARÍA ISABEL PRADOS GARCÍA, especialista en Relixión Católica

- COORDINADORA: YAIZA GONZÁLEZ PAINCEIRA, especialista en Audición e Linguaxe.(sustituída dende xaneiro por BELÉN FERNÁNDEZ VÁZQUEZ)

## **XUSTIFICACIÓN**

Atendendo ao disposto na Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, modificada pola Lei 8/2013 de 9 de decembro, a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e Decreto 8/2008 do 8 de xaneiro que a desenvolve, enténdese a convivencia como a capacidade que teñen as persoas de vivir unhas con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Ten polo tanto un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e , á súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade compartida.

Pola súa parte a Orde do 17 de xullo de 2007 establece unha serie de funcións que guiaron o establecemento de obxectivos e o desenvolvemento das accións que se refiren a continuación: conflitos, tomando como referencia a realidade do centro reflectida non PLAN DE CONVIVENCIA e seguindo as directrices alí establecida, este equipo propuxo desenvolver os seguintes:

### **OBXECTIVOS:**

- Revisar e difundir a través da acción tutorial as NOFC do centro.
- Trasladar aos titores a necesidade de incluír na dinámica de aula o desenvolvemento das habilidades sociais, atendendo ao recoñecemento e autocontrol das emocións e a promoción de condutas baseadas na asertividade e no respecto que permita ao alumnado desenvolver unha autoimaxe positiva.
- Desenvolver actitudes de discriminación afectiva que favorezan a empatía e a resolución pacífica de conflitos promovendo a reflexión sobre os múltiples factores que puideron incidir nos feitos e a adopción da perspectiva do outro/a.
- Coordinar as accións a nivel de centro que puidesen acompañar as distintas celebracións de obrigado cumprimento: 25N contra a violencia de xénero, día internacional das nenas...
- Atallar actitudes clasistas, xenófobas e machistas, analizando os estereotipos de xénero, as condicións que favorecen o racismo e tamén as actitudes de clase que iniben a cohesión grupal.
- Favorecer a reflexión dos titores/as sobre os nosos prexuízos implícitos en moitas accións de xeito inconsciente e no uso, sobre todo dunha linguaxe claramente sexista.
- Analizar o simbolismo e a linguaxe en relación a identidade de xénero e a liberdade sexual de xeito que se normalicen conceptos e termos que poidan favorecer a tolerancia á diversidade dende idades temperás.
- Favorecer a observación e denuncia de actitudes e accións que poidan supoñer algunha forma de violencia ou sufrimento sobre outro/a tanto por agresión como por omisión.

- Para a consecución de todos estes obxectivos desenvolvéronse as seguintes accións :

**ACCIÓNS PRIORITARIAS:** Todas elas recollidas na páxina web do CEIP Barrié de la Maza.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/>

25N - Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=83220>

Mes das persoas con Discapacidade do 3 ao 23/12/22

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=84464>

Día Internacional contra o acoso escolar 2 de Maio.

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=95381>

Todas as actividades levadas a cabo , así como suxerencias e propostas de traballo están nos enlaces correspondentes a cada conmemoración.

#### **RECURSOS:**

Materiais difundidos por entidades sen ánimo de lucro: sindicatos. Ongs, materiais do Proxecto Donas de Si, Maletas viaxeiras do CAFI, documentais, vídeos didácticos, fondo de libros da biblioteca, radio escolar, páxina web do centro, nais e país do centro, ENTIDADES EXTERNAS MUNICIPAIS E PRIVADAS, ...

#### **PROPOSTAS DE MELLORA**

- REALIZAR UN PLAN DE ACTIVIDADES consensuado QUE FAVOREZAN A ABORDAXE DOS ASPECTOS QUE SE VAIAN TRABALLAR DURANTE O CURSO DENDE A ACCIÓN TITORIAL.
- Concienciar, ACHEGAR e invitar ao claustro a compartir RECURSOS FUNCIONAIS PARA O TRABALLO EN AULA das habilidades sociais a xestión dos conflitos. (Ti decides, Dragóns, ratos e persoas de verdade, programas tipo Educación responsable, recursos propostos por “Aldeas Infantiles” e, como non, recursos de creación adhoc creados polo propio centro, bibliografía e material audiovisual, filmografía...)
- Diseñar un protocolo con actividades de acollida para alumnado de incorporación tardía procedente doutros países, outras comunidades autónomas e mesmo outros centros da mesma ou distintas localidades
- DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS PROACTIVAS CONTRA O ACOSO ESCOLAR.

- PROPOÑER A CONSTITUCIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA E AULA DE REFLEXIÓN PARA O MANEXO DE ALUMNADO CON PROBLEMAS DE CONDUTA QUE POIDAN REQUERIR DO SEU USO BAIXO UN PROTOCOLO DE SEGUIMENTO POR PARTE DO D.O. e o Equipo directivo.
- Atender aos indicadores da nova realidade que nos toca vivir e que poden condicionar a convivencia co establecemento de protocolos susceptibles de ser cumpridos por toda a comunidade educativa...
- AFONDAR NO USO RESPONSABLE DAS NOVAS TECNOLOXIAS E REDES SOCIAIS polo perigo potencial que constitúen para o noso alumando.

### **MEMORIA XORNADA MIXTA**

Unha vez celebrada a votación para establecer o proxecto de xornada mixta no centro, os resultados acadados non chegaron á porcentaxe establecida.

Valoramos como moi negativa a participación e o número de votos favorables emitidos.

### **ACTUACIÓN DE FIN DE CURSO 2021/2022**

O día 21 de xuño como colofón do curso participamos nunha actuación organizada polo concello de Santa Comba de Xoán Curiel para todos os centros do concello.



**CONTA DE XESTIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2022****COMEDOR ESCOLAR:**

Remanente real do ano anterior	4.556,66
Ingresos do 2022	157.960,57
Ingresos 2022 + Remanente	162.517,23
Saldo actual a 27/01/23	<b>823,71</b>
Gastos totais do ano 2022	171.829,94
Gastos correspondentes ao exercicio 2022	161.693,52
Saldo da conta a 31 de decembro de 2022	<b>7.631,47</b>
Gastos de 2023 correspondentes ao exercicio 2022	6.807,76
<b>Remanente real que se incorpora ao 2023</b>	<b>823,71</b>

**INGRESOS CONTA DE MANTEMENTO DO CENTRO:**

Remanente real do ano anterior	119.881,04
Gastos de funcionamento	46.287

Efectivo para excursións + Carreira solidaria	7903,4
RecuperaT PROA	347,56
Rede Galega de educación Dixital	12.104,18
Aprendizaxe linguas estranxeiras	581
Plan Benestar Emocional	262,45
Programa auxiliares de conversa	186,00
Proxectos fomento uso do galego	416,00
Fondo Solidario Libros de Texto	7.630,00
Gastos de Funcionamento NEAE	1.040,00
PLAMBE	4180
Seccións bilingües	375,00
Contratos Programa CPINCLÚE	3.775,46
Programa innova	4.000,00
Rede de centros Plurilingües	503,00
Desenvolvemento Plan Proxecta	300,00

Aprendizaxe de linguas estranxeiras spring week	10.000,00
Devolucións por erro	1439,47
<b>Total ingresos ano 2022</b>	101.330,52
<b>Total ingresos ano 2022 + remanente real 2021</b>	221.211,56

### **GASTOS CONTA DE MANTEMENTO DO CENTRO**

Gastos	
Saldo da conta a 31 de decembro de 2022	<b>116.239,26</b>
Gastos correspondentes ao exercicio 2022	106.214,20
Gastos de 2023 correspondentes ao exercicio 2022	1.241,90
Remanente real que se incorpora ao 2023	<b>114.997,36</b>

### **GASTOS ANO 2022 DESGLOSADOS**

Arrendamientos	-
Reparacións	13.483,89
Material de oficina	31.498,51
Comunicacións	758,99
Subministracións	20.530,87
Transporte	5.385,65

Traballos realizados por outras empresas	14.078,87
Primas de seguro	434,14
Tributos	320,45
Axudas a custo e locomoción	1.276,04
Gastos diversos	4.076,03
Mobiliario e utensilios inventariables	14.370,76
Outros inventariables	-
TOTAL	106.214,20

## INFORME DO CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar reunido en sesión extraordinaria do 28 de xuño de 2023, emite informe favorable á presente memoria, constando en acta este acordo.

Santa Comba, a 6 de xullo de 2023.

A Presidenta do Consello Escolar

O Secretario

M<sup>a</sup> Dolores Nieto Caamaño

César Ramos Domínguez